



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 80

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 7 de outubro de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia - 09/DEBA-000002 (27295)

Publicación, BOPG núm. 342, fasc.1, do17.09.2014

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 3.)

A señora presidenta anuncia que a sesión se retomará ás catro da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 23.)

Suspéndese a sesión ás once e corenta e sete minutos da mañá e retómase ás catro da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 23.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 28.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 35.), *Sr. Méndez Romeu (S)* (Páx. 42.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 48.)

A señora presidenta comunícalle á Cámara que se vai producir unha interrupción da sesión plenaria durante uns minutos. (Páx. 55.)

Suspéndese a sesión ás sete da tarde e retómase ás sete e trece minutos.

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 55.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 68.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 70.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 73.), *Sr. Méndez Romeu (S)* (Páx. 76.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 78.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 80.)

A señora presidenta informa do prazo de presentación das propostas de resolución subseguintes ao debate, que será antes das dez e media de mañá mércores, día 8 de outubro, así como da seguinte sesión plenaria, o xoves, día 9, ás once da mañá.

Suspéndese a sesión ás nove e cincuenta e dous minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

(Pausa.)

Bos días de novo.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificaron a súa inasistencia os deputados don José Manuel Balseiro e dona Soledad Piñeiro.

E, señorías, polo tanto entramos na orde do día, que, como vostedes saben, consta dun punto único.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a súa primeira intervención, o presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señora presidenta.

Señora presidenta, señoras e señores deputados do Grupo Mixto, do Bloque Nacionalista Galego, da Alternativa Galega de Esquerda, do Partido Socialista e do Partido Popular de Galicia, asistentes á tribuna que nos honran coa súa presenza, galegas e galegos, hai algo menos dun ano iniciiei a miña intervención nesta Cámara recoñecendo o comportamento que os cidadáns da nosa terra sempre demostran nos momentos extraordinarios. A traxedia de Angrois era entón un exemplo recente que, ademais dunha inmensa dor polo ocorrido, volvera ensinar ao mundo, e a nós mesmos, a través da nosa resposta colectiva, a mellor cara do que somos.

Mais as galegas e os galegos tamén ofrecen a diario, co seu acontecer cotián, unha escolma humana que nos permite ver un país fecundo en referentes. Para min é un orgullo ser presidente desa Galicia, é unha honra volver comparecer aquí como representante de todos os cidadáns que día a día dan o mellor de si mesmos para gañar o futuro.

Pensemos nas profesoras que ensinan todo o que saben para que os alumnos acaben sabendo máis ca elas; pensemos nas doutoras que buscan o tratamento máis axeitado de cara aos seus pacientes; non esquezamos os labregos que non descansan ata conseguir a mellor colleita; pensemos nas emprendedoras que arriscan os seus cartos para crear postos de traballo, e, sen dúbida, pensemos nos obreiros que contribúen a xerar valor na industria. Ningún deles é máis importante ca outro, todos son imprescindibles para o conxunto.

É por iso que penso un por un nesas mulleres e homes que, cada quen no seu labor, contribúen a legarlles aos fillos unha terra mellor da que recibiron. Grazas a todos eles, a todos os galegos sen distinción, hoxe podemos dicir que esta tarefa, sen estar rematada, comeza a ter recompensa.

O balance que resume o estado da Autonomía non é diferente do que recolle o sentir do país. Hoxe temos unha Galicia mellor que a que tiñamos hai un ano, con máis emprego –un total de 22.530 persoas abandonaron as listas do paro nos últimos doce meses–, cunha economía que se dirixe ao crecemento despois de catro trimestres consecutivos crecendo e con máis confianza en nós mesmos e no futuro.

É a primeira vez en toda a crise –a primeira dende 2007– que un presidente da Xunta pode comparecer neste debate con mellores datos de emprego que o exercicio anterior. Galicia inicia o avance cara á recuperación, aínda que isto non significa, en ningún caso, que chegásemos ás metas perseguidas.

Todos temos o noso círculo máis próximo, moitas persoas que aínda se ven golpeadas pola crise dos últimos anos, cidadáns que queren contribuír á prosperidade desta terra, pero que non atopan como ou que se ven privados do seu dereito ao traballo. É por eles, señorías, polos 238.203 galegos e galegas que sofren o paro, polos que estamos hoxe aquí, en primeiro lugar.

Propoñolles, empezando por min mesmo, que reparemos nas butacas que conforman este hemiciclo; agora pensemos no significado que teñen e reflexionemos sobre a súa utilidade. Se erguen a vista e ollan cara o que hai sobre elas, comprobarán que son algo máis que un bo lugar para sentar, vemos que son os galegos os que están aquí representados na figura de cada un de nós. Neste Parlamento eu vexo ducias de cidadáns comprometidos co seu pobo que teñen a honra de servilo do xeito máis nobre posible, a través da política. A pregunta é, ¿e que ven os galegos?

Estou seguro de que todos vostedes comparten comigo o orgullo que supón formar parte desta Cámara e a importancia que, como partícipes da mesma, ten o noso labor. Mais a realidade que percibe unha parte da cidadanía probablemente sexa algo distinto.

Señorías, este é un lugar para debater, para discrepar, para contrapor ideas e propostas, pero persistir no enfrontamento constante, e mesmo perder as formas, fainos indignos do apoio dos galegos e afástanos deles. Respectarnos entre nós é o primeiro deber que temos para que os galegos nos respecten, e por iso é o primeiro que debemos facer. A exemplaridade dos nosos comportamentos non é só unha obriga como representantes, senón que constitúe todo un acto de xustiza cos nosos representados.

Os galegos, e antes aludín, como os galegos están á altura das circunstancias, nós temos a obriga de estar á altura dos galegos.

Ninguén dubida que a Galicia de hoxe é un país plural, pero solidamente cohesionado. Por iso temos que traer ao Parlamento a mellor faciana que nos ofrece a rúa, só así conseguiremos que a serenidade e a responsabilidade que caracteriza aos galegos obteña na Cámara unha resposta axeitada. Eles, e soamente eles, son, co seu voto, os que fan posible que neste intre, ás dez e once minutos desta mañá do 7 de outubro do ano 2014, eu estea a falar dende este estrado como presidente de Galicia, co apoio da súa maioría, e que cada un de nós teñamos a honra de ocupar un destes asentos.

Non o esquezamos, os cidadáns son o principio, pero tamén o fin da nosa tarefa, o alfa e o omega da democracia. Por iso lles pido que nunca convertamos os escanos en meras butacas e que manteñamos este Parlamento como o

que é: a casa de todos os galegos e de todas as galegas. *(Aplausos.)*

Señorías, a mesma democracia que nos lexitima é a que nos obriga a mellorar se queremos que siga a ser útil para o pobo e tamén o seu propio reflexo. Non cabe dúbida de que vivimos un tempo novo, no que as palabras de Roosevelt cobran máis sentido ca nunca: “Unha gran democracia debe progresar ou pronto deixará de ser grande ou deixará de ser democracia”.

Señorías, é ben sabido que Galicia é un país territorialmente pequeno, pero os galegos fan del unha gran democracia. Debemos responder ás súas expectativas coa responsabilidade que nos exige a tarefa que nos encomendaron nas urnas, e hai unha vía para facelo. Fronte aos que aproveitan os erros no funcionamento da democracia para facer unha emenda á totalidade do sistema, os demócratas só temos unha alternativa: resolver as eivas da política con máis e mellor política.

De nada serve limitarse a un non por resposta cada vez que o Goberno cumpre co seu mandato legal na procura da iniciativa política, ou conformarnos, simplemente, con expresar as nosas discrepancias sen chegar a ningunha conclusión que poida redundar nunha mellora real para a cidadanía. Quedar cos brazos cruzados non é unha opción á altura do país que temos detrás, non é o que os cidadáns agardan de nós, e, señorías, non os debemos defraudar.

Gustárame aproveitar este debate para traballar na procura dun pulo democrático, dun pulo democrático que faga a todos os galegos partícipes do proxecto común que estamos a debater aquí. Teñen vostedes a man tendida do Goberno. Se queremos que a democracia teña utilidade para os cidadáns que están aí fóra, témoslles que dar os cidadáns que estamos aquí dentro. A política só ten sentido na medida en que resolve os problemas da xente e esta pode sentirse identificada e representada nela. Para iso fomos elixidos nas urnas, unha gran honra que supón unha gran responsabilidade.

Hoxe todos os cidadáns teñen dereito a consultar o patrimonio dos que desempeñamos unha elevada responsabilidade no Goberno da Xunta. Hoxe hai un código ético en vigor da Xunta que vai máis aló das exixencias legais. Elimináronse os

coches oficiais para os altos cargos e só se manteñen os dos membros dun goberno menos numeroso. Inverteuse a tendencia da administración paralela e reduciuse a niveis do ano 2003. Os límites para a adxudicación directa de contratos son o dobre de exixentes que antes, e agora os concellos están obrigados a render contas ante os organismos fiscalizadores para poder acceder ás axudas e ás subvencións da Xunta.

Son moitas as reformas que adoptamos no ámbito das administracións para adaptarnos aos tempos e volver ao sentido común. Nos últimos anos houbo avances, pero debemos exiximos máis.

O compromiso deste Goberno é claro e pasa por un impulso democrático que continúe este labor e traia ao Parlamento o que xa é unha realidade na rúa: a democracia avanza cos cidadáns e nós temos que avanzar con eles.

Ao igual que fixemos no ano 2009 anticipándonos ás reformas económicas que todas as administracións, sen excepción, adoptaron despois, a Galicia de 2014 debe aspirar tamén a estar por diante revitalizando a democracia. O que lles proponho é un impulso democrático en todas as direccións, no que respecta ao Goberno –que garanto que así será–, pero tamén no que respecta a este Parlamento ou aos partidos. Estas dúas últimas deben ser tarefa de todos.

Un impulso democrático que no ámbito do Goberno incluírá, entre outras medidas, a mellora da transparencia e dos procedementos de contratación negociados, que permitirá ás empresas coñecer os proxectos das súas competidoras e, con isto, potenciar o axuste entre as súas respectivas ofertas; limitar a capacidade de actuación dos gobernos en funcións, coa prohibición expresa de aprobar novos proxectos de leis, ou autorizar convenios, ou adquirir compromisos de gasto de gran volume e regular o traspaso de poderes, que obriga a todos os departamentos a elaborar un informe de transición que dea conta da súa situación e dos compromisos financeiros asumidos en cada departamento, ou unha nova obriga de inhibición dos altos cargos para asuntos que afecten a intereses das empresas nas que eles ou os seus familiares formasen parte dos órganos de decisión nos dous anos previos ao nomeamento de alto cargo.

Un impulso democrático que pase tamén por este Parlamento, coa creación dun novo mecanismo de participación

que habilite aos cidadáns para presentar proposicións non de lei, abundando nos avances que xa acordamos no eido das iniciativas lexislativas populares; completando o proceso de renovación das institucións estatutarias que aínda están pendentes neste mesmo mes de outubro; atribuíndo ao Consello de Contas facultades de prevención da corrupción política, na liña das propostas escoitadas na comisión creada sobre este asunto; aproveitando o debate aberto no Congreso –por proposta desta Cámara– para facilitar unha maior participación dos emigrantes, con garantías, nas eleccións. En suma, ademais da proposta sobre o número de deputados que conforman a Cámara, o que lles proponho hoxe é avanzar sobre todo na calidade, reforzando as vías de coñecemento e participación dos cidadáns.

E tamén un impulso democrático que chegue aos partidos políticos, restrinxindo os fondos dos partidos aos que en cada momento se acorde nos orzamentos públicos e aprobados, só o que apareza nos orzamentos públicos e aprobados, e á cota dos seus afiliados. E, paralelamente, cunha diminución do gasto nas campañas electorais; reducíndoas a sete días, limitando os espazos habilitados para a propaganda e aumentando e fomentando o contraste de ideas e o debate, tamén nos medios de comunicación. Medidas todas elas que podemos poñer en práctica en Galicia pola vía do pacto, anticipándonos a reformas legais que nalgúns casos poderemos traer a esta Cámara, pero que noutros corresponde á lexislación estatal.

Estou seguro, señorías, de que comparten comigo polo menos a conveniencia de negociar todas estas propostas que a cidadanía impulsa para mellorar a democracia. As galegas e os galegos non entenderían que rexeitássemos percorrer con eles o camiño que o país ten emprendido neste novo tempo.
(Aplausos.)

As pegadas do noso pobo están chegas de esperanza, pero tamén da determinación de quen pisa firme en terra firme. Hoxe podemos dicir que a singradura que deixamos atrás é tan nítida como a que está por vir. Coñecemos a ruta e estamos dispostos a percorrela xuntos.

Os galegos vivimos nun país viable, estable e orgulloso de si mesmo, pero nada disto, señorías, sería posible se o noso labor non estivese presidido pola humildade e o realismo. Humildade porque somos conscientes de que aínda resta

moito camiño por diante, e realismo porque sabemos que non o podemos percorrer nunha única etapa. Así o pensamos en 2009, cando a crise económica ameazaba o noso autogoberno e debuxaba un futuro incerto, e así o fixemos.

Sería moi doado prometer imposibles, dicirlles aos galegos que non había crise; desabotoar o pantalón en vez de apertar o cinto, pero non sería responsable. Fronte ás aventuras frustrantes que iniciaron algúns, nós continuamos a senda marcada polo pobo galego hai máis de tres décadas: a dunha utopía realizable chamada Autonomía. Ninguén dixo que fose un camiño doado, pero ninguén pode discutir que é un camiño necesario. Despois de séculos formando parte dun estado que non sempre actuou a prol dos intereses dos galegos, este país tiña dúas opcións: desvencellarse de España, ou loitar por unha España máis xusta.

Galicia puido sentirse orfa, si, pero foi quen de superar esa eiva da man da democracia e do autogoberno; da man, señorías, da nosa Constitución e do noso Estatuto. Como nacionalidade histórica este país foi membro fundador do actual Estado das Autonomías, participou na súa xestación, contribuíu ao seu perfeccionamento e referendouno democraticamente. Mais non o fixo en solitario. Xuntos, o pobo galego e os demais pobos de España fomos quen de construír un estado cohesionado, que expresa a vontade de todos e garante a liberdade de todos. Pois ben, o cuestionamento deste Estado merece unha resposta política desde Galicia. Cómpre reafirmalo de xeito decidido aquí, onde están representados todos os galegos, e agora, cando por primeira vez en democracia algúns gobernantes pretenden ameazar o noso modo e o noso marco de convivencia.

Señorías, os poderes públicos da comunidade que impugna o sistema autonómico adoitan establecer unha dialéctica interesada que non podemos aceptar. Interpelan a España, como se a España política se reducise aos órganos que conforman a Administración xeral do Estado. Falan dun estado centralista, dun país en branco e negro que nega a diversidade. Non se dan conta de que eles mesmos aínda forman parte desa fotografía, mentres que os demais hai moitos anos que decidimos darlle cor.

Opoñer unha España que xa non existe a unha Cataluña que nunca existiu é unha gran falacia, mais tamén unha gran irresponsabilidade dos que coma min, e como todos voste-

des, forman parte daquilo que, por outra banda, queren destruír. A Constitución e o Estado das Autonomías alumaron unha realidade na que Galicia e o resto das comunidades –todas– xa non forman parte desa vella España solista, senón dunha nova España coral. Non están no Estado, son o Estado. (*Aplausos.*) É por iso que calquera desafío ao sistema autonómico é unha renuncia á pluralidade que supostamente afirman defender, pero tamén supón unha afronta para o autogoberno galego; unha aldraxe que, como representantes que somos de todos e cada un dos cidadáns deste país, non podemos aceptar.

O silencio, señorías, non é unha opción. Temos a obriga de defender o modelo que os galegos elixiron, o modelo que nos permite ser o que queremos ser; e ímolo facer, mais non de calquera xeito. Farémolo como se deben facer as cousas en democracia: empregando as ferramentas que nos facilita o noso marco de convivencia. A máis importante e, seguramente, a máis desaproveitada delas é a busca do entendemento. É por iso que, dende esta casa da palabra que é o Parlamento, quixera avogar polo traballo conxunto como vía para resolver as posibles eivas que puido desenvolver o modelo autonómico ao longo destes anos.

Non seremos nós os que neguemos que hai moitos aspectos que aínda se poden perfeccionar. A Constitución ofrece marxe dabondo para satisfacer as demandas razoables, polo que estamos abertos a explorar –xunto coas demais autonomías– novas vías para seguir evolucionando na nosa arquitectura institucional. Xa se fixo ao longo destes 36 anos e non vexo impedimento para seguir facéndoo.

Mais o diálogo carece de sentido se non forma parte do cumprimento da lei e non está orientado ao acordo. Por iso resulta moi difícil conversar con aqueles que cuestionan o modelo autonómico xa non polos seus defectos, senón polas súas virtudes. Falar, debater, señorías, é unha vía para conseguir o xusto, pero nunca pode ser o pretexto para claudicar ante o inxusto.

De nada serven as propostas pensadas para unha parte en concreto se as demais estamos obrigadas a asumir as súas consecuencias sen poder participar nas decisións que as motivaron. É por iso que, ante a ausencia dun Senado que actúe como Cámara de representación territorial, sigo pensando que a Conferencia de presidentes é un instrumento

que se debería potenciar para que as diferentes comunidades poidamos expoñer neste marco multilateral os nosos puntos de vista sobre o modelo de convivencia.

Desde os albores da Autonomía, este país ten demostrado que o seu futuro pasa pola lealdade ao proxecto común, sen renunciar en ningún caso á singularidade que nos caracteriza nin á defensa dos intereses do noso pobo. Galicia sabe mellor que ninguén o que é que o Goberno de España lle dea as costas a un territorio. O exemplo máis gráfico son as grandes infraestruturas, viarias e ferroviarias, polas que empezou a preocuparse con lustros de atraso. Tamén durante esta crise se deron razóns para reecar da desconsideración co noso pobo, como que se pretenda culpar as comunidades de decisións que non son súas; obrigas de gasto fixadas no ámbito nacional que non reparan no financiamento que as comunidades precisamos para poder aplicarlas, nin se faga nada para que sexa posible executalas; como que non se respecte que os cidadáns de Galicia teñen dereito ás mesmas prestacións e servizos públicos que o resto dos españois, e que para isto é necesario que se teñan en conta seriamente as súas circunstancias obxectivas e incuestionables como o envellecemento ou a dispersión da poboación; ou como que ano a ano exixa máis cumprimento aos que cumprimos e mingüe a nosa marxe de manobra quen despois se reserva para si maiores folguras e se gaba de facer o que a nós se nos imposibilita facer.

Pero, señorías, os galegos nin concibimos nin concibiremos o autogoberno como unha arma para combater o Estado, senón coma unha ponte que nos permite ser parte del en igualdade de condicións cos demais cidadáns que o conforman. *(Aplausos.)* Así a nosa obriga, señorías, é levar á política a convivencia e os vencellos de solidariedade que existen na rúa en toda Galicia, en toda España, e non hai xeito mellor de facelo que seguir construíndo o Estado das Autonomías que nos demos coa democracia.

Porque, señorías, se algunha vez dende a súa formación estivo máis en cuestión este Estado das Autonomías foi agora, pero non só polas proclamas de división ou de independencia que se poidan transmitir dende a visión interesada dalgunha ideoloxía, senón porque, ante as dificultades que nos puxo diante a crise, non todas as comunidades foron quen de demostrar que son autónomas.

Nestas catro décadas, nunca antes tiveran as autonomías tantas dificultades ante si, pero á vez tampouco unha oportunidade maior para demostrar o sentido do autogoberno. Hoxe Galicia é das poucas comunidades autónomas que pode dicir que durante esta crise soubo exercer todas as súas competencias, a súa capacidade propia para enfrontar os retos, e non tivo que renunciar, nin total nin parcialmente, ao seu autogoberno por incapacidade financeira para exercelo. *(Aplausos.)*

Durante estes cinco anos, señorías, mantivemos a estabilidade das contas, presentamos unha maior solvencia na nosa Facenda propia e non tivemos que recorrer a recursos externos, habilitados polo Goberno central para facer fronte ao que, por competencias adquiridas, deberían ser capaces de abordar todas as comunidades autónomas.

Señorías, controlamos o déficit ano a ano, e dende antes de sermos obrigados polo ultimátum das autoridades comunitarias. Achegamos solvencia ao Estado tamén cando isto nin se pedía nin se consideraba dende o Goberno de España. Somos, de feito, a segunda comunidade que menos aumentou a débeda pública durante todo o período de recesión económica. Cumprimos cos nosos compromisos financeiros porque a autonomía nos permite adquirilos, pero tamén nos obriga a cumprilos. Así, por exemplo, Galicia leva anos sendo unha das autonomías que fai fronte aos pagos a provedores en mellores condicións e mellor prazo, nun tempo medio entre vinte e trinta días dende a presentación da factura. E dos 84.000 millóns de euros que habilitou o Goberno central para responder á chamada de auxilio das comunidades autónomas, Galicia pediu e recibiu cero; a cambio, as comunidades perderon parte da súa autonomía, e Galicia mantena en plenitude.

No contexto de maior debilidade, o autogoberno de que nos dota o modelo autonómico persiste con todo vigor porque soubemos entender a dimensión da responsabilidade que supón. Así, exercemos o noso autogoberno buscando mellorar a vida das galegas e dos galegos cunha xestión que permita asegurar os seus servizos públicos de hoxe e de mañá, que é a primeira obriga competencial da Comunidade; e cunha xestión que incremente as súas oportunidades de hoxe e de mañá, poñendo en valor o que temos e o que somos como Comunidade: a nosa terra, o que producimos e a nosa propia xente. *(Aplausos.)*

Facer país, señorías, non consiste en crear novos problemas, senón en resolver os que xa existen e que, por certo, sofren moitos cidadáns. Pois ben, señorías, o noso labor só será útil na medida en que se guíe por este obxectivo.

Non o esquezamos, a obriga dun gobernante consiste en poñer a Administración ao servizo da cidadanía e non a cidadanía ao servizo da Administración. É por iso que desde 2009 vimos desenvolvendo unha política de mellora na xestión dos recursos públicos, conscientes de que ese era o primeiro camiño a seguir para poder blindar e mellorar os servizos públicos. Ser máis eficiente non é un fin en si mesmo, senón un medio, o único posible para garantir a calidade do benestar hoxe e tamén das vindeiras xeracións.

Os fondos públicos nin son infinitos nin caen do ceo, agroman dos recursos que temos como país en cada momento, parten do peto de cada cidadán. E a nosa obriga é sacarlles o máximo rendemento posible en beneficio dos propios cidadáns. A mellor forma de trasladárllelo é coa credibilidade que dan os feitos; feitos como a redución histórica que fixemos da Administración de 2009, cun 40 % menos de consellerías, coa metade dos altos cargos, cun 40 % menos de persoal e cunha administración paralela na que o 60 % dos entes foron suprimidos ou están en trámite de supresión; un aforro anual en gastos de funcionamento burocrático da Administración autonómica que equivale a todo o orzamento anual de máis de cen concellos galegos. Feitos como a decisión de actuar en calquera capítulo de gasto corrente no que exista marxe de aforro. Feitos como a contratación centralizada, sempre e cando sexa posible, e que no eido da sanidade, por exemplo, permita aforros no 20 % na adquisición dos produtos sanitarios. Feitos, señorías, nos que Galicia foi pioneira, nos que seguiremos abundando, e que, no eido das administracións, sabemos que está intimamente ligada coa introdución das tecnoloxías.

Neste senso, tamén temos dado pasos moi importantes para avanzar na transición cara á Administración electrónica, por exemplo, coa entrada en funcionamento da sede electrónica para os distintos procedementos, que xa é accesible para o 48 % do total de procedementos, ou co comezo da dixitalización dos rexistros da Xunta e dos concellos, para evitar máis burocracia nos cidadáns. Ou no eido da xustiza e do benestar, desenvolvendo o expediente electrónico xudicial para facilitar a resolución das causas ou consolidando

para o cen por cento dos cidadáns a historia clínica ou a receita electrónica. Exemplos todos eles que demostran que a tecnoloxía é imprescindible para lograr unha administración máis eficiente. Por iso, anúnciolles que nesta lexislatura imos poñer en funcionamento o Arquivo Dixital Integrado de Galicia, que será a pedra angular da Administración electrónica e que comeza así a facer realidade a progresiva eliminación dos papeis.

Señorías, a eficiencia para acadar máis recursos que investir nas galegas e galegos non tería sido posible sen a participación e a corresponsabilidade dos propios galegos e das propias galegas. Dende a corresponsabilidade dos profesionais sanitarios, que hoxe fan nos hospitais case 30.000 consultas máis en xornada de mañá que as que facían no ano 2008, que teñen incrementado o rendemento cirúrxico ata o 75 %, o que supón que son capaces de facer 28.000 cirurxías máis en horario de mañá das que facían no ano 2008 –e quero aproveitar para amosar o noso respecto á persoa afectada polo ébola en España; espero e desexo que se conteña este problema evidente de saúde pública no noso país... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ata a corresponsabilidade de todos os empregados públicos e tamén dos cidadáns no seu conxunto, que multiplicaron por catro o consumo de medicamentos xenéricos do 10 % a máis do 40 %, ou que manteñen ano a ano a necesaria liña descendente do gasto farmacéutico, que hoxe é case 250 millóns de euros menos que era no ano 2013...

Señorías, perseguir un funcionamento máis eficiente da Administración implica tamén activar todas as ferramentas para loitar contra a fraude fiscal que prexudica a maioría, que si cumpre coas súas obrigas tributarias. Despois de varias lexislaturas sen acadalo, por fin contamos cunha Axencia Tributaria galega. E o plan que puxo en marcha o pasado ano detectou máis de 150 millóns de euros non declarados. Adiántolles a estimación de que este ano se prevé aforrar fraude por un importe de 50 millóns de euros máis para frear derivas, corrixir erros e tentar mellorar a xestión para acadar máis medios que permitan mellorar os servizos públicos no presente e no futuro, así como axudar a quen máis o precisa, como fai o conxunto dos galegos. Eles son o noso horizonte pero tamén o exemplo que inspira diariamente a nosa tarefa.

Non cabe maior honra que a de liderar unha terra unida por sólidos lazos de solidariedade. Son estes os que fan do

noso país algo máis que unha realidade administrativa para convertelo nun pobo que sempre está aí cando alguén o precisa. Señorías, cando dentro duns anos me pregunten por algo do que me sinta especialmente orgulloso como ex presidente de Galicia, eu direilles das galegas e dos galegos e dos servizos públicos que manteñen, porque con eles e grazas a eles, a súa colaboración e a súa solidariedade puidemos avanzar nos grandes obxectivos sociais que nos marcamos como pobo: promover a educación pública dende os máis pequenos aos nosos maiores, desenvolver un sistema sanitario público e asegurar e ampliar os servizos sociais públicos, chegando a máis rapaces, a máis maiores e a máis dependentes. E todo isto, señoría, carecería de sentido se non estivese precedido pola axuda aos que pasan por problemas que non causaron, como os afectados polas preferentes ou os emigrantes retornados, así como os que sofren máis dificultades no seo da nosa sociedade. Seguimos con eles e seguiremos ao seu carón. (*Aplausos.*) Seguimos ao carón das persoas en risco de exclusión social, que contan hoxe co dobre de recursos que en 2009 e cunha nova lei de inclusión que pretende evitar a cronificación da situación deste colectivo. Seguimos ao carón das persoas en risco de desafiuzamento, como fixemos coa posta en marcha do programa Reconduce. Seguimos ao carón das familias que sofren máis apuros e puxemos á súa disposición un ticket eléctrico para reducir un 40 % a súa factura da luz. Seguimos ao carón dos mozos para que a situación económica non condicione os seus estudos e aumentamos un 47 % as axudas para universitarios por causas imprevistas. Seguimos ao carón das persoas que reciben pensións non contributivas, sendo unha das tres únicas comunidades autónomas que mantemos un complemento e ademais coa contía máis alta de toda España. E seguimos ao carón dos nosos emigrantes, que poden acceder á tarxeta sanitaria dos servizos públicos de saúde galegos de forma automática e en igualdade de condicións dos que residimos en Galicia.

Hoxe ninguén pode dubidar do carácter central que todos os galegos lle outorgamos ao Estado do benestar. Trátase dun dos maiores logros da democracia, e, malia as dificultades económicas, este goberno está cumprindo o compromiso que adquiriu na súa defensa. Así o demostramos nos orzamentos autonómicos, nos que ano tras ano o gasto social aumenta o seu peso ata representar o 80 % do total do presuposto. E neste sentido saúdo con satisfacción que o Goberno central atende a petición para que as próximas ofertas

públicas de emprego –que tanto na educación como na sanidade pública convocaremos– sexan xa conforme a nova taxa de reposición do 50 %, previo diálogo e acordo coas organizacións sindicais. (*Aplausos.*)

O esforzo das galegas e dos galegos e o traballo conxunto de todos os traballadores públicos é o que nos permite afirmar, primeiro, que hoxe temos un país cuns servizos públicos con máis perspectivas de futuro que en bonanza económica. E, dous, que en plena crise non renunciaremos a que estes poidesen chegar a máis cidadáns en mellores condicións. Un país cunha xustiza máis equipada, grazas a un investimento de preto de 50 millóns de euros en infraestruturas xudiciais dende o ano 2009, ou grazas a un proceso de modernización de gran calado no relativo á infraestrutura informática, que xa está completo en todos os partidos xudiciais e que continuará o próximo ano coa nova oficina xudicial, co impulso do Plan de expurgo para liberar espazos nos xulgados ou coa entrada en funcionamento da sede electrónica xudicial.

Un país cunha educación máis accesible, na que o esforzo compartido do que lles falo permitiu conxelar durante catro anos consecutivos as taxas universitarias para que ir á universidade en Galicia teña o prezo máis baixo de toda España; continuar coas axudas complementarias para estudantes Erasmus que outras comunidades tiveron que suprimir; ser a segunda autonomía con máis profesores por alumno; ser a comunidade coa rede de transporte escolar gratuíto máis ampla de España; ser a comunidade que máis apoia as familias con axudas para libros de texto, ao beneficiar a 7 de cada 10 alumnos; ou incrementar os beneficiarios dos comedores escolares nun 22 % dende o ano 2009.

Un país, señorías, tamén máis xusto e cohesionado no eido dos servizos sociais, como fixemos ao aumentar a atención á dependencia. Das case 78.000 prestacións recoñecidas dende a entrada en vigor da lei en 2007, o 82 % foron atendidas por este goberno, como fixemos ao impulsar a Lei de accesibilidade –actualmente en trámite parlamentario– para tentar eliminar as barreiras ás persoas con discapacidade, ou como fixemos creando máis de 7.000 novas prazas públicas de servizos sociais, o que supón un incremento ao redor do 45 % dende o ano 2009.

Un país mellor preparado para afrontar as necesidades sanitarias da súa poboación, porque avanzou nas listas de

espera por debaixo dos 17 días de espera media nas patoloxías moi graves e por debaixo dos 50 días nas patoloxías graves, porque puxemos en marcha vías rápidas para patoloxías oncolóxicas, porque iniciamos o proceso de modernización de toda a tecnoloxía dos hospitais, que suporá un investimento de 88 millóns de euros nos oito anos e porque garante máis dereitos, porque aprobamos neste Parlamento por primeira vez unha lei de prestacións sanitarias –xa aprobada, insisto– e que estamos a desenvolver antes de que remate o ano no que ten que ver co dereito á segunda opinión médica, á libre elección de hospital e ás instrucións previas e, no primeiro cuadrimestre do ano 2015, co primeiro dos decretos que blinden os tempos máximos de espera por patoloxía. E, sobre todo, señorías, a pesar da recesión económica, puidemos completar o impulso que se precise en materia de infraestruturas sanitarias. Así estamos impulsando 15 novos centros de saúde nesta lexislatura, (*Murmurios.*) 12 deles xa licitados ou adxudicados, e que se suman aos 30 que temos construído ou reformado nos últimos anos. (*Aplausos.*)

Está xa en funcionamento dende hai anos, completamente equipado, o Hospital de Lugo; está adxudicada a redacción do Proxecto da ampliación do Hospital público da Costa, que se licitará o próximo ano; está en contratación a ampliación do Hospital público do Salnés, que remataremos no 2016; está á espera dos terreos necesarios para obrar un novo hospital público en Pontevedra; está en servizo a nova área de urxencias do Hospital Universitario da Coruña, que continuará cunha segunda fase dun novo bloque cirúrxico; está en obras o edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario de Ourense, que finalizará no ano 2016; e está finalizándose o novo hospital público de Vigo, o maior hospital público en construción en España, e que será unha realidade para poder comezar a equipalo no primeiro semestre do ano 2015. (*Aplausos.*)

Señorías, por resumir o que fixeron os galegos na etapa de recesión económica, podemos dicir: hoxe, 3 de cada 10 galegos e galegas contan na súa área de influencia cun hospital ou centro de saúde novo ou renovado; no próximo ano 2015, 5 de cada 10 galegos e galegas terán ao seu carón un hospital público ou centro de saúde novo ou renovado; e ao final da lexislatura 7 de cada 10 galegos e galegas poderán acudir a un hospital público ou centro de saúde novo ou renovado. Este é o balance, señorías. (*Aplausos.*)

Señorías, os datos que acabo de ofrecerlles demostran que, pese ás dificultades financeiras e ás restricións orzamentarias que como nunca sufriu esta Comunidade, Galicia fixo unha firme aposta pola política social. De feito, neste último eido, anúnciolles que este mesmo mes aprobaremos o Anteproxecto de lei de calidade dos servizos públicos, comprometido neste Parlamento para fixar criterios de calidade homoxéneos para os distintos servizos públicos. Pero precisamente por iso, e ante o previsible novo escenario económico que se abre, cando se albisca a recuperación sabemos que non debemos conformarnos co feito. Debemos afrontar novas realidades e avanzar un paso máis na mellora do benestar dos nosos cidadáns, ofrecéndolles servizos adaptados aos novos tempos e que dean resposta aos novos retos.

Así, ademais do esforzo que estamos a realizar para mellorar a sanidade pública, tamén temos a vista posta na sanidade que vén e que está marcada polo incremento da esperanza de vida e o consecuente aumento da poboación envellecida. Neste sentido, na liña da Estratexia da atención integral á cronicidade e co obxectivo de adaptarnos á realidade sanitaria que teremos para o futuro, anúnciolles que o vindeiro ano abordaremos o proceso de estratificación poboacional por niveis de risco, unha clasificación que nos permite predicir as necesidades asistenciais da cidadanía. (*Murmurios.*)

Do mesmo xeito aprobaremos o Plan 72 horas, para fomentar a continuidade asistencial a domicilio nos tres días posteriores á alta médica. E igualmente completaremos o proxecto de innovación sanitaria que temos en marcha a través do programa Hospital 2050 e Innova Saúde.

O futuro da educación tamén pasa polas tecnoloxías, que, xunto cos idiomas, permitirán que os nosos rapaces poidan competir en pé de igualdade nun mundo global. É por iso que reforzaremos a Plataforma de contidos dixitais, que lles permitirá aos nenos acceder a materiais curriculares completos e gratuítos. Xa está a disposición dos alumnos de 5º de primaria, e antes de que remate a lexislatura ampliaremos aos alumnos de 6º, así como aos de 1º e 2º da ESO, podendo chegar ata 25.000 estudantes.

Continuaremos co Proxecto Abalar, que xa permite a utilización das tecnoloxías nas aulas para 51.000 alumnos, e consolidaremos a nosa aposta pola introdución do inglés nas aulas, que xa chega a 65.000 alumnos nas escolas públicas.

Como referín, queremos edificar un sistema de educación pública máis accesible e, en consecuencia, máis competitivo. Por iso, señorías, a pesar de que a taxa de abandono escolar sexa a menor da historia de Galicia, a pesar de que o absentismo nas aulas se reduciu un 50 % nos últimos tres anos, ou que o Informe PISA sitúa a Galicia nunha mellor situación que a media de España en lectura, en matemáticas e en ciencias, sabemos que temos que continuar progresando nesta senda. *(Aplausos.)* De aí, señorías, o reforzo do ensino de matemáticas en primaria, con dúas horas máis, así como a autonomía dos centros para as horas de libre ocupación, co fin de que poidan decidir nas materias en que se detectan en cada centro as maiores necesidades dos alumnos.

Xunto cos máis pequenos, sen dúbida outro dos colectivos que precisa de todos nós é o dos maiores e as persoas dependentes. Eles son e deben ser unha das grandes prioridades de calquera estado do benestar. Neste sentido, proseguiremos ampliando o modelo de carteiras. Unha vez que xa puxemos en marcha a Carteira de Servizos para a Dependencia, está previsto para o último trimestre do ano 2014 o inicio da tramitación da carteira para persoas maiores ou con discapacidade que teñan autonomía.

E quero anunciarlles que na liña de seguir atendendo o máximo número de dependentes posibles, traballamos coa previsión de incorporar máis de 2.000 novas altas na dependencia de aquí a final de ano. Con isto, señorías, non só pretendemos garantir os dereitos destas persoas, senón tamén axudar os seus achegados.

A conciliación da vida laboral e familiar constitúe un dos retos aos que se enfrontan as sociedades actuais, e está a recibir resposta por parte deste Goberno. Deseñamos as casas-niño, un novo instrumento para o coidado profesional dos máis pequenos, que comezarán a funcionar o próximo ano coa apertura das quince primeiras nas provincias de Lugo e Ourense. E abrimos a posibilidade de teletraballo e flexibilidade laboral no eido da Administración autonómica, que xa beneficia a 6.500 familias de empregados públicos.

Ambas as dúas son medidas novidasas que sitúan a Galicia por diante no ámbito da conciliación, e o noso compromiso é que siga sendo así.

Saben que unha das apostas máis firmes deste Goberno é o incremento das escolas infantís, que temos a disposición das nais e dos pais galegos. Xa incrementamos en case un 70 % a oferta de garderías públicas, pero queremos dar un paso máis. E por iso de aquí a finais de legislatura crearemos máis de 2.000 novas prazas públicas de escolas infantís en Galicia. É dicir, en Galicia haberá o dobre de prazas públicas de gardería das que había en bonanza económica. *(Aplausos.)*

Señorías, por este camiño buscamos contribuír á resolución dos grandes desafíos aos que se enfronta Galicia, e, sen dúbida, un dos maiores é a dinamización demográfica. Trátase dunha cuestión que debe seguir preocupándonos e ocupándonos, pois ten un gran impacto no noso futuro social e económico. Constatalo non é nin de esquerdas nin de dereitas, polo menos agora; non é algo recente, senón que é unha das nosas eivas estruturais dende a década dos noventa.

Tampouco significa asumir un problema exclusivo, porque, ao contrario, resulta común ao resto de España e ao resto da Unión Europea. Por tanto, afrontalo é tamén unha responsabilidade compartida.

Esta é a liña a seguir e na que temos avanzado nos últimos meses, tanto reclamando un pacto de Estado pola demografía, que teña reflexo no novo sistema de financiamento autonómico, como logrando que o Goberno central inclúa o criterio poboacional nas distintas negociacións coa Unión Europea.

É precisamente neste ámbito nacional e comunitario onde radican boa parte das respostas necesarias, pero tamén aquí, na propia Galicia, estamos aproveitando as posibilidades que ofrece o noso autogoberno.

Así, e dando cumprimento ao Plan de dinamización demográfica, creamos un observatorio pioneiro a nivel estatal, que este mesmo mes de outubro se reunirá entre a patronal e os sindicatos; puxemos en marcha a exención do pago da matrícula nas escolas infantís a partir do segundo fillo, que xa está efectiva dende este mesmo curso; ou incrementamos un 20 % a dedución fiscal por nacemento ou adopción dun fillo neste 2014 para as rendas máis baixas, pasando de 300 a 360 euros.

Señorías, os incentivos fiscais para aquelas familias que máis o precisan teñen sido un dos instrumentos polos que temos apostado firmemente no eido demográfico, e quero dicirlles que os imos reforzar na marxe que nos permita o escenario orzamentario. Así, anúnciolles que os orzamentos do próximo 2015 incluírán un novo paquete de medidas de impulso á natalidade, dirixidas ás familias con rendas baixas que aposten por ter máis dun fillo. (*Murmurios.*)

De xeito concreto, decidimos durante os tres primeiros anos de idade aumentar ata 100 euros cada mes a dedución por nacemento ou adopción dun segundo fillo, 1.200 euros ao ano, e ata 200 euros cada mes a partir do terceiro fillo, 2.400 euros ao ano. É dicir, a maior axuda á natalidade de todas as comunidades autónomas de España. (*Aplausos.*)

Decidimos incrementar, señorías, o límite deducible por coidado de menores ás familias con dous ou máis fillos, pasando de 400 a 600 euros, e incrementar tamén para as familias de dous fillos ou máis a rebaixa fiscal en vigor para mozos por alugueiro de vivenda, duplicando o límite deducible ata 600 euros.

Mais o meirande reto que todos temos por diante para asegurar o futuro do noso modelo de sociedade é a creación de postos de traballo. Durante todos estes anos a loita contra o desemprego ten sido a prioridade deste Goberno e o obxectivo das políticas económicas. Por suposto, así seguirá sendo. Non en van, señorías, este é o principio e o fin do noso sistema de protección social: o principio, porque son as cotizacións e os impostos dos traballadores os que permiten financeiro, e o fin, porque adquire todo o seu sentido cando se ocupa de axudar os que non atopan traballo.

Estou seguro de que a máxima aspiración da maioría dos cidadáns é estar no primeiro grupo, os que teñen traballo. Ese é o camiño que lles permite contribuír ao seu país, pero sobre todo o de poder trazar libremente o seu propio destino.

A política non pode reducirse a unha misión baseada unicamente no subsidio. Facelo suporía non só enviar unha mensaxe culturalmente nociva, senón tamén enganosa. Estas teorías xa se coñecen dende hai tempo nalgúns países e, alí onde se aplicaron, fracasaron. Sumarse agora a elas suporía ser copartícipe dunha estafa, dunha estafa á xente e tamén renderse e conformarse ante as circunstancias, por difíciles

que sexan. E non queremos nin podemos facelo, non nos conformamos.

Non nos conformamos con que Galicia sexa unha das catro comunidades nas que máis baixou o paro no último ano, cando hai tantas persoas que seguen sen atopar unha porta de acceso ao mercado laboral. Non nos conformamos con que haxa case 11.000 novos afiliados á Seguridade Social nos últimos doce meses, porque aínda existen moitísimas familias con todos os seus membros en paro. Non nos conformamos con que o número de afectados polos expedientes de regulación de emprego se reducién entre xaneiro e xuño case á metade, se a porcentaxe restante segue afectada por un expediente de regulación de emprego.

Señorías, a nosa función debe intentar non só parchear estes problemas, senón solucionar os que poidamos. Por iso traballamos na xeración de incentivos para o emprego, tanto na beira dos traballadores por conta allea, como dos emprendedores.

Así, fomos a única comunidade que ampliou as axudas para a contratación do segundo e terceiro traballador autónomo. Impulsamos programas específicos para os colectivos que tiñan maiores obstáculos á hora de acceder a un emprego. Por exemplo, dende principios deste ano temos en marcha unha estratexia de apoio ao emprego dos mozos, con máis de 100 millóns de euros de investimento e co obxectivo de continuar unha senda descendente do paro entre mozos e menores de trinta anos.

No que vai de ano reduciuse un 18,2 % o paro destes mozos, pasando de 43.446 a 35.551. Pois ben, nesta liña quero anunciarlles dúas novas decisións que pecharemos nas vindeiras semanas cos axentes sociais e económicos. Primeiro, ampliar o Plan de emprego xuvenil cunha inxección de 48 millóns de euros adicionais, que incrementará case un 50 % os recursos destinados aos mozos que non estudan nin traballan. (*Aplausos.*) Galicia non pode permitirse, señorías, o luxo de desbotar a enerxía dos que precisan unha primeira oportunidade, pero tampouco o impulso dos que teñen maior experiencia.

Por iso, en segundo lugar, lles anuncio que ao longo deste mes tamén detallaremos no seo do diálogo social un plan de emprego para os parados maiores de corenta e cinco

anos, que é outro dos colectivos, sen dúbida, con maiores dificultades de reinserción laboral. Iremos nunha dobre dirección, tanto con incentivos á contratación como ao auto-emprego deste colectivo, que supón case a metade, o 44 %, dos desempregados en Galicia, e non debe ser, señorías. *(Aplausos.)*

Señorías, é o noso deber poñer en valor as moitas potencialidades que reúne a nosa terra para seguir avanzando no camiño cara a prosperidade. Non o esquezamos, Galicia non fracasou e non fracasará na medida en que una a gran forza da súa xente cunhas institucións que saibamos impulsar. Se de algo pode presumir este pobo é de ter demostrado ao longo da nosa historia que sabe como facer as cousas, polo que seguiremos apoiando con determinación os nosos sectores produtivos máis característicos.

Así o fixemos no sector lácteo, ao que defendemos na negociación da nova política agraria común, cun aumento dos pagos acoplados nun 63 %, e mellorando a rendibilidade das explotacións a través de dous instrumentos legais, a Lei de mobilidade de terras e a Lei de estrutura agraria, así como desenvolvendo unha normativa máis axeitada aos seus intereses fronte á industria e á distribución, grazas a que hoxe os produtores galegos cobran un 27 % máis polo leite que en xuño do ano 2012, de 28,4 céntimos a 33,7 céntimos.

Somos conscientes, en todo caso, que nos gustaría que este prezo fora superior; somos conscientes de que o seu futuro está condicionado a partir do vindeiro ano pola desaparición das cotas, e, nese sentido, comprometémonos a seguir acompañando os gandeiros no proceso de modernización, que no último lustro permitiu incrementar a produción de leite en Galicia case un 9 %.

Aumentar o rendemento tamén é un obxectivo prioritario no eido forestal, conscientes de que este camiño é imprescindible para combater o abandono do monte. A el temos contribuído dende o punto de vista normativo coa primeira Lei de montes aprobada en Galicia, ou abrindo novos horizontes como os que ofrece a Estratexia de biomasa. Con todo, a xestión forestal precisaba dunha maior implicación da sociedade, e creo que algo se está movendo neste sentido.

Hai un maior aproveitamento da nosa riqueza forestal, cun incremento do 29 % da venda da madeira no ano 2013,

que beneficiou a unha de cada nove familias galegas. E hai tamén unha maior protección do noso monte.

Quero agradecerlles expresamente a todos os cidadáns, así como ás brigadas antiincendios e aos corpos e forzas de seguridade o seu labor conxunto, porque ten permitido no período 2009-2013 que os lumes se reduciran un 30 % con respecto ao 2005-2008, e que hoxe poidamos dicir que no que vai de ano entre todos logramos o mellor resultado dos últimos vinte e catro anos. *(Aplausos.)*

Señorías, o noso compromiso esténdese tamén aos homes e ás mulleres do mar, aos que defendemos e seguiremos defendendo en Europa para lograr que a nova política común inclúa moitas das consideracións galegas e asegure uns recursos semellantes ao período anterior. O certo é que logramos un incremento dun 13 % no total de capturas en xeral, e tamén, de xeito concreto, en especies de alto interese para Galicia, como o rape (un 67 % máis), a pescada (un 52 % máis) ou a xarda (un 77 % máis). Pero debemos, sen dúbida, seguir traballando.

Neste senso, consciente de que o panorama pesqueiro máis inmediato ten claros, pero tamén incertezas, a primeira reunión que lle solicitarei ao novo Executivo comunitario será, sen dúbida, co comisario de Pesca. *(Aplausos.)* E así mesmo promoveremos a revisión do Plan de actuación dos grupos de acción costeira, co propósito de seguir aprofundando na diversificación produtiva do litoral.

Tentamos fortalecer o conxunto, e que mellor xeito de facelo que reforzando tamén o labor marisqueiro. Así, a mellora do procedemento de cobertura de vacantes permitiu que os permisos de marisqueo a pé subiran un 90 % nos últimos anos, ao tempo que prosegue a nosa loita contra o furtivismo, cun aumento dos comisos dun 227 % entre 2012 e 2013. Na mesma liña, aprobaremos un novo Plan de mellora de xestión marisqueira, para actualizar e axilizar as explotacións destes recursos, e, igualmente, abriremos antes de fin de ano o proceso de información pública da nova Lei de acuicultura, aproveitando os novos fondos que se abren en Europa.

Señorías, somos conscientes de que o potencial de Galicia tamén ten unha das súas principais fortalezas no naval. Por iso, ante a situación límite que atopamos cando chega-

mos ao Goberno, asumimos o liderado xunto co sector, para buscar e conseguir unha solución ao *tax lease*, e para apoiar e lograr a consecución e novos pedidos. Hoxe podemos dicir que o sector afronta un futuro con mellores expectativas. Por primeira vez despois de oito anos, os estaleiros públicos de Ferrol volven ter pedidos, insuficientes si, pero pedidos, e onde antes só había baleiro absoluto agora fálase de máis de 400 millóns de euros en pedidos. *(Aplausos.)* Igualmente, todos os estaleiros privados están negociando ou xa materializaron novos contratos. É un camiño esperanzador, que se concreta en máis de 1.000 millóns de euros, pero que aínda temos que seguir percorrendo. E nel seguirá a Xunta de Galicia como ata agora, colaborando na busca de contratos, facilitando o financiamento dos estaleiros –como xa fixemos nos últimos anos– cun importe de 100 millóns de euros e, sobre todo, afondando na innovación dos estaleiros con novos proxectos en colaboración co sector para aumentar a súa capacidade tecnolóxica, e potenciando para iso o CIS Galicia en Ferrol.

Xunto co naval, outro dos puntuais da Galicia industrial é o sector do automóbil. O seu futuro tamén parece agora algo máis despexado, como demostra o feito de que o pasado ano incrementase a facturación un 27 % e un 3 % o emprego. Son datos positivos, e a recompensa será a recompensa das axudas que temos investido todos os galegos e que mobilizaron máis de 325 millóns de euros. É o mellor acicate para continuar este apoio no futuro, especialmente ante as posibilidades que se poidan abrir na factoría de Citroën en Vigo.

Señorías, exemplos coma estes que lles acabo de citar fálannos de como é e traballa este pobo, dunha economía que non renuncia aos seus sinais de identidade, pero que debemos seguir actualizando para continuar sendo competitivos na realidade dinámica dun mundo global. Temos que decidir por nós mesmos, posicionarnos activamente e, con realismo, apostar por aqueles ámbitos nos que podemos sobresaír.

Esta é tamén unha tarefa de país. O obxectivo da Xunta ha de ser, e é, facilitala todo o posible. E por iso pídolles tamén o seu apoio para sacar adiante un Plan de diversificación industrial, un proxecto de renovación industrial que presentaremos nas próximas semanas, co obxectivo de adaptar o presente e o futuro da industria galega á nova realidade económica.

Trátase, señorías, dun labor que nos convoca a todos e se expresa nunha dobre dirección: primeiro, avaliando de forma completa o vindeiro pulo dos nosos sectores estratégicos máis asentados, orientándose, iso si, á innovación e á internacionalización; e, segundo, consolidar a apertura a outros sectores que poidan ter un papel relevante no futuro.

A actualización industrial que lles propoño non pode estar limitada nin ás nosas características históricas, nin ás circunstancias do presente, porque o seu obxectivo é que tamén sexa útil para a economía do futuro, para lograr aumentar o peso da industria no PIB de Galicia desde o 13 % actual ata o 20 %, e para lograr 50.000 novos empregos industriais, o que supón un incremento do 26 %. *(Aplausos.)* Isto significa, señorías, fortalecer aqueles sectores nos que temos unha experiencia acumulada durante décadas, como os que lle veño de citar, pero tamén abrílos a outros novos sectores. Xa o fixemos. Como cando apostamos polas tecnoloxías da información e da comunicación, e hoxe somos a quinta comunidade con maior número de empresas nun ámbito que, ademais, amosou unha enorme resistencia á recesión económica, manténdose por riba de 15.000 traballadores nas empresas da tecnoloxía en Galicia. Ou cando apostamos pola biotecnoloxía, que hoxe representa o 1 % do produto interior bruto, que conta cun clúster especialmente activo, e que o pasado ano nos converteu na terceira autonomía máis bioempresario de España. Dous exemplos que na nosa opinión marcan o camiño a seguir noutros sectores punteiros, como pode ser o aeronáutico, no que Galicia aspira a ter un papel relevante no futuro. Neste sentido quero dicirlles que a nosa aposta por adoptar decisións que faciliten a conversión de Galicia nun polo aeronáutico se comezará a concretar de xeito inmediato. *(Aplausos.)*

Señorías, este mes materializaremos a colaboración co Ministerio de Economía e co Ministerio de Defensa para iniciar a recuperación do aeródromo das Rozas en Lugo, cun investimento de 10 millóns de euros e co obxectivo de que funcione como centro de investigación do potencial de avións non tripulados para uso civil e da súa utilidade en ámbitos como a detección de incendios, a vixilancia da contaminación ou a xestión eficiente do territorio. *(Aplausos.)* Ademais, apostaremos, señorías, pola formación especializada de traballadores da metalurxia, co obxectivo de capacitalos para realizar traballos no sector aeronáutico.

Temos que marcarnos o obxectivo de acadar unha industria que achegue valor engadido aos sectores tradicionais e que, á vez, potencie as novas actividades. Neste senso, o Plan de diversificación industrial orientará os recursos públicos cara a tres eixes de actuación: a diversificación dos sectores máis relevantes da nosa economía, a xeración de cadeas de valores completas en Galicia e o desenvolvemento daquelas actividades provedoras de tecnoloxía á industria, como pode ser a nanotecnoloxía, a biotecnoloxía, as TIC ou a fabricación avanzada. Unha expansión cara ás novas oportunidades que debe estar acompañada de novas facilidades para que sexan posibles.

Fixémolo no ámbito da empresa. E por iso temos en marcha diferentes liñas de apoio, que nos últimos cinco anos se multiplicaron por cinco, con case 56.000 proxectos e un investimento mobilizado de case 2.500 millóns de euros. E fixémolo xa no ámbito dos emprendedores, coa recente Lei do emprendedor, eliminando con carácter xeral a necesidade de licenza municipal para abrir un negocio, a Unidade Galicia Emprende xa apoiou 500 novos emprendedores en nove meses, e temos á disposición dos emprendedores un paquete de incentivos fiscais que afectan tanto o imposto da renda como o imposto de sucesións, o imposto de doazóns e o imposto de actos xurídicos documentados. O vindeiro ano ampliaremos a dedución por creación de novas empresas ou por ampliación de empresas de recente creación a sociedades cooperativas e laborais.

En definitiva, señorías, estamos ante unha folla de ruta que aborda tanto os aspectos cuantitativos como cualitativos, para que Galicia continúe a verse un terreo propicio para emprender. Pero non só aquí dentro, senón tamén alá fóra. Así o teño constatado en todas as viaxes realizadas ao exterior, do mesmo xeito que nos casos en que foron líderes estranxeiros os que nos visitaron. A nosa forma de ser, a nosa forma de traballar, a nosa forma de afrontar as dificultades, valórase fóra. O valor engadido que achega a nosa galegüidade é recoñecido por todos e, sumado ás vantaxes competitivas que promovemos con instrumentos que nos permite o autogoberno, tradúcese en feitos. Feitos como a confianza de Pemex nas capacidades do sector naval galego, tanto na ría de Vigo como na ría de Ferrol, para renovar parte da súa frota, e xerar un investimento de 600 millóns de euros en dous anos. Ou feitos como que Citroën conte con Vigo entre os seus principais candidatos para a fabricación dos novos

modelos da marca; un proxecto que ascende a 500 millóns de euros de investimento e que supoñería a consolidación dun sector que en Galicia representa o 14 % do produto interior bruto e a case vinte mil familias.

Agardamos, señorías, que esta oportunidade se resolva neste mesmo ano 2014, e tal e como lles transmitín aos máximos directivos de PSA Peugeot Citroën, se é posible, é pola certeza de que o cadro de persoal volverá amosar a súa competencia, de que a industria auxiliar acreditará a súa competitividade a pesar dalgúns conflitos, que espero que se solucionen de forma rápida, e de que a Xunta e a Zona Franca de Vigo tamén estarán sen dúbidas e co maior compromiso posible. Espero que axuden ante esta posibilidade de investimento e emprego en Galicia e noutras nas que estamos traballando e nas que tamén hai excelentes perspectivas.

Polo que ao Goberno galego corresponde, seguiremos buscando investimentos que signifiquen emprego e tentándoo cantas veces sexa necesario. Continuaremos cunha axenda internacional de carácter económico. É certo que non sempre acadaremos todos os obxectivos, pero calquera nova oportunidade que se xere en Galicia fai que cada un dos intentos pague a pena. Como as oportunidades xurdidas en México; como as oportunidades xurdidas en Xapón, que se concretan no novo investimento confirmado pola empresa Everis na Coruña; e, oxalá, como as oportunidades que poñen xurdir en Francia.

Señorías, Galicia xa é unha economía aberta, sabe que a globalización é un feito, un camiño de ida e volta, e ten constatado que, lonxe de constituír unha ameaza, representa a mellor das oportunidades. Así, desde o ano 2009, os galegos incrementamos case un 30 % o número de empresas que exportan; desde o ano 2009, e o pasado ano acadamos o récord histórico de exportacións: máis de 18.000 millóns de euros, e a maior balanza comercial dos últimos anos, cun superávit entre compras e vendas a favor das vendas en máis de 4.000 millóns de euros, unha liña ascendente que está a ter continuidade no 2014; ou melloramos o peso das exportacións sobre o produto interior bruto: dun 25 % no ano 2008 ao 33 % o ano pasado, ata o punto de que Galicia foi a comunidade que rexistrou o maior incremento neste indicador.

Fronte ao slogan de “Nós sós”, que non representa á maioría da nosa xente, os feitos acreditan que os galegos nos

sentimos cómodos cunha “Galicia ben acompañada”.
(*Aplausos.*)

Por iso, como ninguén dubida que apostar pola internacionalización dá bos resultados, propoñolles que Galicia dea un paso máis. Para conseguilo presentamos a Estratexia de internacionalización, cuxa posta en común cos axentes sociais e económicos estamos iniciando. Unha folla de ruta para os vindeiros seis anos que prevé: incrementar as exportacións en máis dun 25 %, ata chegar a 23.000 millóns de euros anuais; acadar un crecemento do 25 % no número de empresas exportadoras, chegando a 8.000; ou incrementar a participación das exportacións no PIB do 33 % ao 40 %.

Non lles oculto que son obxectivos moi ambiciosos, que nos situarían nos niveis das comunidades máis avanzadas neste eido, pero precisamente por iso é necesaria a colaboración de todos. Con este propósito, anúnciolles que a próxima semana nos reuniremos coas principais empresas exportadoras, así como as entidades financeiras, e constituiremos o Foro de Internacionalización, para sumar a esta tarefa a aqueles que o levan facendo desde hai máis tempo, con máis intensidade e con máis éxito. Non cabe dúbida de que Galicia conta con grandes emprendedores de amplo asentamento no eido internacional. O lóxico é aproveitar a súa visión e o seu coñecemento, e así o imos facer. É por iso que me gustaría agradecerlles desde esta tribuna que decidisen poñer a súa experiencia contrastada ao servizo desta terra.

Galicia, señorías, aspira a competir no eido internacional con todos, e debe facelo con todo, porque ten moito. Desboto completamente as mensaxes perniciosas que cuestionan o futuro deste país, tamén as que nalgún momento se teñen escoitado nesta Cámara. Fronte a quen suba aquí dicir: “Galicia non pode”, “Galicia non dá” ou “Galicia non ten”, eu digo rotundamente que Galicia é capaz do que se propoña. (*Aplausos.*)

Neste mundo global, señorías, non podemos esquecer que o camiño do progreso comeza por nós mesmos. Mais isto, lonxe de preocuparnos, constitúe un valor seguro de cara aos desafíos que temos que afrontar. O noso país conta con tres importantes baluartes: calidade, talento e innovación.

Galicia Calidade, señorías, porque nun mercado global no que se multiplica a oferta, o valor engadido e a diferen-

ciación son claves, e, neste eido, a nosa terra conta cunha vantaxe competitiva indubidable. Os nosos produtos e servizos forman unha parte fundamental do que nos é propio. Sabémolo facer e facémolo ben, pero, hoxe máis que nunca, temos que demostrar que tamén o sabemos vender.

Así, e fronte a outras marcas autonómicas lastradas por cuestións de diversa índole, a calidade asociada tradicionalmente a Galicia tense revalorizado nos últimos anos. Por poñerlles algúns exemplos: os produtos ecolóxicos aumentaron a súa facturación un 11 % no ano 2013, as exportacións dos viños galegos teñen ascendido ata o 20 %, e aínda queda moito por facer no sector vitivinícola no ámbito da internacionalización. Exemplos dunha das nosas principais fortalezas como país que debemos protexer e impulsar. Así o facemos, por exemplo, ao destinar máis de 100 millóns de euros no que vai de lexislatura para mellorar a transformación e comercialización dos produtos agroalimentarios. E así o seguiremos a facer en distintos eidos, como coa próxima posta en marcha dun Plan de mercados excelentes, que reforza o permanente apoio que temos dado ao comercio, tanto para facilitar a remuda xeracional como a mellora dos seus sistemas de venda.

Pero se hai unha aposta decidida neste ámbito é, como saben, a Estratexia da marca Galicia Calidade, o principal instrumento do que nos dotamos despois de máis de vinte anos de historia. Pois ben, quero dicirlles que este mesmo mes nos reuniremos coas entidades interesadas para actuar, tanto no eido da promoción como no eido da certificación, estendendo as posibilidades de integrarse no selo aos produtos agroalimentarios e do mar e ás empresas do sector servizos. (*Aplausos.*)

Este traballo na procura dunha Galicia que siga sendo recoñecida pola calidade resulta un camiño prioritario, pero nun mundo cada vez máis exixente tamén estamos obrigados a competir cos mellores profesionais. Neste obxectivo, unha das apostas prioritarias que temos feito nestes últimos cinco anos, na miña opinión, unha das máis importantes desde o punto de vista estrutural, foi e seguirá sendo a formación profesional. Hoxe en Galicia hai máis prazas de formación profesional (case un 55 % máis) que no ano 2009, pasando de 34.700 a 53.700; hoxe hai máis oferta, ata un cento de ciclos de nova creación; e hoxe hai máis práctica coa introdución da modalidade da formación profesional en forma-

ción dual nas empresas. O noso compromiso é seguir aprofundando no camiño, non só polo apoio cidadán, pois este é o cuarto ano consecutivo con máis estudantes en formación profesional que en bacharelato (un 15 % máis), senón tamén porque os datos acreditan que é unha das ramas educativas con maior saída profesional e tamén con maiores éxitos nos países onde máis se reforzou, como o caso alemán.

Igualmente, cultivar o talento dos novos tamén significa insistir no obxectivo de que a educación pública satisfaga a aprendizaxe de idiomas. Neste senso, apostaremos polo Plan de potenciación das linguas estranxeiras, que é un dos instrumentos que, como saben, con máis convicción temos cultivado nos últimos anos. Grazas a el, Galicia sitúase nunha posición destacada no conxunto de España, con catro de cada dez estudantes beneficiados e preto do 80 % dos centros sostidos con fondos públicos implicados nalgunha das súas accións.

Somos a comunidade con máis alumnos de ESO aprendendo idiomas, pero queremos dar un paso máis. Por iso, anunciolles a nosa intención de estender de xeito progresivo o estudo dunha terceira lingua ao ensino postobrigatorio, comezando o próximo curso pola introdución do bacharelato plurilingüe nos primeiros institutos. *(Aplausos.)* A aprendizaxe de idiomas é un instrumento que debemos seguir potenciando, mais é na formación das últimas etapas educativas onde –na miña opinión– debemos poñer a énfase para lograr que os máis novos atopen o camiño axeitado para desenvolverse no futuro.

Conscientes diso, tamén vimos de facer un esforzo no eido das universidades. Aseguramos, pese á recesión económica, a estabilidade orzamentaria a través do Plan de financiamento das universidades, apostando por un modelo orientado a resultados. Penso que ese é o vreiro que temos que seguir e, por iso, o próximo Plan de financiamento universitario reforzará o maior peso da parte variable do modelo.

Señorías, abriremos conxuntamente cos reitores dúas liñas de actuación. Por primeira vez, poñeremos á súa disposición axudas para a internacionalización das universidades, que contribúa a mellorar a súa posición nos *rankings* nacional e internacional. E, igualmente, faremos un proceso de verificación e renovación das titulacións universitarias para garantir que se adecuan aos obxectivos.

Esta aposta polo talento é unha base fundamental para o terceiro aspecto necesario –na miña opinión– para encarar o futuro, que non é outro que a innovación. Somos a única comunidade que non só mantivo senón que aumentou as axudas aos grupos competitivos de investigación no Sistema universitario galego por riba dos niveis anteriores á crise. Apoiamos os seis centros tecnolóxicos consolidados: o Centro da Automoción, Anfaco, Gradient, Aimen, Energylab e o Instituto Tecnolóxico, tanto para que aumentasen o seu cadro de persoal en case un 30 % (ata 720 investigadores e innovadores) como para mellorar as súas infraestruturas. Todo iso grazas a un investimento de 70 millóns de euros. Ou incrementamos os recursos en innovación con carácter xeral un 33 % no presuposto do 2014, para poder seguir impulsando programas novidosos e cunha grande aceptación entre os emprendedores, como o Interconecta ou o Conecta Pemes, que conxuntamente mobilizaron 260 millóns de euros, dos que se beneficiaron 600 empresas galegas.

Durante estes anos, Galicia mellorou a súa posición en I+D+i, ata situarse nos primeiros postos do Estado neste eido. Os estudos europeos acreditan que a innovación creceu na nosa comunidade autónoma un 6,4 %. E somos unha das sete únicas comunidades que medraron en España e unha das cincuenta das 270 rexións europeas que o fixo en Europa. Pese á crise dos últimos anos, un de cada tres euros dos orzamentos produtivos de 2014 van destinados a innovación. Creo que é un dato que acredita o que acabo de dicir. *(Aplausos.)*

Ese, señorías, é o mellor resumo na nosa aposta pola innovación, e o noso propósito é darlle continuidade nos orzamentos futuros. De feito, con este rumbo, a Estratexia de especialización intelixente, RIS3, recoñecida xa polas autoridades da Unión Europea, blinda unha mobilización de 1.600 millóns de euros en I+D+i ata o ano 2020. Mais esta aposta non debe ficar nas institucións, senón que se debe estender ao conxunto da sociedade, e é o noso deber incentivala. Ímolo facer, e neste senso anunciolles que os orzamentos do próximo ano incluírán unha dedución do 25 % de todas as cantidades que se doan a centros de investigación de universidades, así como os promovidos ou participados pola Xunta.

Somos conscientes de que a colaboración entre o sector público e as empresas é imprescindible. Tamén se está dando

e vaise dar con forza nos próximos anos. Así, se hai unhas semanas acordamos desenvolver en Vigo, en colaboración con PSA Peugeot Citroën, unha unidade de investigación no eido da condución autónoma, que foi presentada ao presidente mundial de PSA Peugeot Citroën hai uns días, hoxe podo anunciarlles que haberá máis. Hoxe mesmo resólvese a decisión pola que se constituirán sete unidades máis mixtas de investigación, de xeito que en Galicia acolleremos un investimento de máis de 20 millóns de euros adicionais, e que lle permitirá ser sede a Galicia de polos tecnolóxicos de referencia en sectores estratéxicos da nosa economía como o sector farmacéutico, o sector da automoción, o sector da enerxía, o sector da saúde e o sector da alimentación. *(Aplausos.)*

Trátase, señorías, dun progreso máis que, como todos aos que me teño referido ata o de agora, redonda nunha maior fortaleza para encarar o camiño que nos está a sacar da crise. Lograremos ser útiles aos cidadáns, como nos piden e como nos propoñemos, se, ademais de oportunidades económicas, tamén seguimos a esforzarnos para que esta terra sexa un mellor lugar para vivir. Conseguilo é un reto difícil, pero creo que durante estes anos de autogoberno se teñen experimentado importantes avances. Hoxe ninguén dubida de que a galega é unha sociedade cohesionada, e esta cohesión debe ter o seu reflexo nun territorio vertebrado.

Neste senso, non cabe dúbida de que un dos eidos que nos ocupan con intensidade desde hai tempo é a ordenación racional do territorio. Temos encamiñada unha das principais tarefas que tiñamos pendentes como país: está aprobado por primeira vez un Plan do litoral; están aprobadas por primeira vez as Directrices de ordenación do territorio, que xa permiten orientar instrumentos de planificación cunha influencia no 55 % da poboación galega; neste ano entrou en vigor o Plan director da Rede Natura; temos en marcha a folla de ruta que permitirá a Galicia ser a primeira comunidade en contar cunhas directrices da paisaxe; e temos afondado en decisións respectuosas co noso gran patrimonio ambiental, como a creación do canon eólico en 2009, que supón para a Facenda autonómica e local máis de 120 millóns de euros, ou dun canon mineiro, que –adiántolles– entrará en vigor en xaneiro do ano 2015.

Temos dado, en fin, pasos importantes, pero pídolles o seu apoio para completar este labor cunha decisión funda-

mental. Señorías, esta mesma semana poñeremos a exposición pública o Anteproxecto da lei do solo. *(Aplausos.)* A nosa vontade, señorías, non é facer a undécima modificación dunha normativa para que o seguinte Goberno faga a duodécima. Galicia precisa dunha Lei do solo estable, que perdure no tempo, e todos deberíamos esforzarnos en facelo posible. Penso que temos un bo punto de partida con dous grandes obxectivos: o primeiro, o máis importante é asegurar a protección da paisaxe con medidas como impedir as construcións que limiten o campo visual; *(Murmurios.)* exixir que as formas e os materiais sexan acordos coa paisaxe e as construcións da contorna; promocionar a rehabilitación –na mesma liña que estamos a seguir en materia de vivenda–, priorizando a recuperación de edificios existentes fronte a novas construcións e autorizando obras en solos rústicos sempre que sexa actuando sobre construcións en desuso, ou para turismo rural ou para industrias agroalimentarias; e, para non dar tregua ao feísmo, dotar a Administración de novos mecanismos para erradicar as edificacións inacabadas, como a facultade de ditar ordes de execución de obras necesarias para o remate das vivendas.

Por outra banda, o obxectivo é que todos os municipios de Galicia contén cun planeamento axeitado ás súas necesidades. É certo que a maioría dos concellos posúe ordenación urbanística actualizada. Tamén, que 78 deles, onde habita o 40 % do total da poboación, adaptaron o seu planeamento á normativa vixente. Pero queda moito por andar e non debemos perder máis tempo. Por iso tomamos a decisión de axilizar a elaboración dos plans xerais de ordenación municipal, coa introdución dun informe único, que reducirá á metade o tempo medio da redacción dos plans: dos seis anos actuais a tres.

Señorías, penso que a Lei do solo vai ser unha ferramenta de gran relevancia para avanzar noutro dos grandes retos que nos interpelan como país: revitalizar o medio rural. A través desta e doutras medidas pretendemos superar a vella idea de que o rural sempre ten que quedar á marxe da evolución do noso país. Non imos permitir o seu illamento, ou estaríamos, dalgún xeito, illando Galicia enteira. *(Aplausos.)* É por iso, señorías, que temos unha Estratexia de mobilidade, coa que logramos que case o 80 % dos galegos estea a menos de quince minutos dunha vía de altas prestacións grazas aos 144 quilómetros construídos e finalizados pola Xunta desde 2009, en plena crise económica. E seguimos traballando para que ao final da lexislatura sexan máis.

Entre este ano e 2016 está previsto incrementar as vías de altas prestacións noutros 60 quilómetros máis, co remate, entre outros, de catro proxectos: a terceira rolda da Coruña; a vía de alta capacidade Sarria-Monforte, para unir Lugo, Sarria e Monforte; o treito Celeiro-San Cibrao da vía da Costa da Morte; e o tramo Carballo-Baio, da autovía da Costa da Morte. (*Murmurios.*) Pero tamén iniciaremos proxectos tan importantes como a continuación da vía Ártabra desde a N-VI ata a autoestrada do Atlántico; ou a conexión da autovía das Rías Baixas co polígono de San Cibrao das Viñas, que servirá de rolda exterior de Ourense polo leste; ou a conversión en autovía do corredor do Morrazo, que estará licitada e contratada no vindeiro 2015.

Igualmente, este gran avance na mobilidade pasa polo impulso ao transporte metropolitano, que xa é un feito nas áreas de Lugo, da Coruña, de Santiago e de Ferrol, e agardamos pechar proximamente o plan na área de Vigo, así como, se é posible, en Ourense e Pontevedra. (*Aplausos.*) A través del conseguíuse un aumento dos usuarios do transporte público en máis dun 8,5 %. É –creo– unha aposta útil.

Neste senso, anúnciolles que estamos a traballar no asinamento dun acordo co Ministerio de Fomento para reforzar a intermodalidade, a través do uso de billetes combinados de autobús, de tren e de avión, e a coordinación de horarios para poder ofrecer un mellor servizo aos cidadáns.

Con estas iniciativas Galicia está consolidando a súa aspiración de ser un país mellor comunicado. Pero, señorías, nesta teima nin queríamos nin merecíamos estar sos. Esta foi a mensaxe que lle trasladei persoalmente ao presidente Rajoy na primeira reunión que tiveron na Moncloa sendo presidente. Díxenlle que a crise non podía ser a causa para volver suspender o que sempre fora unha materia pendente en Galicia: a mellor conectividade viaria e ferroviaria entre nós, no interior e no exterior.

Pois ben, levamos tres anos sendo unha das comunidades que recibe un maior investimento do Goberno central, ata conseguir un peso superior ao 12 % nos orzamentos de 2015, recentemente presentados. Trátase non máis que dun acto de xustiza, que supera notablemente o peso outorgado a Galicia por gobernos anteriores e que vai permitir: primeiro, finalizar a conexión atlántica por alta velocidade entre Vigo e A Coruña o vindeiro ano; segundo, retomar as obras do AVE

entre Ourense e Lugo, e, terceiro, continuar avanzando sen marcha atrás cun AVE que conecte Galicia coa Meseta e nos aproxime a Europa no prazo comprometido de 2018.

Todas elas son infraestruturas que nos achegan ao resto de España, pero tamén reforzan a nosa competitividade para poder presentarnos como unha base loxística en Europa.

Señorías, non comparto a visión secular que nos sitúa como un territorio periférico. Galicia pode ocupar unha posición estratéxica e este Goberno está decidido a aproveitar esa evidente potencialidade. Por iso, aprobamos o Plan de ordenación de áreas empresariais, con máis de 120 actuacións que afectan un total de 50 millóns de metros cadrados; buscamos a maior competitividade dos nosos portos, unha aspiración á que contribúen colaboracións como a iniciada coas autoridades do Canal de Panamá, ou apostamos por mellorar a xestión dos nosos aeroportos. A modernización das tres terminais non será debidamente aproveitada ata que non se logre unha verdadeira coordinación entre elas, cousa que evidentemente non se dá.

Traballamos, señorías, para atraer a ollada do mundo cara a nosa terra e, con isto, atraer a riqueza. Consolidar Galicia como centro, ese é o noso reto; un desafío que non se pode entender sen unha aposta decidida polo turismo.

Hoxe ninguén dubida de que este é un dos grandes piares nos que se debe asentar a recuperación. No que vai de ano rexístrouse un incremento do 5 %. Sen ir máis lonxe, o mes de agosto marcou o máximo histórico en Galicia ao rexistrar máis viaxeiros que nos xacobeos de 2004 e de 2010, e máis viaxeiros internacionais que nunca.

Son bos datos, pero están por debaixo do que podemos chegar a conseguir nesta terra. Galicia conta cun patrimonio paisaxístico e histórico de primeiro nivel, cunha cultura milenaria, cunha gastronomía atractiva, e atópase á cabeza de España en praias de bandeiras azuis e en establecementos distinguidos co “Q” de calidade turística.

Tal circunstancia motívanos para continuar o traballo a prol do que xa é unha das nosas principais fontes de riqueza. E farémolo co desenvolvemento do Plan estratéxico de turismo con carácter xeral, xunto co primeiro clúster de turismo constituído hai uns meses; coa aposta pola diversificación,

como temos feito a través da estratexia impulsada a prol do termalismo, ou con outras medidas concretas, especialmente no eido dos camiños de Santiago, como a apertura dun centro de acollida ao peregrino.

Todas estas actuacións axudan a tender pontes cos de fóra, pero, como xa lles referín anteriormente, unha Galicia mellor comunicada tamén pasa por consolidar as pontes que unen os de dentro. Nese obxectivo, as nosas tecnoloxías e as novas tecnoloxías desempeñan un papel fundamental, por iso blindamos a súa condición de servizo público coa aprobación da Lei de telecomunicacións, e os datos amosan que estamos a conseguir grandes avances.

No ano 2009, antes do comezo do Plan de banda larga, había en Galicia case 800.000 persoas sen acceso a Internet. Grazas á súa implantación, a finais do ano 2012 o 94 % dos galegos tiñamos acceso a este servizo, cumprindo cun ano de adianto o obxectivo de cobertura prevista para finais do ano 2013.

Ao remate dos despregamentos todos os galegos terán cobertura de redes de banda larga fixa ou sen fíos. É un importante avance, que nos propoñemos completar con dúas decisións, que serán prioritarias na nova Axenda dixital de Galicia horizonte 2020.

En primeiro lugar, o vindeiro ano aprobaremos a posta en marcha do II Plan de banda larga de Galicia, para o despregamento de redes ultrarrápidas, co fin de conseguir os obxectivos que establece a Unión Europea: o 100 % da poboación con cobertura de 30 megas e o 50 % da poboación con cobertura de calidade 50 megas.

Igualmente, e para incrementar non só o acceso, senón tamén o uso das TIC, aprobaremos o Plan de inclusión dixital de Galicia.

Señorías, estamos superando carencias en moitos eidos, e outro deles é o ámbito hidráulico. O certo é que hoxe Galicia camiña cara o futuro con maior seguridade en materia de saneamento e abastecemento, grazas a un plan que xa permitiu investir –en recesión económica– case 400 millóns de euros en preto de 180 actuacións nos últimos anos, e que xa lles anuncio que se ampliará con importantes avances, como a posta en marcha do sistema de saneamento da ría de Ferrol,

que en 2015 estará en pleno funcionamento tras máis de 213 millóns de euros investidos; a finalización da depuradora da ría de Vigo, que con 230 millóns de euros é o investimento máis importante da historia da Comunidade Autónoma nunha única infraestrutura hidráulica, ou as instalacións importantes como as depuradoras do Grove, de Corrubedo, de Malpica, de Negreira ou de Gandarío.

Tamén continuaremos aproveitando as colaboracións coa Administración xeral do Estado, comezando as obras da depuradora de Ribeira, rematando as obras da depuradora de Ourense e facendo a nova depuradora de Santiago. *(Aplausos.)*

Pero non se trata unicamente, señorías, dunha cuestión de número de infraestruturas, senón tamén de afondar nunha mellor xestión. Nese senso, dentro do marco do Pacto local da auga, impulsaremos a elaboración dun código de boas prácticas do ciclo integral da auga, que mellore a súa eficiencia e estableza unha estrutura tarifaria homoxénea. *(Murmurios.)*

Señorías, este aspecto ten moito que ver con outro asunto que inflúe de forma moi importante na calidade de vida dos galegos: os custos enerxéticos. Aínda que é evidente que o déficit acumulado de 30.000 millóns de euros por España durante os últimos anos condiciona este ámbito, reducir a dependencia da enerxía ten sido e seguirá sendo un obxectivo prioritario do Goberno.

O Instituto Galego de Consumo púxose a disposición dos galegos para optimizar ao máximo a factura da luz. Asumimos diversos convenios con industrias para lograr tamén unha maior eficiencia enerxética. Estamos impulsando medidas para elevar a competencia no sector do combustible e reducir, deste xeito, o custo do gasóleo. Neste eido esperamos que pronto haxa boas novas. E imos seguir, e o Consello Galego de Competencia presentará –como fixo no ámbito dos hidrocarburos– o próximo ano un informe sobre o mercado eléctrico en Galicia.

Pero somos conscientes de que o camiño máis útil para aproveitar todas as nosas posibilidades nas enerxías é o das enerxías, especialmente, renovables, e estamos e seguiremos facendo.

Mantemos a aposta pola eólica, cumprindo o compromiso de dotar de seguridade xurídica o sector e incluír –como

Iles anunciei no pasado debate— unha serie de incentivos fiscais para que esta enerxía se poida seguir desenvolvendo en Galicia.

Os resultados: temos logrado que o 83,5 % dos megavattios do concurso eólico siga adiante, a pesar de cambiar e mudar case na súa totalidade o sistema tarifario, e que preto do 50 % dos plans industriais asociados xa se estean executando.

Reforzamos o subministro do gas, e imos continuar para incrementar a cobertura dos concellos nun 36 % e que o 80 % da poboación teña acceso a esta fonte de enerxía. Igualmente, tamén duplicaremos, ata un total de 79, o número de parques industriais con este subministro.

Iniciamos con recursos autóctonos o I Plan da biomasa, cunha previsión de investimento ata o ano 2020 de 450 millóns de euros, e que ademais está tendo unha gran acollida pola cidadanía.

E seguiremos, seguiremos abríndonos ás novas enerxías para desenvolver un plan de xeotermia, a cuarta pata —na nosa opinión— da política enerxética correcta, que simplificará a posta en marcha das instalacións que aproveiten esta enerxía.

E, sobre todo, señorías, seguiremos preto de quen máis precisa unha política enerxética clara, que son os cidadáns, cun plan de axudas á mellora da habitabilidade dos fogares galegos e cunha rebaixa fiscal ás familias que invistan en instalacións de calefacción ou auga quente que empreguen enerxías renovables. *(Aplausos.)*

Señorías, dicíallelo ao principio, e volvo reiteralo, o noso labor só será útil aos ollos da cidadanía na medida en que sexamos quen de resolver as súas demandas. Así se constrúe un país mellor e así o seguiremos a facer, cumprindo co mandato democrático que o pobo galego expresou nas urnas. Este é un obxectivo do que nos beneficiamos todos e que, por tanto, nos compete a todos.

A Xunta, señorías, ten a obriga inescusable de liderar as grandes transformacións que fan progresar esta terra, pero en ningún caso é plenipotenciaria, precisa que os galegos a acompañen e, con eles, o conxunto de administracións que forman este país.

No camiño da recuperación económica iniciado existe un chanzo ao que habitualmente se lle presta pouca atención, pero que asumimos como prioritario. Refírome á cooperación, un proceso polo que todas as administracións debemos aliarnos para evitar duplicidades, para aforrar custos e ser máis eficientes, e que, estamos convencidos, debe comezar o máis preto posible no ámbito local. Por iso seguiremos promovendo que os municipios de Galicia actúen de forma conxunta para mellorar conxuntamente os servizos públicos, e por iso continuaremos primando as solicitudes compartidas entre varios concellos á hora de asignar recursos ás entidades locais.

Os datos avalan esta intención e en 2013 canalizáronse máis de 15 millóns de euros en axudas e proxectos compartidos, o que supón o 30 % do total do presuposto dedicado a este fin nos presupostos de Galicia.

Non cabe dúbida de que a cooperación municipal é unha das nosas prioridades, e queremos darlle continuidade nos próximos anos. Sabedores de que pode ser o primeiro paso cara unha fusión voluntaria de concellos, persistimos na idea.

Traballamos e seguiremos traballando para ofrecer solucións aos concellos, mesmo por riba das nosas competencias, como facemos na xestión dos residuos sólidos urbanos ou como facemos na execución de todas as obras de abastecemento e saneamento. Porque, señorías, este Goberno preocúpase e ocúpase de todos os galegos, dende os municipios máis pequenos ata os máis grandes. Ese é o compromiso que adquirimos en 2009, ese é o compromiso que guiou o noso labor durante estes cinco anos, e ese é o compromiso que mantemos para o futuro. *(Aplausos.)*

Somos, señorías, moi conscientes de onde vimos, mais temos claro cara onde imos. Dende o comezo da recesión aplicamos as medidas que eran necesarias, e hoxe podemos dicir que avanzamos cara o camiño da recuperación. Pero a nosa obriga é ser prudentes, e seguir facendo as cousas como mellor sabe facelas este país: con sentidiño. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Adaptarnos ao novo contexto implica levar a cabo novas políticas co rigor de sempre, por iso actualizaremos o Plan estratéxico de Galicia horizonte 2020, que nos vai permitir

comprobar ano a ano o detalle dos resultados para corrixir os erros, incidir nos acertos e xestionar mellor os recursos dos que dispoñemos.

O incremento da renda dos galegos levounos a deixar de estar entre as rexións de actuación prioritaria da Unión Europea. Defendemos en Bruxelas os intereses dos cidadáns neste país, acadamos reter o 80 % dos fondos e afastamos o risco dunha caída abrupta de recursos. Prevedemos a nosa situación e logramos para Galicia 4.000 millóns de euros entre o ano 2014 e o ano 2020.

A política, señorías, é capacidade de anticipación e este Goberno sempre a usou en beneficio de todos os galegos. Marcamos o camiño cando chegamos ao Goberno, promovendo rebaixas fiscais para os que máis o precisaban, mentres o resto subían impostos. E volvemos marcalo agora, promovendo novas rebaixas para favorecer o primeiro problema que temos en Galicia, a natalidade, o I+D e as novas enerxías.

Miramos –en definitiva– o horizonte deste país sempre coa vista posta nos máis novos. Eles son, señorías, os que van tomar o testemuño, os que o día de mañá se van ter que anticipar, e por iso temos que anticiparnos hoxe por eles. Anticipámonos na educación, conscientes de que o que aprendan agora é o que ensinarán no futuro; anticipámonos na formación para que sexan competitivos no mundo que vén; anticipámonos no emprendemento para que as empresas máis novas teñan o maior percorrido; anticipámonos na innovación para que, grazas ao que saben, os seus fillos poidan vivir mellor; anticipámonos nos idiomas, porque a súa internacionalización será a nosa; e anticipámonos na cohesión, sabedores de que a igualdade de oportunidades de hoxe é o progreso de mañá.

Señorías, a Galicia do 2014 non se pode entender sen a Galicia de onte, pero carecería de sentido se non se orientase á Galicia do mañá. Este país ten demostrado ao longo da historia a súa capacidade para aprender do mellor e do peor do pasado, mais tamén a súa vontade para proxectarse no futuro. A galegitude é un concepto atemporal, que se basea nos sinais de identidade que herdamos, e tamén pervivirá na medida en que sexamos quen de conservalos e continuálos.

Pois ben, señorías, a nosa presenza hoxe aquí, en representación de todos os cidadáns, acredita que Galicia

está viva. Vive nas nosas institucións, que, a diferenza doutros territorios, souberon manter o autogoberno durante a recesión económica. Vive no Estado do benestar, que hoxe chega a máis xente, e pode mirar ao futuro con certeza. Vive nos nosos sectores produtivos, que se sobrepoñen ás dificultades e continúan a representar o noso xeito de facer as cousas. Vive nas nosas empresas, especialmente as máis innovadoras, que proseguen a súa expansión internacional con paso decidido. Vive no noso sector financeiro, no que segue a existir unha entidade de referencia que mantén os seus centros de decisión en Galicia, que mantén os 2.500 empregos nos servizos centrais e as 200 oficinas solapadas noutras ofertas, e que debe seguir –iso si– facilitando novas vías de crédito para as familias e os emprendedores deste país que di defender. Vive na nosa lingua, na nosa cultura e nos nosos creadores, aos que seguiremos apoiando fundamentalmente pola vía do mecenado cultural. E vive, en definitiva, no día a día de todos e cada un dos cidadáns, que estamos orgullosos da nosa condición de galegos (*Aplausos.*)

Señorías, dicíalles ao principio que, se de algo me podo sentir orgulloso eu, como presidente, é deles, de todos os galegos e de todas as galegas. Estou seguro de que ningún de nós vai descansar ata que todos os galegos se vexan representados aquí, no Parlamento que nos acolle, pois esa é a función que lle reserva a democracia; unha democracia tamén viva porque é patrimonio de todos e son os cidadáns os seus valedores. Non se trata, señorías, de que concordemos en todo. A discrepancia é sa na medida en que serve para expresar a pluralidade da sociedade, pero non debería estar por riba do interese xeral.

Penso nas mulleres –tantas– que sofren a violencia de xénero e creo que este sufrimento non debería ser nunca cuestión de confrontación política, senón sempre de traballo conxunto para erradicalo.

Penso tamén en que Galicia é o único territorio español onde está activo o terrorismo, e que, por minoría que sexan, non merecen nin a condescendencia nin a ambigüidade, senón a condena inmediata e unánime de todos os que estamos aquí pola causa contraria á que actúan, a democracia. (*Aplausos.*) E por iso, señorías, vólvolles reiterar a miña vontade para sumarnos á mellora da política, e, con ela, da vida de todos os galegos e de todas as galegas.

Señorías, este país ten demostrado ao longo da súa historia que é capaz de conseguir todo o que se propón. O pobo galego sábeo ben. A súa convicción é a determinación deste Goberno. Non estamos ante unha época de cambios, senón ante un cambio de época, e sabemos como queremos chegar a ela. Cunha nova política que xorda dun compromiso renovado coa democracia; cuns servizos públicos seguros económica e socialmente que respondan ás novas necesidades; cuns sectores e unha industria renovados e adaptados ao tempo que vén; cun país posto en valor no que é, no que ten e no que fai, cara a dentro e cara a fóra.

Galicia, señorías, está preparada, Galicia avanza e Galicia é estable; e xuntos, as galegas e os galegos, conseguiremolo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis horas, coa intervención dos grupos parlamentarios.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás once e corenta e sete minutos da mañá e retómase ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA: Ocupen, por favor, os seus escanos.

Boa tarde, señorías. Reiniciamos a sesión.

Damos comezo á rolda dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra dona Carmen Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boas tardes. Moitas grazas, presidenta.

Cando tiveren coñecemento da celebración deste pleno non negarei que me entrou certa congoxa, porque unha cousa son as valoracións que facemos neste Parlamento nos plenos; outra a que fan os técnicos, profesionais e expertos; outra a que teñen os cidadáns e outra a persoal.

Vostede iniciou a súa intervención solicitando que a rúa entrara neste Parlamento. Eu vou cumprir o seu desexo: faleille do recén publicado Indicador Comparado de Calidade de Goberno do *European Quality Index* (EQI).

Neste estudo, os gobernos das comunidades autónomas mellor valorados son Asturias, Cantabria, Euskal Herria ou a Rioxa –toda a franxa norte agás Galiza. Estes, que están ben valorados polos seus cidadáns, presentan uns resultados similares á media europea, por exemplo, Francia. Namentres que as peor valoradas son Canarias, Extremadura e Galiza, con índices comparables ás rexións polacas. Así que o que percibe a poboación galega do seu Goberno é que este é mediocre, a pesar da manipulación propagandística á que están vostedes sometendo o ente da Radio-Televisión autonómica. Son os datos correspondentes ao ano 2013 e poden ser consultados e comparados na revista –eu non falo nada ben inglés; falo galego e castelán, e chégame dabondo– *Social Indicators Research*.

O estudo explora as percepcións de calidade de goberno en 206 rexións de 24 países europeos. Este índice EQI baséase nunha multitude de preguntas feitas aos cidadáns sobre a súa percepción da calidade dos servizos públicos na súa comunidade autónoma, do grao de imparcialidade das institucións e do grao de corrupción. O estudo outórgalle a Galiza a cor vermella e sitúana ao nivel de Polonia; e Euskal Herria, cun goberno moito mellor valorado pola cidadanía, á altura da rexión de Berlín.

O EQI apunta un dato que penso que merecería unha reflexión por todas e todos: en Asturias e Euskal Herria os cidadáns están especialmente contentos cos seus sectores públicos. Ao mellor, as demais comunidades do Estado poderían –nalgún descanso dos dimes e directes, o “e ti máis” e a herdanza recibida– preguntarse que están a facer ben estas comunidades, estas institucións –as institucións das comunidades de Euskal Herria e Asturias–. Ademais, esta debería ser unha función primordial do Estado das Autonomías ou tamén dun desexable estado federal se somos quen de acadalo. Esta función sería copiar, rectificar, aprender os uns dos outros, estando como está este índice do EQI altamente relacionado cos bos resultados socioeconómicos.

Aquí teñen a miña valoración do estado da Autonomía galega, que é a mesma que a dos enquisados para obter o

índice EQI e que non ten nada que ver co país que vostede fabulou esta mañá. E como xa dixen que son novata neste debate, para preparalo revisei o expediente do debate do ano pasado, no que se aprobaron 53 resolucións. Era anecdótico o que non foi proposto polo PP, pero iso xa non me asombra como ao principio porque unha vai espabilando. O que me anoxa é o seu estado de incumprimento ou os resultados e repercusión na realidade cotiá un ano despois. ¿Que facemos neste Parlamento? ¿Para que serve o noso traballo? Non é de estrañar a desafección cidadá coas institucións políticas nin que Galiza teña un índice de valoración do Goberno polos cidadáns ao nivel de Polonia.

Resolución 3. Garantir a restitución da totalidade do diñeiro investido ás persoas vítimas da estafa das participacións preferentes. Digo eu que isto quererá dicir aos aforradores e aforradoras, que non aos inversores. ¡Hai que ter moito coidadiño coas palabras, ultimamente! A día de hoxe, un ano despois, esta resolución non é unha realidade. Hai 5.000 persoas que aínda non cobraron, moitas aforradoras que non recuperaron o diñeiro de toda unha vida, ou recibido por unha indemnización, por unha xubilación anticipada, etc. E aquí non me resisto a mencionar, por ser Bankia unha das maiores “vendedoras” das preferentes, rescatada con diñeiro público, o escándalo das tarxetas *black* para os membros do Consello de Administración de Bankia e Caja Madrid, que usaron sen ningún tipo de escrúpulos individuos pertencentes a sindicatos, partidos políticos e demais personaxes típicos do que agora se denomina “casta”, á que Iñaki Gabilondo, xornalista de gran prestixio, apostila de “corrupta”.

¿E non tería pasado aquí o mesmo con Abanca, Caixa-nova ou como raio se chame? O BNG, a través da CIG, denuncia que posúe probas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –por favor– de negocios inmobiliarios vantaxosos para a muller do director, malvendendo e reducindo o patrimonio da Caixa que rescatamos entre todas. ¡Todo moi *black*! Sendo noxento o feito, o máis relevante non é o enriquecemento ilícito de oitenta e pico persoas, senón a constatación do clientelismo e a compra de vontades políticas onde todos estaban maquinando –partidos de calquera cor, sindicatos...– nun *status quo* de “hoxe por ti, mañá por min”. ¿Ou queren facernos crer que as elites, as cabeceiras de cada un deses partidos, sindicatos e organizacións empresariais non sabían nada das prebendas que se lles outorgaban ás persoas que eles mesmos colocaban nos consellos de “admiración”?

Resolución 34. Nesta resolución acórdase reprobar calquera manifestación realizada por cargos públicos nas que se xustifiquen os crimes producidos durante o franquismo. Aínda estamos as vítimas –entre as que me inclúo– e os seus familiares á espera dunha declaración institucional que condene o golpe de Estado e o réxime de terror e horror que padecemos durante corenta anos. Non esquezamos, por favor, que o xenocida, golpista e ditador Franco executou presos políticos no ano 1975. Así é que asistimos asombrados á postura do alcalde de Vigo sobre a cruz franquista e a súa demolición. E tamén ás declaracións de cargos democráticos que furgan na ferida sen pudor –sen complexos, como diría o seu ideólogo Aznar–, e que resultan repulsivos para as vítimas ou para quen, simplemente, sexa unha boa persoa.

Resolución 22. Continuar combatendo con todas as ferramentas a lacra da violencia de xénero, con medidas como a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas do Terrorismo Machista –e isto engádoo eu–, moito máis mortífero que outros terrorismos varios. Todas as ferramentas resultan cativas, e o centro, efectivamente, abriu, pero hai sospeitas e denuncias de que practica o clientelismo e o maltrato laboral –un centro para mulleres maltratadas– coas súas traballadoras: non concilia, ameaza as traballadoras temporais... Todo iso denunciado polo sindicato UXT, que afirma que a directora non cumpre a resolución da Dirección Xeral de Función Pública en materia de vacacións das mulleres con fillos menores que contempla o artigo 43 da Lei galega para igualdade de mulleres e homes. ¡Vaia directora dun centro de mulleres maltratadas, de ser certas as acusacións! ¡Que coherencia e profesionalidade na xestión! Cada vez entendo mellor o lugar que ocupa o Goberno galego na valoración cidadá.

Por certo, esta lei, a Lei galega pola igualdade, está a día de hoxe baleira de contido, así que a poden retirar, porque a saída da crise dos bancos privados a base de recortar e deteriorar os servizos públicos –educación, sanidade, atención á dependencia e outros servizos sociais– afecta especialmente ás mulleres. ¿E como? Pois aféctanos como usuarias, como empregadas destes servizos, como cidadás e como coidadoras, na casa, da infancia e das persoas maiores en situación de dependencia descoidadas polos recortes dos gobernos. Así que a lei é papel mollado, ¡poden tirar con ela!

O Goberno abandona a función redistribuidora do Estado para a que fora elixido, elimina a cobertura universal dos servizos co copago e a exclusión das inmigrantes sen papeis da sanidade pública, rebaixa os salarios e condicións de traballo e alonga a xornada; mentres o paro, sobre todo feminino, acada cotas alarmantes. E argumenta este Goberno que as políticas de igualdade das mulleres son insostibles, pero ¿podemos soste-lo incremento da desigualdade de xénero? A igualdade entre homes e mulleres non é un luxo para tempos de bonanza. O feminismo aporta solucións reais, como, por exemplo, o reparto social dos coidados domésticos non retribuídos, medida capaz de xerar emprego e repartir liberdade e benestar a toda a sociedade.

¿E como nos fumamos que aumenten o PIB estatisticamente, en diferido? Ao mellor con actividades ilegais como a prostitución e o narcotráfico e non inclúan o traballo efectivo, real e non remunerado que realizan as mulleres nos fogares e que lle resulta tan rendible ao Estado porque cubre funcións competenciais do mesmo? ¡Inexplicable!

Argumentan vostedes que hai que recortar gasto público pola herdanza recibida e pola crise. Por iso a esta deputada lle sorprende tanto o chiringuito Consejo Consultivo, de cuxa existencia acaban de decatarse moitas e moitos cidadáns –é que, señores, a cidadanía non ten tempo de se informar, está moi preocupada e moi ocupada buscando traballo, e cando lle queda algo de tempo libre miran o fútbol– a raíz da dimisión do patético e incompetente ex ministro de “inxustiza”, que supón un custo ao erario público de 4,3 millóns de euros ao ano na Comunidade de Madrid. Pero este órgano ou similares existen en Galiza e están pragados de políticos profesionais e veteranos con altos soldos; un retiro dourado de vellos elefantes, políticos profesionais, que non son quen de retomar a vida civil, se é que algunha vez a tiveron.

¿Canto nos custa aos galegos este chiringuito, señor presidente? Contesto eu: nos orzamentos do 2014, 2 millóns; ou sexa, 1.990.454 euros. Señorías e señores do Goberno e da política, señorías, hai que pechar estes chiringuitos para recuperar a credibilidade nas institucións políticas e empezar a minguar a brecha social existente coa clase política. Menos ofensiva retórica e máis actuacións, ¡por favor! É escandaloso que haxa unha muller na rúa –Beatriz Figuroa– porque non pode curar por mor dos recortes e que esas señorías poi-

dan seguir privilexiadas a custa do erario público. ¿E que me din do feito de que se aproveite para a propaganda da Monarquía que un neno enfermo sexa tratado pola consorte do xefe do Estado como un súbdito para acceder a un servizo sanitario do que ten necesidade e ao que ten dereito? ¡Que vergonza para o Goberno que un neno galego sexa obxecto e suxeito das bondades da Monarquía española! ¡Que vergonza! Eu avergónome e acúsoos; acúsoos de facer política de improvisacións, acúsoos de contaxiar do ébola a unha muller galega auxiliar de enfermería, vítima da política de escaparate, ou, mellor dito, política do disparate que acaba tendo resultados criminais.

Outra resolución do ano pasado, a resolución 7ª: “Continuar aprofundando na interoperatividade administrativa que supoña a eliminación de documentación a exixir á cidadanía e na redución dos tempos de resposta na tramitación dos procedementos administrativos para reducir as cargas da cidadanía”. Bueno, isto é demasiado. Grazas a que temos funcionarias que o dan todo, porque, de verdade, falar deste tema lévanos ao “*vuelva usted mañana*”, de Larra, e fainos graza. Pregúntelles vostedes aos universitarios e ás universitarias que xestións teñen que facer para solicitar becas, para pedir traslados... Bueno, unha loucura total.

E, por outra banda, esta deputada que está falando leva dous anos en lista de espera para recibir un tratamento na sanidade pública. Esta situación –desculpen o persoal, pero ilustrativo do caso, polo que non se me pode acusar de difundir rumores– está en contradición con esta resolución e tamén coa 36ª –Lei de control de calidade dos servizos públicos de Galicia, que non se fixo–, ou coa 52ª, sostibilidade do sistema de prestacións.

Bueno ¿e que me din das beneficiarias das pagas da risga? Suponse que se van cobrar unha paga risga é porque non teñen nada para comprar pan nin nada. Bueno, pois están esperando polos trámites creo que burocráticos ou algo así, como xa se ten denunciado neste Parlamento moitas veces.

Podía seguir cuestionando o resultado das resolucións acadadas. Pero, como sempre vou tan limitada de tempo, aprémame o facerlles a seguinte pregunta: ¿vostedes sorprendense de que a cidadanía non confíe na clase política? ¿Por que non reaccionan? Atopámonos nunha situación de

emergencia social e a meirande parte da xente –tamén os seus votantes– asiste estupefacta ao espectáculo de ver como a clase política debate en foros excluíntes, por boca de líderes esgotados, a través de plasmas, sobre proxectos inalcanzables, frustracións, “ti máis”, empregando unha linguaxe que eu case, case cualificaría de argot político e instrumentalizando as canles públicas para a súa conveniencia; debates dos que se retroalimentan –coma se dun programa do corazón se tratara– os políticos profesionais para así manter e, sobre todo xustificar, o seu status de representantes do pobo soberano.

E falando da tan falada, sobada e manipulada rexeneración democrática é hora xa de acabar coa profesionalización da política, á que se lle supón unha vocación de servizo, que non de ambición individual. E aquí teñen moito que ver as endogamias dos partidos, que preparan a xuventude á marxe da realidade social na que van exercer os seus futuros liderados, futuros profesionais da política. Non é raro –a día de hoxe nada raro– coñecer políticos que nunca tiveron obrigas laborais nin profesionais enquistarse nos órganos de poder e de dirección e exercer a representación dunhas cidadás das que non teñen idea de nada. Cre esta deputada que ninguén debería ocupar o mesmo cargo político máis de tres períodos e que ninguén debería exercer representatividade sen teren compartido como e cos demais unha vida laboral ou profesional.

Por certo, nos presupostos xerais do Estado o financiamento dos partidos políticos aumenta un 80% –xa sei que hai eleccións no 2015– e o incremento da sanidade un 0,7. Pero é que no 2014 recortáranlle un 35 %.

Esta chamémoslle “elite social” practica unha política afastada da realidade e que se vai exercendo intuitivamente, respondendo a estímulos conxunturais e baixo a óptica dos resultados inmediatos nas urnas, utilizando en clave electoral aqueles elementos que maior impacto poden ter nun período concreto: vicios e defectos da partitocracia, cortopracismo –que dirían ultimamente–... É dicir, ¿que fan vostedes? Electoralismo. Porque consideran os resultados electorais como un fin en si mesmo, e fan do voto o punto de chegada e non de partida. Así abandonan a realidade e a análise da realidade –neste momento terrible– e concentran toda a súa actividade e enerxía política nas campañas electorais, claro.

Hai pouco, no mes de abril, aprobouse neste Parlamento a Lei contra a discriminación sexual, cuxo texto orixinal foi modificado polo PP e coaccionado pola Igrexa e o Foro da Familia, que intentou paralizala; de tal maneira que o que ía ser non foi, porque se aceptaron todas as emendas do partido no poder, que, entre outros, rexeitou teimosamente os aspectos sancionadores. Así que o que tiña que ser unha lei como a aprobada en Cataluña hai uns días e que di: “Quen vulnere a lei, persoa ou institución, enfrontarase a unha sanción tanto económica como administrativa”, queda nunha declaración de intencións de “bo rollito” e claramente electoralista.

Recordo tamén, señor presidente, cando vostede no último período electoral autonómico, veu a Ourense inaugurar unha maqueta dun hospital –estaba eu alí–, e a Plataforma por unha sanidade digna de Ourense, representativa de moitos colectivos veciñais, profesionais, civís..., non foi quen de entregarlle na man un escrito coas demandas que tiñan recollidas dos votantes, porque un cordón policial nos impedía achegarnos a vostede. De verdade que si. ¡Que desprezo e que prepotencia manifestou! O “presi” de todas nós emprega a violencia de Estado, nin saúda nin nos fala dos asuntos que nos preocupan e que deberían ser os que lle preocuparían a vostede, porque é o presidente da Xunta de Galicia, ademais dun alto cargo do PP.

Digo eu, ¿será medo ou falta de consideración? Porque ¿en que consideración nos ten vostede xa non cando pasa entre a xente nos actos oficiais protexido como *El padrino* o *El papa*, senón cando escaquea explicacións, datos e documentos sobre contratos da Xunta no ano 2003 co narco Dorado, amigo seu? Esta deputada non ten ningún problema coa súa vida privada, con quen vostede tome o aire, o sol ou o que queira, pero, señor Feijoo, señor presidente, é vostede un personaxe público e ademais ten responsabilidades políticas. ¿Consideración? Ningunha. Bueno, pois, entón... ¿Ou será medo? Medo a un proceso imparabile, como en certos países de América, cos que, a que fala se identifica moito máis que con Finlandia, por exemplo. Pois ben, un proceso imparabile que fará que as cidadás de todas as nacións de España exerciten a lexitimidade do seu voto nas urnas sen as ataduras lexislativas que deixou o posfranquismo. Saben que o momento é chegado e tremen, porque unha revolución democrática vai desterrar a política dos salóns para restituí-la ao verdadeiramente soberano.

Na rúa estamos moi fartas, de verdade, ¡eh!, estamos moi fartas, moi fartas de corrupción, precariedade e, sobre todo, de impunidade, porque a xustiza, por desgraza e en contra da Constitución, non é igual para todos en tempos nin en dereitos nin na súa imparcialidade. E vostedes aférranse á legalidade cando lles convén, cando por todas é sabido que o legal non ten por que ser lexítimo. É legal a ablación, a lapidación, a pena de morte... en certos países que así o lexislan, pero isto non quere dicir que tales aberracións sexan lexítimas porque son inxustas e non son acordes cos dereitos humanos.

Lembremos tamén as atrocidades cometidas ao longo da historia en “*nombre de la ley*”: segregación racial, xenocidio, exterminio, etc. Por iso a persoa que lexisla debe ter a obriga de lexislar con lealdade e proporcionalidade, polo ben común, nun marco legal que recolla o lexítimo.

¿É legal que Rajoy siga a ser presidente do Estado? Seguro que si, claramente que si, pero carece de lexitimidade de un presidente cuxa moralidade está cuestionada por supostos diñeiros que o seu partido pagou en diferido, que se atoparon nun Jaguar no garaxe dunha ministra do seu goberno, amiga dunha ex presidenta da Comunidade de Madrid que no máis estilo gamberro dos anos sesenta foxe dun alto cargo policial e nesa fuxida enlouquecida tomba a moto dun dos axentes e vai refuxiarse a unha sede reformada con diñeiros de caixas B e sen pagar IVE. Por favor, ¿pensan que somos parvas ou que “dimitir” é un nome ruso? Decía o poeta: “*Es amarga la verdad; lo que no tiene es remedio*”.

Pero á parte desta falta de respecto polos votantes e cidadás, coído que o medo está a cambiar de bando, e esa é a orixe do Proxecto de lei de seguridade cidadá; lei que, segundo moitos expertos, foi elaborada e pensada para reprimir o movemento. Pregunto: ¿será lexítimo reprimir as liberdades civís? Legal si, ¿pero lexítimo? “Sen casa, sen curro, sen futuro, ¡sen medo!”, din as mozas na rúa. Xente nova que escolle unha opción: protestan contra algo e propoñen alternativas.

Tocamos fondo, señor presidente. Non hai nada que perder e moito que reconquistar. E, ademais, acabamos de contemplar como a loita feminista foi quen de aparcar a retrógrada nacional católica Lei do aborto do patético ministro da inxustiza.

¿Así que teñen medo, eh? Vale. E saiban, por se non o sabían, que segundo a Corte Penal Internacional, crime contra a humanidade é “calquera acto inhumano que cause sufrimento ou atente contra a saúde mental ou física de quen o sofre, cometido como parte dun ataque xeneralizado ou sistemático contra unha poboación civil”.

Situacións como as que crearon a estafa –que lle chaman crise– deron pé a falar de “crimes económicos contra a humanidade e de limpeza étnica de pasivos”. Aos responsables das políticas de axuste, como retrasar as mamografías e os tratamentos, poderíaselles inculpar nun futuro de delito de crimes contra a humanidade, porque estas políticas producen danos grandísimos directos ou indirectos –estase suicidando xente, señores do Goberno, estase suicidando a xente, ¡eh!, é moi grave– que afectan grandes sectores da poboación, e ademais son danos que se coñecen de antemán, e, pese a iso, execútanos con premeditación e, ademais, para beneficio dunha minoría.

Bueno, e agora, o estado da Autonomía. Pois fatal, fatal. Adolece de moitos males: corrupción endémica, clientelismo, paro, desigualdade, violencia machista e laboral, un éxodo xuvenil sen precedentes pola preparación académica dos emigrados, que, sinalo, contradí a Resolución 9ª dos acordos do ano pasado referida á captación e retención de talentos. Está claro que marchan. A non ser que con captación e retención de talentos vostede se estea a referir aos seus asesores, cuxo custo público é máis grande que o que lle custan á cidadanía os representantes lexítimos desta Cámara, e legais. Fame, exclusión, pobreza infantil, caridade, desmantelamento da sanidade e o ensino público, violencia governamental a través das forzas represivas do Estado contra os dereitos laborais, civís e democráticos.

Pero vostedes abrumámanos con cifras e estatísticas que a oposición, os partidos políticos da oposición, con paciencia, argumentos e probas desmantelan sen que vostedes se alteren. ¡Que *guay*! ¡Que bo Goberno! Estupenda xestión, vostedes non se preocupen que “*crecemos como la espuma*”, que diría o refrán. ¡Pura ofensiva dialéctica, señores do poder e do seu partido!

Que doado é para os profesionais da política instrumentalizar as cifras e alterar a exactitude matemática na valoración política para que o inaudito acade a categoría de crible.

¡Que mal nos queren os que nos gobernan, que mal nos tratan, xogan coa ilusión e as esperanzas e as vidas dos seres humanos! Non lles importamos nada.

Señor presidente da Xunta de Galicia, iniciéi esta intervención traéndolle a rúa ao Parlamento, e agora fágolle eu a proposta contraria: baixe vostede do seu coche oficial, percorra a rúa do Hórreo a calquera hora da mañá ata a Praza de Galicia. Terá tres exemplos alomenos do que esta deputada vai desenvolver a continuación. ¿E que é? Cidadás excluídas, sempre os mesmos rostros, que non corresponden nin a drogadicotos nin a antisistemas; aseados, limpos, alguén que hai uns anos ben nos puido ter atendido nun banco ou nunha tenda, os rostros do abandono, das que están pero xa non son, os rostros das súas políticas económicas e sociais, as vítimas do terrorismo económico. Refírome á pobreza social, que se estende polo sur de Europa e chega a Galicia para instalarse coma mesta néboa nos fogares das máis desfavorecidas. A pobreza social, que é a que afecta á integración dun individuo dentro dun colectivo referencial. Nos países con políticas sociais coma Cuba –si, coma Cuba– os desequilibrios xerados pola pobreza na súa multidimensión e que conducen á exclusión recondúcense a través dos servizos do Estado. A universalización do dereito á educación e á saúde a través dun sistema público e da actuación dos servizos sociais da comunidade con competencias nas distintas administracións son os instrumentos máis importantes e eficaces das sociedades avanzadas para reequilibrar os dereitos de todas e todos.

E é o sistema educativo o que ten maiores retos que afrontar para reconducir a marxinação que xera a pobreza no eido intelectual e social. O dereito á coeducación debe ser o pilar do Estado do benestar. O investimento en educación é, sen dúbida, o que fai unha sociedade que aposta pola calidade de vida e pola integración de todos e todas con éxito, pola formación integral en condicións de igualdade e pola paz social. Pero a vostedes isto seguramente dálles igual, porque non serán vostedes politicamente os que recollan os froitos. Quizás este sexa o gran problema polo que foi imposible acadar entre os partidos históricos un gran pacto de Estado para a educación. Pero quero ser optimista, e espero e desexo que a mobilización cidadá –dende abaixo– para tomar as institucións e darlle a volta a este sistema de xeito democrático teña éxito, e se sementen as bases dunha sociedade na que importen máis as persoas que os bancos, na que

importe máis a ecoloxía que a economía; unha sociedade xestionada en beneficio das persoas e da natureza, porque a utopía é un camiño, non un obxectivo.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra don Francisco Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: “A realidade actual dá noxo, pero non podemos fuxir dela por escrúpulos inúteis, pois, para modelar un pobo de barro, é forzoso luxar as mans. De tal xeito se impón unha política de realidades que os mesmos defectos deben ser cultivados para que se troquen en virtudes. Fundirse co pobo, sentir as angurias da súa resignación, infundirle conciencia da súa persoalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar. Primeiro ser, despois triunfar. Porque aquel que non teña fe absoluta nas virtudes en potencia do noso pobo non ten dereito a galvanizalo con promesas electoreiras e transitorias. Nós temos fe no noso pobo, e moi logo o noso pobo terá fe en nós.”

Señora presidenta, deputados e deputadas, convidados e convidadas, señor Feijóo, este ano celébrase o setenta aniversario da publicación do *Sempre en Galiza*. Por tanto, permitan que comece a miña intervención con esta cita extraída da obra magna do nacionalismo galego, unha cita chea de contido. Castela reivindica a política como ferramenta indispensable para transformar a realidade, e expresa tamén o seu sentido ético da política. A política entendida como compromiso co noso pobo, a política entendida ao servizo duns valores, duns principios, dun proxecto de nación. Porque aquel que non teña fe nas virtudes do noso pobo non ten dereito a galvanizalo con promesas electoreiras e transitorias.

E vostede, señor Feijóo, vostede que tivo o atrevemento de incluírse entre “os herdeiros do testemuño político do *Sempre en Galicia*, ¿fúndese co noso pobo? ¿Sente as súas angurias? Porque, mire, despois de escoitalo hoxe pola mañá, pasoume o mesmo que cando vexo o telexornal: teño a sensación de que non está falando do país no que eu vivo, de que non está falando do meu país.

Porque na Galiza na que eu vivo hai case 300.000 persoas no paro, hai 650.000 persoas en risco de exclusión social. Na Galiza na que eu vivo, señor Feijóo, máis de 100.000 mozos e mozas tiveron que emigrar; e dos que quedan, menos da metade poden traballar. Na Galiza na que eu vivo, unha de cada dúas persoas non chega a mileurista, e seis de cada dez familias teñen serias dificultades para chegar á fin de mes.

Mire, desde que vostede é presidente, a renda dos contribuíntes galegos caeu en 700 euros ao ano. Segundo a EPA, a taxa de desemprego medrou un 83 %, por riba da media estatal, señor Feijóo. Desde que vostede é presidente, duplicouse a taxa de paro feminino e as mulleres no noso país cobran xa un 23 % menos que os homes. Dende que vostede é presidente, duplicouse tamén o número de fogares con todos os membros en paro –xa son máis de 100.000–, e 120.000 persoas viven en situación de pobreza severa.

Señor Feijóo, igual que en 1935, cando Castelao escribiu aquelas palabras, a realidade actual dá noxo, porque ao desastre económico e social que vive o noso país únese a corrupción, a degradación da democracia e a anulación do autogoberno. Porque no Estado español –isto é o que nos ensina a historia– estes procesos estiveron sempre vencellados. O centralismo, a negación dos dereitos dos pobos, sempre foi da man do recorte das liberdades e dos dereitos, e do medre da inxustiza social. E o problema é que vostede está ao servizo dese proceso. Vostede está ao servizo da anulación do noso país.

Mire, dicía tamén Castelao que a dominación de Galiza endexamais será efectiva entrementes fale un idioma diferente do castelán. Pero dicía en cambio Antonio de Nebrija que *“siempre la lengua fue compañera del imperio”*. Quizais teñamos nestas dúas frases a explicación das súas políticas lingüísticas, a explicación do seu programa de demolición paso a paso do idioma e da cultura que se expresa en galego. Porque a dominación cultural estivo sempre ao servizo da dominación política e económica. Precisamente por iso quizais vostede hoxe á mañá na súa intervención dedicase só unha liña a falar da lingua e da cultura deste país. E todos os seus proxectos de futuro redúcense a incentivar o mecenado.

¿E sabe por que é isto? Porque vostede nin ten proxecto de goberno nin ten proxecto de país. Para vostede gobernar

é simplemente a administración do día a día, sen un horizonte de esperanza que ofrecerlle ao noso pobo. Vostede non fai nada –voltando a Castelao– para darlle ao noso pobo vida e arelas para prosperar.

Non se compromete, non se responsabiliza, conténtase con botarlles a outros a culpa. Acabámolo de ver con Navantia, seguramente por iso hoxe pola mañá pasou de puntillas sobre esta cuestión. Non pasaron vinte e catro horas da resposta de Bruxelas a unha simple consulta informal do Goberno español para que vostedes desen por enterrado o dique flotante. En cambio, cando se confirmou a fin do veto vostede puxo en dúbida a credibilidade do anuncio. Mire, señor Feijóo, ¿por que dá por definitiva a resposta a unha simple consulta informal e non concede, en cambio, validez ao anuncio que confirma a fin do veto? Pois, mire, porque só busca un pretexto para renunciar á construción naval civil en Navantia, por iso non se opón a que Navantia pase a depender do Ministerio de Defensa. E quizais por iso tamén defendeu o turismo industrial como grande solución de futuro para Ferrol, a cidade onde hai máis pobreza de toda Galiza.

Mire, dixó que se enterou pola prensa de que Navantia desvíu oito bloques do flotel a Porto Real –a Puerto Real, para ser máis exactos–. ¿Ve por que Galiza necesita o dereito a decidir, capacidade de decidir? Pois, mire, entre outras cousas para que o presidente da Xunta de Galiza non teña que enterarse pola prensa de que Madrid nos saca carga de traballo. *(Aplausos.)* ¿Ve por que é necesario dotar os estaleiros de Ferrol de plena autonomía organizativa e comercial?

Vostede critica a política comercial de Navantia, pero en cambio non fai absolutamente nada para cambiala. Este Parlamento aprobou unha lei do sector naval que habilita a Xunta de Galiza para poder estar presente nos órganos reitores de Navantia e, por tanto, poder modificala. Pero vostedes non a desenvolven, vostede prefere non responsabilizarse.

Mire, agora anuncia un plan de diversificación industrial para Galiza. ¡A boas horas mangas verdes!, di o dito popular. Porque anuncia isto despois de que Galiza perdesse nos últimos anos un 20 % de emprego industrial e lidere este ano a caída do índice de produción industrial.

¡Pero quere explicarnos que política industrial ten vostede! Nun mundo onde a dispoñibilidade de enerxía é un valor

estratéxico, Galiza é excedentaria na produción de electricidade, mais hai empresas que están pechando porque non poden asumir os custos da factura eléctrica. ¿Que fixo vostede para facer posíbel unha tarifa eléctrica galega, unha tarifa que teña en conta a nosa condición de país fornecedor de electricidade, unha electricidade que se produce explotando os recursos de todos os galegos e de todas as galegas?

¿Sabe que fixo? Nada, absolutamente nada. ¿Sabe o que fixo o Goberno vasco? Arrancar do Goberno central unha tarifa diferenciada para as súas industrias.

Mire, temos un potencial enorme para desenvolver as enerxías renovábeis, un sector con capacidade de xerar emprego e de aportar valor engadido ao noso tecido produtivo, e as nosas empresas do sector pechan ou teñen que emigrar. Todo pola súa incapacidade, señor Feijóo, polo fiasco do sector eólico provocado polo seu Goberno, pese a que hoxe pola mañá intentou inventarnos unha realidade que só existe na súa imaxinación. E tamén, señor Feijóo, pola súa submisión, aceptando que o Goberno central decreta o parón das renovábeis, un campo no que Galiza ten un extraordinario potencial.

Mire, somos unha potencia eléctrica, pero hai vellos no noso país que viven ao carón dunha torre de alta tensión e non poden pagar a luz. As enerxías renovábeis facilitan o autoconsumo, un xeito de loitar contra a pobreza enerxética, un problema moi grave no noso país. Pero vostedes aceptan que o Goberno español penalice o autoconsumo.

Nun mundo onde a produción de alimentos é un valor estratéxico, o noso país ten capacidade para producir moitos máis alimentos dos que necesita, mais a nosa pesca –a frota pesqueira está en desguace– e o noso campo van camiño de converterse nun deserto.

Nin a Xunta nin o Goberno español conseguiron que Galiza fose recoñecida como zona altamente dependente da pesca, e a consecuencia é que a nosa frota segue sendo expulsada. Pero, iso si, hai que recoñecer os servizos prestados ao señor Cañete, ese misóxino que representa os intereses dos terratenentes e das industrias petroleiras.

Mire, mentres as multinacionais mercan terras polo mundo adiante para producir alimentos, Galiza –segundo a

Comisión Europea– perdeu nos últimos anos 50.000 hectáreas de superficie agraria útil. E mentres o noso territorio está abandonado, hai gandeiros galegos que teñen que alugar terras en Castela para o recoñecemento de superficie da PAC. ¿Cal é a súa política para o sector primario, señor Feijóo?

A crise podía ser unha oportunidade para a revitalización do medio rural, mais vostedes seguen desmantelando servizos e non teñen ningún deseño estratéxico para aproveitar as potencialidades de Galiza no eido do sector primario.

¿Sabe por que os emprendedores –ese concepto do que vostedes gustan tanto– non poden desenvolver os seus proxectos no agro? Porque nin teñen terras, nin acceso a financiamento, nin servizos de orientación, froito da ineficacia total e absoluta das súas políticas.

¿Que modelo de desenvolvemento ten para o noso país, señor Feijóo? Mire, Alemaña –e é evidente que nós simpatizamos coa señora Merkel– destina o 2,8 % do seu produto interior bruto a I+D; o Estado español, o 1,3 %. E, desde que vostede é presidente, en Galiza recortouse até o 0,87 %, e para as universidades só o 0,67 %. Esa é a realidade e non a que nos intentou vender esta mañá, señor Feijóo. ¿Así é como pensan conseguir vostedes un novo modelo produtivo?

Temos as universitarias e os universitarios mellor preparados da historia, e o seu coñecemento emigra por falta de oportunidades. Non é a xeración perdida, señor Feijóo, é a xeración abandonada, a xeración abandonada polas súas políticas.

Miren, vostedes buscan a competitividade da economía en degradar as condicións de traballo, mais así non se compete, señor Feijóo, sempre haberá quen produza máis barato. E con salarios de miseria nin se combate a pobreza nin se sae da crise, porque chegará un momento no que non haberá quen consuma.

Señor Feijóo, con vostede dáse un paradoxo: preside un goberno autonómico mais non cre no autogoberno. Por iso renuncia a infundirlle ao noso pobo conciencia da súa personalidade e capacidade, renuncia a darlle vida e arelas para prosperar. Porque para iso é para o que precisamos, como galegos e como galegas, ter capacidade para decidir, señor Feijóo, para que Madrid non nos dite que temos que recortar

no noso ensino, na nosa sanidade, nos nosos servizos sociais, mentres o Goberno español ten previsto destinar 4.600 millóns de euros –a metade do orzamento da Xunta de Galiza– en rescatar as autoestradas madrileñas; para que desde fóra non nos prohiban traballar ou que a electricidade que producimos redunde no noso beneficio, mentres no noso país só unha de cada dúas persoas está ocupada.

O pobo galego necesita decidir por si mesmo para ter dereito ao futuro, para que a democracia non sexa un slogan baleiro e como pobo poidamos exercela todos os días; e para termos as ferramentas que nos permitan construír un novo modelo social no que a igualdade e a xustiza non sexan un simple reclamo propagandístico. Necesitamos poder decidir por nós mesmos, en definitiva, para darlle ao noso pobo vida e arelas para prosperar.

Mais vostede non cre no autogoberno –como dicía antes–, por iso non reclama unha soa competencia, as que ten permite que sexan invadidas e ademais non as exerce. Mire, desde que vostede é presidente, ¿sabe cantas competencias transferiu o Goberno español ás comunidades autónomas? Sesenta e catro. ¿Sabe cantas a Euskadi? Catorce. ¿A Cataluña? Nove. ¿A Galiza? Cero, ¡cero!, señor Feijóo. Vostede non cre no autogoberno, ese é o problema. Non cre no autogoberno e por iso non escoitamos nunca a súa voz cando se trata de defender este país.

No debate sobre as políticas fiscais e o sistema de financiamento autonómico temos un bo exemplo. Mire, vostedes, señores do Partido Popular, señoras do Partido Popular, xustifican os recortes, a demolición programada das políticas sociais e dos servizos públicos, dicindo que non se pode gastar o que non se ten. Ben, non se pode gastar o que non se ten, mais renuncian, no ámbito das súas competencias, a exixir que pague máis impostos quen máis ten. Mentres, Galiza é xa a terceira comunidade autónoma do Estado español con menos gasto sanitario por habitante, señor Feijóo. Non se pode gastar o que non se ten –agás en asesores, por suposto–, mais destinan 2.700.000 euros a residencias privadas de maiores mentres reducen á metade o gasto en comida para os maiores que están ingresados en residencias públicas. ¿Sabe cal é a consecuencia, señora conselleira –que pon cara de perplexidade–? Pois, mire, que non poden consumir nin verduras, nin carne, nin peixe fresco; e os residentes con problemas de contención que se apañen cun cueiro toda a noite.

Esa é a sensibilidade social do seu Goberno, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Mire, non se pode gastar o que non se ten, mais, iso si, destinan 250 millóns de euros aos centros privados concertados, incluídos 12 millóns de euros a centros que segregan a nenos e nenas en razón do seu xénero. E, mentres tanto, recortan os orzamentos no ensino público nada máis e nada menos que nun 30 % desde que vostede é presidente, señor Feijóo. Por certo, ¿vai exixir que os centros do Opus que estiveron percibindo estas axudas ilegalmente devolvan este diñeiro? ¿Vai exixilo? Espero que na réplica sexa claro na resposta.

Mire, non se pode gastar o que non se ten –segundo vostedes– pero apoia a reforma fiscal do señor Montoro, unha reforma inxusta. As rendas do traballo apenas representan a metade da riqueza total, pero xa representan o 80 % da carga fiscal. E coa reforma do señor Montoro o peso á hora de soportar a carga fiscal será aínda maior. Pero, ademais, esa reforma reducirá aínda máis as achegas do Estado ás comunidades autónomas. As asociacións en defensa da sanidade pública advirten de que o actual sistema de financiamento non asegura recursos suficientes para financiar os servizos públicos, e alertan de que esta situación se agravará coa reforma fiscal en marcha levada a adiante polo Goberno central. E o problema é que vostede o acepta, señor Feijóo.

E, mire –e dado que estamos falando de sanidade–, adhiróme tamén á mostra de solidariedade coa persoa, que ademais é paisana e compatriota, afectada por ébola. Pero haberá que asumir responsabilidades pola xestión tan irresponsable que provocou esta situación. Terá que dimitir a señora Mato, digo eu. *(Aplausos.)*

Pero, mire, vostede tamén acepta, cando resulta que a metade dos parados no noso país xa non cobran ningunha prestación, que o Goberno central presuma de que en 2015 vai haber un aforro importante en políticas pasivas de emprego precisamente porque deixan de pagar a prestación ao extinguirse o período ao que tiñan dereito; 300 millóns de euros vai aforrar o Estado só en Galiza polos parados aos que se lles extingue a prestación. Hoxe prometeu un plan de emprego. Fágolle unha proposta: ¿por que non reclama que se transfira esa cantidade a Galiza para non deixar esas persoas na desprotección e para ter recursos para políticas activas de emprego e para xerar emprego no noso país?

Mire, non se pode gastar o que non se ten, mais acepta tamén que o Goberno do Estado incumpra a lei e aprace a revisión do sistema de financiamento autonómico, unha cuestión –como xa lle teño dito– clave para o país, pero chave sobre todo para as persoas, señor Feijóo, porque do sistema de financiamento depende o financiamento da nosa sanidade, do noso ensino, dos nosos servizos sociais. ¿Sabe cantos cartos leva perdido Galiza dende a entrada en vigor do novo sistema de financiamento? Mire, segundo os nosos cálculos, 6.561 millóns de euros, dúas veces o orzamento da Consellería de Sanidade para 2014, máis de tres veces e media o orzamento da Consellería de Educación e Cultura tamén para o exercicio 2014. E, por suposto, unha parte desta caída é froito da menor recadación froito da crise; pero unha parte moi importante é pola reforma de 2009, claramente prexudicial para o noso país. E vostede aplaude que se aprace esta revisión.

Pregunteille por esta cuestión na última sesión de control e, en vez de concretar as súas propostas, en vez de concretar a súa posición, dedicou toda a intervención a criticar a posición catalá. E repítoallo, señor Feijóo, o problema de Galiza non é a posición catalá, o problema de Galiza é a ausencia dunha posición galega nesta cuestión, porque vostede está dimitindo á hora de exercer as súas responsabilidades como presidente de Galiza, como presidente de todos os galegos e as galegas.

Mire, vostede enche a boca criticando as balanzas fiscais catalás pero, en cambio, aplaude as balanzas fiscais inventadas polo señor Montoro. Unhas balanzas que son un insulto á intelixencia. Se lle fixésemos caso, resultaría que a principal vítima do centralismo é Madrid, o mundo ao revés. Mire, desde esta tribuna temos escoitado por parte do Partido Popular, como gran argumento para demostrar a presunta solidariedade do Estado con Galiza, que a renda media dos galegos gaña posicións na comparativa co resto despois de impostos. Pero, mire, por pouco equitativo, por pouco redistributivo que sexa o sistema fiscal español, se resulta que cobramos as pensións máis baixas do Estado, se resulta que a renda media dos contribuíntes galegos é inferior en 2.200 euros ao ano á media estatal, se en Galiza o número de persoas que viven das pensións, dos subsidios, das prestacións, xa supera o número de persoas que viven do seu traballo, é lóxico que na comparativa, despois de impostos, gañemos posicións. Pero iso é precisamente reflexo da nosa condición

de país empobrecido pola situación de dependencia que padecemos. E eu fago unha pregunta, ¿é ese o futuro que vostedes queren para Galiza? ¿Un futuro onde só unha minoría pode vivir dignamente do seu traballo? ¿Un futuro onde a mocidade no ano 2000 representaba a cuarta parte da poboación ocupada e agora representa pouco máis do 10 %, sen contar as dúcias de miles de mozos e mozas que tiveron que emigrar? ¿Un futuro onde xa se asume como normal formar os mozos e mozas para emigrar? ¿Un futuro onde se asuma como normal, porque son formados xa para que emigren, que sexan plenamente competentes no dominio do inglés mentres as súas políticas lingüísticas fan que sexan total e absolutamente incompetentes no coñecemento e dominio do galego?

Pois nós queremos outro futuro, señor Feijóo, e para que sexa posíbel outro futuro hai que tronzar a dependencia, hai que acabar coa dependencia. Se queremos outro futuro temos que responsabilizarnos tamén desde o punto de vista fiscal, para que o diñeiro dos nosos impostos non emigre. Porque, ademais, é falso que vivamos das transferencias do Estado, o Estado recada en Galiza polos distintos conceptos impositivos moito máis do que logo transfíre á Comunidade Autónoma.

Mire, señor Feijóo, non pido que asuma o programa do BNG, pido simplemente que asuma as súas propias palabras. E agora vou explicar por que digo isto.

Pido simplemente que asuma as súas propias palabras. Vostede díxome na última sesión de control, para criticar as balanzas fiscais catalás, o seguinte –e vou citar textualmente–: “¿Por que non facemos a balanza fiscal dende os anos 60, señor Jorquera?” –foi o que dixó, estou citándoo–. “¿Por que vostede e eu non lles dicimos aos cataláns que fagamos a balanza fiscal desde os anos 60?”. Pois, mire, contéstolle: fagámolas, non temos absolutamente ningún problema. Neste Parlamento propúxose constituír unha comisión de estudos sobre os ingresos e o sistema de financiamento. Vostedes opuxéronse porque se ía revisar o sistema este ano, e seica non daba tempo. Mire, agora xa non teñen ese pretexto, constituamos esa comisión. E se quere retroceder até os anos sesenta para estudar como os recursos do noso país foron drenados en beneficio doutros territorios, fagámolo tamén, fagámolo tamén. O BNG encantado, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Mire, analicemos, por exemplo, o espolio que para Galiza representa a sangría da emigración; analicemos, por exemplo, o espolio que para Galiza representa a apropiación das nosas materias primas e recursos enerxéticos, e analicemos tamén, por exemplo, o espolio do noso aforro.

¿Doulle datos? Segundo o Banco de España no conxunto do Estado por cada 100 euros depositados nos bancos hai 123 en créditos concedidos. En cambio, en Galiza por cada 100 euros depositados só se destinan 84 á concesión de crédito no noso territorio.

Estamos á cola na relación créditos-depósitos, pero é que ademais estamos, tamén, á cola na relación crédito-poboación. E, ademais, os datos aportados polo Banco de España demostran que a situación, lonxe de corrixirse, vai a peor.

¿Sabe que significa isto, señor Feijóo? Significa que o aforro dos galegos e das galegas tamén emigra.

As pemes asfixiadas por falta de crédito; emprendedores –ese concepto, insisto, do que tanto gustan– que non poden materializar o seu proxecto por falta de crédito; miles de empresas solventes que tiveron que pechar por dificultades de acceso ao financiamento. E, mentres tanto, o noso aforro emigra. E hoxe pola mañá vostede, na súa intervención, non lle dedicou nin un segundo a esta sangría que padece o noso país.

E eu fágolle unha pregunta, señor Feijóo. ¿Non ten nada que ver esta situación coa perda das nosas entidades financeiras? Xa temos os datos, xa temos os datos. Coa venda de Novagalicia Banco só se recuperou o 8 % do diñeiro público aportado, perdéronse 8.253 millóns de euros de todos os contribuíntes.

¿Sabe que significa isto, señor Feijóo? Significa socializar as perdas da banca, imputarlle á sociedade as perdas da banca que logo teñen que pagar en forma de brutais recortes. Significa, tamén, nacionalizar a débeda privada, converter a débeda privada en débeda pública, que logo temos que pagar, absolutamente, todos os cidadáns.

Isto é o que queremos dicir, señor Feijóo, situacións como esta é o que queremos dicir cando falamos de débeda ilexítima. Pero seica era pecado transformar Novagalicia Banco nun banco público galego. E aínda por riba os res-

ponsábeis de saquear as nosas caixas de aforros seguen impunes.

Aportamos á Comisión de Caixas novos datos que demostran estas prácticas de saqueo. Vostede dixo –cito tamén textualmente–: “Se hai algunha documentación que merece ser comentada e coñecida por Galiza, estamos a disposición desa comisión.”

Mire, vostede tamén é presidente do Partido Popular de Galiza, ¿vai apoiar o seu partido a reapertura da comisión ante as evidencias de novas prácticas de saqueo por parte dos seus antigos dirixentes? (*Aplausos.*)

E fágolle outra pregunta, señor Feijóo, ¿ten algunha proposta para recuperar o crédito en Galiza? O BNG si: crear o instituto galego de crédito e investimento, un xermolo de banca pública galega para pór os instrumentos financeiros públicos ao servizo da nosa economía produtiva.

Mire, señor Feijóo, non me esquezo, hoxe á mañá falou tamén de corrupción. O que necesita a sociedade galega son feitos e non declaracións de intencións, porque vostede neste tema actuou sempre tarde, mal e arrastro, e ademais hai episodios do seu pasado que aínda non foron aclarados.

Pero mire, se quere acordos contra a corrupción hai que ir á raíz dos problemas, ataquemos as causas da corrupción: acabemos coa política de porta xiratoria, para evitar a confluencia de intereses públicos e privados; acabemos tamén coa privatización dos servizos públicos, que, entre outras cousas, crea o caldo de cultivo para que o tráfico de influencias campe ás súas anchas.

E se falamos de pulo democrático, a xente ten que decidir, señor Feijóo. Hai que fomentar a participación con propostas como as que o BNG trasladou a esta Cámara, incentivando as consultas populares, impulsando as iniciativas legislativas populares, dando participación tamén á mocidade.

Pero, mire, para rexenerar a democracia en Galiza a Radio-Televisión de Galiza, a RTVG, non pode ser unha ferramenta de propaganda do goberno, ten que estar, realmente, ao servizo dos seus fins fundacionais, ten que estar, realmente, ao servizo da sociedade galega.

Para rexenerar a democracia, señor Feijóo, ademais, non se pode cambiar a Lei electoral sen consenso, para intentar que non todos os votos vallan o mesmo. Pídlle, por tanto, que recúe, que recúe nesta cuestión, como recuou o Goberno central no seu intento de cambiar a Lei electoral ás portas das eleccións municipais. Como tivo que recuar, tamén, o Goberno central coa contrarreforma da Lei do aborto. Unha contrarreforma, por certo, que vostedes apoiaron en Galiza, señor Feijóo, mentres en Galiza, ademais, deixaban a atención ás mulleres embarazadas en mans de asociacións integristas e demolían as políticas de igualdade.

Mire, señor Feijóo, permita que faga un alto desde esta tribuna para darlles os parabéns ás mulleres, porque a súa loita é un motivo de esperanza para todos. (*Aplausos.*) A loita das mulleres ensínanos que o camiño para facer fronte ás inxustizas non é doado, mais que o esforzo paga a pena.

Como nolo ensinaron tamén os miles de pequenos aforradores galegos estafados polas participacións preferentes. Aínda non se cumpríu o acordo deste Parlamento de garantir a restitución de todo o diñeiro que lles foi estafado, mais a súa loita fixo que miles de pequenos aforradores puidesen recuperar os seus cartos.

Como nolo están ensinando, tamén, señor Feijóo, os emigrantes retornados. Mire, despois dunha vida de sacrificio agora son saqueados *por la Hacienda de España*. Na tribuna de convidados hai unha representación deste colectivo. Que saiban que o BNG non vai parar até conseguir unha solución xusta, (*Aplausos.*) que saiban que o BNG non vai parar até conseguir unha solución xusta. Pero a súa loita xa está conseguindo que o goberno dea pasos hacia atrás.

E como nolo están ensinando tamén, señor Feijoo, o pobo catalán e o pobo escocés. En Escocia saíu o non, é certo. ¿Pero sabe que declarou David Cameron? Que os escoceses tiñan que ser consultados, porque así o reclamaba a maioría do seu Parlamento. ¡Que diferenza! ¿Verdade?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: Efectivamente, *Spain is different*, como dixera, por certo, o seu mentor político, o ministro de propaganda de Franco.

Mais Cameron dixo, tamén, que entendera a mensaxe, que o pobo escocés terá máis poder, e que terían máis poder, tamén, o pobo galés, o pobo norirlandés e o propio pobo inglés. O proceso escocés vai servir para remover os cimentos do Reino Unido e para que os pobos vaian conquistando máis cotas de poder.

¿E Galiza, señor Feijóo? Galiza, xa lle teño dito, padece as consecuencias de que a súa posición nos conduce á irrelevancia política, e a irrelevancia política provoca irrelevancia social e económica.

Díxoo tamén Castelao, señor Feijóo, mire, cito unha frase textual: *“Co sistema unitario –liberal ou despótico, monárquico ou republicano– teremos sempre unha participación no reparto das miserias, das fames, das débedas e demais alifaces xerais”*. Mais o sistema unitario está en creba, señor Feijóo. O Estado español –vostede parece que non se dá conta– está entrando nunha segunda transición. E mire, pase o que pase co proceso catalán, pase o que pase en Euskadi, os pobos vasco e catalán terán no futuro amplos espazos de libre decisión.

¿E Galiza, señor Feijóo? Mire, coa súa submisión Galiza corre o risco de perder o último tren, ¿ese é o problema!

Retornando a Castelao: *“Primeiro ser, despois triunfar”*. Pero o problema que padecemos no noso país, señor Feijóo, é que vostede lle nega o ser a Galiza,...

A señora PRESIDENTA: Remate.

O señor JORQUERA CASELAS: ...e negándolle o ser –e xa conclúo, señora presidenta–, négalle a Galiza toda esperanza de futuro.

Mais esa, teña a seguridade, señor Feijóo, non é a nosa escolla. E teña a seguridade de que mentres exista Galiza, existirá o nacionalismo galego, e o nacionalismo galego non parará até que os dereitos do pobo galego se vexan recoñecidos.

Mire, dicíao tamén Castealo: *“Cando un galego se decata das realidades do seu país e chega a sentirse fillo d-unha nación privada de liberdade, debe defender a posición maximalista que acabamos de esbozar, pois si Galiza é unha*

Terra diferente ten dereito a ser eisistente. E unha de dúas: ou negamos o carácter nacional da nosa Terra, ou temos que defender os nosos dereitos”.

Nós non pararemos até que os nosos dereitos se vexan recoñecidos.

Sempre en Galiza, señor Feijóo. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra don Xosé Manuel Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Ás veces penso que non estamos na oposición, senón en oposicións.

Benvidos, señoras e señores do Goberno da Xunta, por fin non están desertos os bancos azuis nesta Cámara, como pasa nos plenos ordinarios. *(Murmurios.)*

¿Empezou a contarme? *(A señora presidenta pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, por favor, que non...

A señora PRESIDENTA: Non se preocupe, eu son xenerosa.

O señor BEIRAS TORRADO: É que me despisto... *(A señora presidenta pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Crin que empezara a falar.

O señor BEIRAS TORRADO: Non, non, estaba facendo un exordio, un saúdo.

Señorías, en 1994 –o ano no que o meu amado pai cumpría 90– o grande pensador, historiador e analista social, de formación marxiana, Eric Hobsbawm, publicaba *A Idade dos extremos*, rótulo da súa interpretación histórica do “curto século XX”, como o chamou el, e derradeiro volume da serie que abrangue a evolución do sistema-mundo dende o século XVIII aos nosos días. Un clásico indispensable.

Referíndose ao proceso xa en curso no intre en que escribo, Hobsbawm afirma: “*O que está en crise son as crenzas*

e os principios nos que se fundaba a sociedade moderna dende que os Modernos...” –con maiúsculas– “...*gañaran a súa famosa batalla contra os Antigos...*” –con maiúsculas– “... *no albor do século XVIII: eses postulados racionalistas e humanistas*”. Polo tanto, a Ilustración e a Modernidade fronte ao Antigo Réxime e ao Cultismo.

Mais engade: “*Porén, esa crise moral non é só unha crise dos postulados da civilización moderna: é tamén unha crise das estruturas históricas das relacións humanas que a sociedade moderna herdara dun pasado preindustrial e precapitalista, e que lle permitiran funcionar*”.

Calquera pensaría que Hobsbawm estaba a dexergar a crise mundial, daquela xa en curso, dende a mesma praza do Obradoiro, quero dicir, dende o corazón da Galiza, con lentes galegas e visión de alcance universal.

Para Hobsbawm a crise non era só económica, social e político-institucional. Érao, por riba, unha crise de valores. Por tanto, a involución provocada pola actual contrarreforma reaccionaria a todos os niveis non nos arrastraba a recu a tempos anteriores á Segunda Guerra Mundial, senón a antes da Revolución Francesa; non estaba a destruír só o Estado do benestar conquistado polos cidadáns a prezo de sangue, cadea e bágoas, senón a dinamitar os alicerces mesmos do Estado moderno e, xa que logo, da cultura e dos valores democráticos.

Mais tamén destruía as culturas e relacións humanas herdadas dun pasado precapitalista –por certo, tan ricas na sociedade galega ata que vostedes e os seus devanceiros franquistas deron en acometer o exterminio da Galiza labrega e mariñeira e mais da nosa cultura ancestral–. Eis en Galiza, en Europa e no mundo a fazaña dos amos de vostedes, aos que vostedes serven como submisos espoliques, executando as políticas homicidas que eles decretan, e exercendo o poder contra os cidadáns do común.

En efecto, estamos a vivir un período histórico de crise sistémica; máis precisamente, estamos a padecer, como cidadáns do común, un período de transición entre dous ciclos de hexemonía na etapa contemporánea do sistema-mundo, e atopámonos nunha fase de caos sistémico –en palabras de Arrighi, por exemplo–, fase terminal do declive da potencia hexemónica no ciclo que remata –ou sexa, Esta-

dos Unidos— sen que teña emerxido aínda o novo centro de gravidade do sistema, o espazo chamado a ser potencia hexemónica no novo ciclo. Niso consiste o caos sistémico.

Esta diagnose —que, obviamente, non é obra miña— resulta crucial para comprendermos cabalmente o que está a acontecer nos diversos espazos do sistema mundial, tanto do centro como da periferia, tanto da Europa da UE como da África —á que non deixamos entrar aquí—, e nos distintos niveis e dimensións da súa realidade: o económico —a actual grande depresión—; o social —a desigualdade exacerbada—; o ideolóxico —o reaccionario pensamento único ultraliberal—; e o político —o funcionamento antidemocrático das degradadas institucións de representación e goberno—. En concreto, resulta indispensable para comprender e diagnosticar a crise que padece o pobo galego, e a perversión das institucións autonómicas, porque non é un fenómeno enxebre, senón de importación. E especialmente resulta crucial para non confundirmos a crise da que estou a falar coa simple crise financeira, ou sexa, co rebentón do sistema financeiro mundial en 2008 nin coa subseguinte gran depresión, na que seguimos mergullados.

Porque toda crise sistémica atinxe á globalidade do sistema capitalista e a todas as pezas da súa arquitectura. Aínda que só a padezan as xentes do común, mentres fan o agosto os magnates do poder económico-financeiro e prosperan os seus corruptos servidores. E porque a crise financeira non é máis que unha consecuencia da crise sistémica. Por iso non se remedia, senón que se agrava, con terapias monetaristas neoliberais de austeridade, ou sexa, de desnutrición para os de abaixo.

E adoita ser, ademais, o episodio terminal da crise de hexemonía. Como sinalou certeiraamente Inmanuel Wallerstein, o declive da potencia hexemónica comeza na esfera da produción —nomeadamente a industrial—, atinxe logo á do comercio internacional, mais resiste até o final no baluarte da hexemonía financeira, controlando o sistema monetario internacional, e exagera o seu esforzo como potencia militar para tentar manterse mediante métodos belicistas na hexemonía dun sistema que xa non domina como potencia económica.

Así acontecera no declive da hexemonía británica no mundo, dende finais do XIX, na famosa *belle époque*, cando

Inglaterra xa perdera a hexemonía industrial fronte aos Estados Unidos e á Alemaña do segundo Reich —a *Guillermina* do káiser famoso, o precedente de Hitler—. Londres seguía a ser o centro financeiro do mundo e a libra, a moeda de referencia no patrón ouro. Mais estaba a piques de estoupar a Primeira Guerra Mundial, que abriría a fase de caos sistémico do período chamado “de entreguerras”, que estoura co crack financeiro de 1929 e o apoxeo dos nazi-fascismos, para rematar de vez coa apocalipse xenocida da Segunda Guerra Mundial, os trinta anos de guerras euroasiáticas que foron precisas para consumir o relevo da hexemonía británica pola ianqui no mundo. Por certo, que en 1892, neste recanto fisterrán, un profesor da universidade compostelá chamado Alfredo Brañas pronunciara a lección inaugural do curso analizando brillantemente a crise económica daquela súa época, denunciara a concentración e centralización do poder económico e político como causa primordial e defendera un programa de radical autogoberno para Galiza, con institucións e potestades xurídicas e políticas que hoxe farían rebentar o corsé do actual Estatuto de autonomía, ademais de que fixera o primeiro balance fiscal onde se demostraba que xa daquela Galiza pagaba máis ao Estado do que recibía en servizos e en financiamento de fóra. Non estabamos subvencionados, nunca estivemos, fomos espoliados sempre. Non sei se lles soa a coñecido a vostedes, señores do PP, que instituíron unha fundación co seu nome para secuestrar, silenciar e deturpar o seu pensamento máis xenuíno. Se resucitase, o Brañas, que non era de esquerdas, berraríalles aquilo que era o seu lema: “Como en Irlanda, ¡érguete e anda!” ¡Menudo pifostio se ía armar!

As analoxías —en contextos diferentes, claro é— coa crise sistémica presente son significativas e alleccionadoras, malia que os dirixentes políticos gringos, europeos e españois, e mais os economistas zombis que disque os asesoran teimen en non aprenderen da historia ou reneguen, por covardía, das súas leccións. Esta crise iniciouse nos primeiros anos setenta do pasado século XX, cando a Europa da Comunidade Europea e Xapón desprazan os Estados Unidos da hexemonía industrial e comercial. A supresión da convertibilidade do dólar por Nixon é a primeira medida para manter a hexemonía no sistema monetario e financeiro internacional. Deseguida, as políticas monetaristas ultraliberales, inauguradas polo infernal tándem Reagan-Thatcher, abren a vía ao espolio financeiro do imperio, e mais á famosa “financiarización”, ou sexa, á fuxida dos capitais cara ás suculentas ope-

racións especulativas nos mercados financeiros. Non resolven a crise, ¡madría leva!, mais instauran a economía de casino, ou sexa, a fraude como principio de actuación no negocio bancario –está dito por William Black, que foi presidente durante bastantes anos no Comité Federal Norteamericano contra a Fraude, non o digo eu–, e engordan a plutocracia especuladora mundial e a balanza de capitais ianqui, sostenendo así a súa hexemonía financeira a expensas do empobrecemento acelerado do común cidadán e da correlativa ampliación da desigualdade material e social en todo o ámbito do sistema-mundo. É a lóxica especulativa do ‘boom’ e da ‘burbulla’, analizada por Brenner, no canto da produción na economía real, a cada pouco máis desnutrida. E os sucesivos rebentóns das diversas burbullas desembocan, ao cabo, no rebentón do sistema financeiro completo, o infarto de miocardio no corazón do sistema circulatorio mundial –Wall Street, no 2008–.

Mais a consecuencia politicamente máis grave consiste en que ese proceso sitúa no cumio do poder económico o capital financeiro, por riba do industrial e do comercial; en prata: a grande banca, grandes fondos de pensións e demais familia plutocrática e mafiosa. De xeito que, acontecido o infarto financeiro, esa plutocracia terá poder abondo para impor aos poderes estatais –incluídos os do centro do sistema e da propia metrópole imperial– o famoso rescate das mesmísimas institucións financeiras –disque privadas– causantes da catástrofe ás costas do común cidadán; diferenza notoria co acontecido no crack do 29, saldado con crebas bancarias e até suicidios de magnates –*que se fueron al cielo todos*–.

Por outra banda, o poder financeiro rompe o pacto de posguerra coas clases traballadoras e cos poderes políticos de inspiración socialdemócrata –base do chamado *welfare state* ou Estado do benestar– desencadeando unha contraofensiva en dúas fronteas: unha, contra os niveis de salarios reais das clases traballadoras; outra, reclamando para si os espazos ocupados polo sector público, e destinados a producir bens e servizos públicos e sociais gratuítos. Comeza así unha auténtica contrarrevolución ultraliberal que aborda combinadamente a desmontaxe do edificio do Estado do benestar, a mercantilización de toda caste de ben ou servizo –inclusive os bens clasicamente denominados libres, cando estudabamos nós ciencia económica, como a auga ou mesmo a atmosfera (co mercado internacional das cotas de

contaminación)–, e as sucesivas contrarreformas das lexislacións laborais, que volatilizan o chamado salario social, subvencionan os despedimentos arbitrarios, endurecen as condicións de traballo, entran a saco nos dereitos constitucionais dos traballadores, xeneralizan a precarización e a inseguridade, reducen ou suprimen as prestacións por paro, condenan a mocidade a ter como profesión a infrutuosa procura de traballo ou o exilio; en suma, reducen a maioría social traballadora á condición social que un clásico definiría como “escravos libres”, libres formalmente mais escravos realmente.

Eis o verdadeiro contexto determinante do tráxico estado da nación galega arestora. A causa da traxedia galega non está na crise financeira, que vostedes utilizan como coartada para non defenderen aos cidadáns, coma se fose unha catástrofe natural. Oxalá o fose, un terremoto, coma n’*A xangada de pedra*, de Saramago, acontecese no Padornelo e fendese os bordos do macizo xeolóxico herciniano galego e o convertese nunha enorme xangada –entendan balsa– desprendida da Península Ibérica, que derivase uns centos de millas cara ao oeste no océano, convertida en illa coma Irlanda, só accesíbel por mar e non por terra, con augas territoriais propias para a nosa xente mariñeira e o noso complexo mar-industrial, e con inequívoca separación física como base da nosa soberanía. E por suposto sen os “ananos” do país, que converten Galiza enteira en *país dos ananos*, e non só determinados centros galegos franquistas cando escribía Celso Emilio. É unha metáfora, claro.

A causa externa do agónico estado do noso pobo está nos xigantescos poderes que causaron a actual crise sistémica e someteron os poderes políticos aos seus ditados, ao xeito do ventríloquo que utiliza os seus monecos para facerlle dicir o que el quere sen que o pareza. E o problema interno do noso pobo radica na súa absoluta indefensión fronte a eses poderes, os financeiros que toman as decisións á marxe de calquera control democrático, e os políticos, que son os monecos dese *leviathan* ventríloquo, na nosa carencia de poderes políticos democráticos de noso para nos defender –a diferenza do acontecido nun país tan cativo como Islandia hai anos, cunha poboación menor que a da comarca viguesa–. Porque vostedes non utilizan o poder que lles deron os seus electores para defendelos, senón para sometelos ás agresións que lles ditan os seus amos. Os feitos están á vista: os cidadáns agredidos por esas políticas de exterminio teñen que

autoorganizárense e mobilizárense en lexítima defensa contra vostedes. É a democracia volta do revés polo forro. E, por riba, vostedes executan esas agresións utilizando as institucións constituídas para o autogoberno e a autodefensa do pobo galego, conquistadas nunha longa loita popular na que vostedes non participaron. Esa conduta, nun estado democrático normal, constituiría delito de traizón. Mais ben sei que o actual Estado borbónico e vostedes todos son anormais. E velaí, logo, o escenario e os actores que interpretan as consignas da plutocracia ventrílocua de xeito esperpéntico, coma no “corral nublado” celtibérico das *Luces de bohemia* valleinclanescas, o que poderíamos chamar o “Estado bubónico pepeísta do franquismo sen franco”, onde vostedes instauraron o enxendro dun réxime da partido único de facto, na mellor tradición nazi-necia-estalinista.

En 1912, o grande escritor canario Benito Pérez Galdós escribía o que lles vou ler sen traducilo –pois que vostedes son políglotas e entenderano–. *“Los políticos”* –escribía Galdós– *“se constituirán en casta, dividiéndose, hipócritas, en dos bandos igualmente dinásticos e igualmente estériles, sin otro móvil que tejer y destejer la jerga de sus provechos particulares en el telar burocrático. No harán nada fecundo. Fomentarán la artillería antes que las escuelas, las pompas regias antes que las vías comerciales y los menesteres de la grande y pequeña industria. Y, por último, acabarán por poner la enseñanza, la riqueza, el poder civil, y hasta la independencia nacional, en manos de lo que llamáis vuestra Santa Madre Iglesia”*. Dáme igual Santa Madre Iglesia que non santa ou que o Opus Dei, é a mesma mafia. Non estraña nada que, nese mesmo ano, a Real Academia Española –da que Galdós era membro– se negase, por segunda vez, a apoialo como candidato ao Premio Nobel de literatura –*por razones políticas y sobre todo religiosas*, aseveran os seus biógrafos–.

Débolle o coñecemento desa sentenza galdosiana á enorme cultura e erudición dun grande intelectual republicano de esquerda amigo de meu. E seguramente a coñece, así mesmo, o tamén amigo, e culto, e de esquerda, Pablo Iglesias *júnior*. O máis abraiante desa frase de don Benito non é só que sintetiza un fidelísimo retrato diagnóstico da descomposición política e involución reaccionaria da primeira Restauración borbónica, senón que podería estar escrita cen anos despois para retratar esta segunda. Mais don Benito non é que fose profético nese retrato, senón lucidamente

visionario da patoloxía conxénita do Estado español –polo menos dende o século XIX até hoxe–, a patoloxía que deu cabo, *manu militari* e xenocida, do único breve intervalo de política democrática e ilustrada, a da segunda República dos Azaña, dos Jiménez de Asúa, dos Castelao e dos Companys –malia non ter resolto constitucionalmente o problema da pluralidade nacional do seu ámbito–. Así que citar aquí a don Benito non é nin anacrónico nin extravagante, é corroborar que a segunda Restauración, cociñada após a tiranía franquista, deu en reproducir a patoloxía política da primeira, retrotraéndonos ao estado de corrupción denunciado por Galdós hai un século, nada menos. Se a vostedes non lles parece tráxico será que é cómico.

Non vou destragar o escaso tempo e enerxías de que dispoño en facer o relatorio de agravios padecidos dende o pasado ano polo pobo galego a mans dos poderes da Unión Europea e do Estado, uns consumados directamente e outros utilizándoos a vostedes como emisarios –pois que, en rigor, vostedes carecen de autonomía de decisión ou fan uso espurio da que lles outorga o Estatuto–. Eses agravios xa os coñecen, mellor ca ninguén, os cidadáns que os padecen acotío, e nós, os da Alternativa Galega de Esquerda, xa pelexamos todo o ano –na rúa e aquí– con iniciativas na súa defensa que baten contra o muro de formigón co que choeron esta “casa dos mortos” parlamentar, ao xeito –só que polo de agora en versión virtual– dos construídos polo Estado sionista de Israel en Gaza e Cisjordania. Calquera día cuestiónoo aquí porque, cando o embaixador do Estado de Israel en Madrid enviou esa infame carta aldraxante contra o Parlamento de Galiza por unha toma de decisión, tivemos que ser os grupos parlamentares os que lle escribísemos directamente poñéndoo no seu sitio. Pero agora faino incluso tamén co Estado de Suecia, simplemente por recoñecer o Estado palestino. Se eses non son os nazis de arestora ¿que raios son? Problema freudiano na historia: a vítima convértese en verdugo.

Ademais, pasadomañá defenderá a miña compañeira Yolanda Díaz –coa súa intelixencia e lucidez coñecidas– as nosas corenta propostas, e xa veremos que acollida teñen. Das cincuenta do ano pasado, case ningunha foi aprobada –non sei se algunha–, e ningún dos problemas que tentaban atallar foron resolto nin paliados por vostedes: case todos se agravaron. Nin sequera foron postas en obra as que eran de vostedes mesmos se foran aprobadas, como acaba de demos-

trar nunha relación moi moi gráfica e moi elocuente a deputada do Grupo Mixto, Carmen Iglesias.

O que importa agora –e é o que estou a tentar facer– é contribuir a que, cando menos, os cidadáns galegos saiban e entendan por que padecen os gravísimos problemas que poñen nunha situación límite a súa supervivencia individual e como pobo e por que os poderes políticos, lonxe de traballar para resolvérllelos, gobernan contra deles mentres simulan estar ao seu servizo. Toda a miña vida loitei coa única arma que teño, a palabra veraz –que non significa estar en posesión da verdade, senón ser veraz–, dentro e inda máis fóra deste recinto, para combater as mentiras do poder, cando é que mente, para fornecer aos meus concidadáns antídotos contra o estupefaciente co que a propaganda mentireira do poder, cando é mentirán, os narcotiza para tornalos submisos. Sempre asumín aquilo que lle dixera Castelao a un xornalista cando era deputado –e xa estamos citando a Castelao outra vez–: “Eu non teño vocación de estupefaciente”. Todo o contrario, e sigo na mesma, pase o que pase, porque vostedes menten, e a mantenta, para converter os cidadáns en súbditos confinados na ignorancia a respecto da política –para mantelos alienados, ese concepto que hai que recuperar, que consiste en tomar como intereses propios deles os que son os intereses dos seus inimigos, de clase e de nación–.

En troques, os que combatemos pola emancipación das xentes e dos pobos teimamos en facer pedagogía e elevarmos o nivel de conciencia e coñecemento dos cidadáns para combater esa súa alienación. Por iso estamos cos vencidos e os esmagados, aínda que dese xeito tantas veces levemos no inmediato as de perder. Non somos “buscóns” da política, coma vostedes, somos xentes do pobo solidarios coas xentes do pobo, custe o que custe, mentres teñamos folgos e alento, ¡claro!, non somos heroes nin temos vocación de mártires, abofé.

E o primeiro que ten que comprender a cidadanía toda –e digo toda porque parte dela xa o sabe, mais non abunda– é que as institucións do actual réxime político, tanto na nación galega canto no cumio do Estado, están mortas; son un cadáver que só ten movemento aparente pola acción dos vermes que inzan nel, como en certo famoso conto de terror do século XIX. Hai poucos meses, unha xentil xornalista preguntábame para un xornal dixital español cal cría eu que

era a saúde da democracia en España. Contestéille facendo unha indispensábel distinción. Díxenlle, rotundamente, que nas institucións políticas do actual réxime a democracia está morta ou, ao sumo, na UVI, con respiración asistida, é dicir, “entubada”. Mais díxenlle tamén que, en troques, onde si que a democracia está viva, onde segue a haber unha práctica democrática, é na sociedade civil, no seo da cidadanía; no tecido asociativo dos cidadáns, dende as asociacións veciñais ou agrupacións culturais e artísticas deica os colectivos feministas ou ecoloxistas, e primordial ou nomeadamente nos colectivos e plataformas que se organizan para a súa autodefensa en resposta ás grandes agresións, sexa fronte a un plan mineiro que tenciona converter Galiza en Katanga, sexa en defensa da sanidade e o ensino públicos e universais, sexa contra o saqueo dos seus aforros ou o espolio das súas vivendas, ou sexa para levar directamente o poder cidadán ao goberno dos concellos, ou para decidiren como pobo o seu futuro e a forma política de seren realmente pobo soberano. Porque a democracia, como a república, é primeiro de todo unha cultura cívica antes que unha forma de estado e réxime político. E toda cultura só existe, só ten vida, se constitúe unha práctica da xente, dos cidadáns. A cultura lingüística galega só existe se o idioma é unha práctica social na fala e na escrita –non un idioma de ritual, como fan vostedes–; a cultura artística, só se hai cidadáns que crean, practican e difunden, individual e colectivamente, a expresión musical ou plástica en clave autóctona e universal. Á cultura democrática acontécelle o mesmo, e a súa práctica non pode depender de que as institucións políticas funcionen democraticamente ou non. Baixo as institucións totalitarias do fascista réxime franquista, a democracia agromara e logo florecera nos intersticios da sociedade civil. Moitas xeracións aprendemos e incorporamos a cultura democrática á nosa práctica cívica, social e até política fóra e descontra as institucións antidemocráticas daquel réxime infame. Por iso sabemos o que custou que as liberdades posteriores non foran dadas de gratis e por iso detectamos con plena claridade a deriva antidemocrática, o proceso de deturpación e logo perversión e finalmente apodrecemento das institucións constituídas na famosa transición, até convertérense no que dixen, en cadáveres só movidos polos vermes que proliferan –inzan– dentro deles. Corrupción significa descomposición –de aí a expresión de “corpo incorrupto” de santa-non-sei-quen–, que non é o caso dos corpos políticos corruptos de vostedes, os da casta de don Benito.

E a proba decisiva de que este réxime está corrupto está en que o poder, en case todas as súas instancias e institucións, reacciona sistematicamente con actitudes e métodos represivos contra toda caste de prácticas democráticas dos cidadáns. Para o poder que vostedes representan aquí os graves problemas sociais que padece o común cidadán non contan: só contan os “problemas” financeiros que seica lles impiden atender as necesidades perentorias dos cidadáns. E se os cidadáns practican a democracia pola súa conta, se organizan en autodefensa e se mobilizan, protestan e rebelan, daquela, o problema non é social, é un problema de “orde pública”. Manexan vostedes a lei segundo e para o que lles convén e, cando non lles convén, esgrimen a lei contra o dereito –xa non digo contra a xustiza, que inda é máis aberrante e acontece cada día, ás portas deste Parlamento tantas veces–. Os mariñeiros –seis meses sen ingresos na costeira– viñeron manifestarse, ¿e que recibiron? Os paus dos gorilas, que son unha especie das Seccións de Asalto –SA–, os “camisas brunas” actuais, só que pagados por todos os cidadáns cos seus impostos. E fano acotío na educación, na sanidade, nos servizos sociais, nas condicións e dereitos laborais, no medio ambiente, no manexo e provisión dos recursos enerxéticos, nos dereitos lingüísticos, e así seguido; e no máis grave de todo, na negación do dereito dos cidadáns a decidir. Porque non só negan vostedes o fundamental dereito democrático a decidir ás nacións sen estado, esgrimindo unha Constitución que vostedes violan cada día –que a teñen derogada en todo o título I e o título preliminar– e cun espurio Tribunal Constitucional controlado por sicarios que ditan sentenzas anticonstitucionais, ou exixindo que a decisión dun pobo estea nas mans da maioría de cidadáns dese Estado que non forman parte dese pobo. Imaxinen unha decisión dos cidadáns españois sobre a súa identidade que estivese condicionada á vontade de todos os cidadáns da UE. ¿Gustaríalles? Pois non só, tamén negan vostedes o dereito das mulleres a decidir libremente sobre o seu corpo e as súas funcións proxenitoras. Tamén negan o dereito a decidir dos traballadores sobre o destino da empresa que constitúe o seu medio de vida –é dereito a decidir–, incluso sobre as súas condicións laborais na propia empresa. Tamén negan o dereito a decidir dos mozos e mozas sobre a súa formación, as súas oportunidades de traballo, ou até verbo de poderen vivir na súa propia terra. Tamén negan o dereito a decidir dos labregos e as labregas sobre as formas de cultivo sustentábel, dos mariñeiros e as mariscadoras verbo dos recursos pesqueiros renovábeis, dos enfermos sen cartos sobre a

curación das súas doenzas, dos vellos indefensos verbo de poderen pasar o inverno sen morreren de frío. Non existe para vostedes o dereito a decidir dos cidadáns sobre nada que non teñan decidido vostedes primeiro, como lles convenía a vostedes e aos seus amos.

Daquela, ¿onde fica aquilo do pobo soberano? No inferno ao que condenan en vida vostedes a cidadanía do común. Non teñen escrúpulos, e, por tanto, non teñen escusa nin perdón.

Resulta evidente, por tanto, que estamos perante un proceso de progresiva diverxencia entre as institucións do poder e a cidadanía do común que constitúe a maioría social; unha diverxencia que xa desembocou en descrédito absoluto desas institucións e os seus inquilinos e en divorcio e confrontación aberta dos cidadáns cos políticos constituídos en casta, como prognosticara don Benito hai cen anos e como denuncian agora Pablo Iglesias *júnior* e os seus.

Mais este drama na nación galega resulta agravado por algunhas condicións peculiares da nosa realidade social e política. É unha evidencia que no terzo de século que vai andado de autonomía, mentres nas institucións autónomas de Catalunya e Euskadi levan gobernado primordialmente forzas políticas propias –que, mal que ben, defenderon as potestades de autogoberno dos seus países fronte ás presións e invasións competenciais do poder central–, en Galiza gobernaron sucursais da dereita española de ámbito estatal máis recalitrante e chovinista. Vostedes actuaron coma os cipaiois nas colonias; ou sexa, os indíxenas alistados no exército colonial da metrópole. De xeito que puxeron as institucións construídas para o benestar da cidadanía galega ao servizo das razóns de Estado españolas e, por riba, na versión reaccionaria das oligarquías finalmente corruptas que controlan ese Estado –e non tampouco das necesidades da tamén maltratada cidadanía española do común–.

Así que o Parlamento e a Xunta de Galiza, no canto de serviren para propulsar o florecemento do enorme potencial galego en recursos naturais e humanos, do potencial agrario e pesqueiro, do tecido industrial, do patrimonio cultural, do tesouro idiomático, da ricaz diversidade dos nosos ecosistemas, no canto diso –digo–, o Parlamento e a Xunta estiveron case que sempre, á hora da verdade, sometidos aos ditados dos poderes do Estado e da UE, que colisionaban frontalmente coas nece-

sidades dos galegos e as galegas. Vendéronnos vostedes reiteradamente cada vez que estaba en xogo o dilema de apostaren por nós mesmos ou por servir os seus amos.

Na breve etapa do meu diálogo institucional co presidente Fraga, cando eu o exhortaba a blindar as competencias do Estatuto fronte aos ataques do seu “Goberno amigo” no poder central, chegou a confesarme nunha ocasión: “Téñolle graves problemas coa dirección do meu partido en Madrid” –enténdase, con Aznar e Rajoy, presidente e vicepresidente do Goberno central daquela–. Nin sequera un home de Estado coma el puido plantarlles cara e levarlles o pulso a eses poderes que nos esmagaban e espoliaban. Acabou comprendendo, impotente, que realmente Galiza funcionaba como unha colonia interna do Estado e da UE na que ese Estado sería finalmente reducido á súa vez á condición de protectorado do IV Reich alemán, a raíz da crise financeira e a reforma aleivosa da Constitución que dinamitou a soberanía das propias Cortes.

Demostrara Paul Baran hai xa ben tempo, en *The Political Economy of Growth*, que na expansión do capitalismo polo mundo só se librarian de seren convertidos en colonias os países que non tiñan recursos atractivos. E puña o exemplo do Xapón, en contraste con China e a India, que eran, porén, economías e culturas máis avanzadas que a maioría das europeas no século XVIII, co modelo que Adam Smith definira como “revolución industrial” –en contraposición á industrial– e con poderosos e eficientes aparatos de estado e administración –e aínda así–. Galiza leva séculos sometida a un constante espolio mesmamente por ser un país rico e potencialmente próspero. Mais para realizar o espolio cómpre impor o sometemento político, destruír a conciencia de identidade e substituír a autoestima pola inoculación do “autoodio”, é dicir, o complexo de inferioridade que nos fai sentir culpábeis da eivas que padecemos, inda que a Historia demostre que levamos séculos a loitar contra o espolio e a opresión, e que xa as crónicas do século XVI describiran e definiran a famosa “doma e castración” de Galiza, feita polos de fóra, os Mudarra, Chinchilla, etc.

Mais a onda da rebelión cívica, o proceso de autoorganización da cidadanía máis constante, consciente e valerosa, leva camiño de se converter en vaga de mar de fondo e marea viva. A cidadanía galega está en marcha. Só fallamos polo de agora as organizacións políticas, que temos o com-

promiso e a responsabilidade de aportar as nosas ideas e o noso esforzo militante a potenciar esa marea, asumíndomos que o protagonismo lles corresponde aos cidadáns e non a nós, e que, por tanto, non debemos pretender suplantar esa cidadanía loitadora e autoorganizada, senón colaborarmos con ela e contribuírmos a que se artelle a nivel nacional galego. Temos que ser ferramentas para esa rebelión cívica, no canto de relear entre nós polos marcos das nosas leiras electorais ou enredármonos en retesías por bizantinas disquisicións doutrinarias de patio de colexio. Como me dicía un dos meus máis lúcidos compañeiros mozos: “Arde o país, e nós discutimos de quen son as mangueras”.

Estou a falar para vós, cidadáns e cidadás galegas do común activos e rebeldes, militantes ou non en calquera opción política que aposte pola emancipación social e nacional do pobo galego, ou sexa, pola vosa propia emancipación colectiva. Non estou a falar para os “*ignorantes e fèrridos e duros, imbéciles e escuros*” que “*non nos entenden, non*”, como escribira Pondal no poema que é texto do himno oficial da nosa nación. Eses fan profesión de seren xordos e cegos. Estou a falar para dentro, mais, sobre todo, para fóra desta Cámara; a facer un chamamento á unidade de acción, para camiñarmos xuntos e solidarios con respecto da nosa diversidade no combate contra a besta. Castelao si debuxara aquela famosa estampa dunha grande escultura en proceso de construción, cun pé que dicía: “Non lle poñades chatas á obra mentres non esteña rematada. Traballade nela. Hai sitio pra todos”.

Mais para iso –e remato– cómpre lucidez, valor e xenerosidade. E desculpade que este vello rebelde remate cunha invocación final. O meu tío Antón –finado hai anos–, oculista, nacionalista e comunista, adoitaba dicirnos aos sobriños, aínda nin sequera adolescentes daquela, unha breve estrofa de Pondal, dirixida por Pondal ás nais e pais do seu tempo. Decía así: “*Non lle cantes cantos brandos / pra adurmiñar ao rapás. / Cántalle cantos ousados, / que esforzado o peito fan. / Cántalle o que xa cantara / o nobre bardo Gundar: / A lús virá para a caduca Iberia / dos fillos de Breogán.*”

Amén. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra don José Luis Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta, señorías.

Señor presidente da Xunta de Galicia, a Comunidade Autónoma, como sabe vostede, existe para cumprir dous obxectivos: defender a identidade de Galicia e os seus intereses, e promover a solidariedade entre todas as persoas que viven aquí. Así está definido no artigo 1 do Estatuto de autonomía. Polo tanto, hoxe vimos aquí para ver como cumpre vostede eses obxectivos e, ademais, como fai en relación co debate de hai un ano e en relación cos últimos cinco anos que vostede exerce a presidencia.

Direillo dende o principio: para este grupo os principais problemas do país son o paro, a pobreza e a desigualdade crecente. Con vostede, os tres problemas aumentan día a día e, ademais, o seu Goberno non parece telos como prioridade. Demóstrano coas políticas, demóstrano cos orzamentos, demóstrano mesmo cos resultados e ás veces cos mesmos xestos.

Cando debe elixir, vostede antes actúa como presidente do seu partido, como presidente da súa maioría, que como presidente de todos os galegos e galegas. Afronta os problemas ollando para os seus intereses electorais. Reiteradamente coloca este país como unha filial da Moncloa ou da rúa Génova, esquecendo os intereses que está obrigado a defender. Así o fixo co financiamento da autonomía, adiado a petición do Goberno de España, aínda que iso signifique perder recursos propios. Faino co Mapa xudicial, onde vostede defendía só sete partidos en Galicia e, ademais, defendeu o taxazo e, ademais, defendeu a privatización dos rexistros. Faino con Navantia, onde vostede está hoxe defendendo os intereses do seu partido na baía de Cádiz antes que os intereses dos cidadáns de Ferrol. (*Aplausos.*) E faino co sector eólico, liquidado sen erguer a voz diante dunha normativa inxusta. ¿Quere ser ministro? Porque se non non se explica que vostede non estea defendendo diante do Goberno de Madrid con lealdade, pero tamén con firmeza, os intereses de Galicia.

Nos anteriores debates da Autonomía, as súas propostas principais foron as seguintes: 2010, concurso eólico e non subir o IVE; 2011, control da débeda e Lei do solo; 2012, fusión de concellos; e 2013, crecemento solidario que non

esqueza a ninguén. Non cumpriron ningunha. Mesmo nalgunhas desas propostas tiveron o apoio deste grupo. ¿Para que serve pactar con vostede? Hoxe vostede propón mellorar a transparencia, con medidas que foron propostas por este grupo hai tres meses e que vostedes rexeitaron. Propón un Plan de emprego xuvenil que rexeitaron hai un ano cando o propuxo este grupo. Propoñen un Plan para desempregados que non cuantifican. Propoñen un Plan de reindustrialización, prometido na Lei de industria do ano 2011, sen recursos e unha Lei do solo sen acordo. É difícil acreditar en vostede, señor Núñez Feijóo.

Dicía Churchill –e xa sabemos que as citas de Churchill poden ser apócrifas– que as estatísticas convenientemente torturadas din o que interesa –probablemente como calquera persoa–. Esta mañá vostede fixo un alarde de como torturar as fontes estatísticas. Dende a renda, que lamentablemente aumenta en Galicia polo efecto estatístico da ampliación da Unión Europea, ata o factor demográfico no financiamento autonómico. Señor Feijóo, leva vixente vinte e cinco anos, tantos como ten a LOFCA de vixencia. Falou tamén con grande optimismo industrial, cando baixa o emprego e a produción. Falou de que medra o investimento en I+D, señor Feijóo, cando con vostede diminúe de ano en ano. E hoxe cando se fala de equipamentos sociais, señor presidente, –logo falareille algo máis– hai que lembrar que estamos por debaixo da media de España en case todas as áreas.

Señor Feijóo, España é o país onde máis aumenta a distancia entre ricos e pobres, e tamén onde máis baixan os salarios de Europa. No último ano os 7.000 galegos máis ricos incrementaron o seu patrimonio en 4.800 millóns de euros. ¡Oia!, é o 9 % do PIB. Esa situación é unha aldraxe para os 280.000 parados, para os 7.000 perceptores da risga, para todas aquelas persoas que viven co salario mínimo ou con menos. É unha mensaxe demoledora para as clases medias empobrecidas. É unha mensaxe desmoralizadora para a xuventude.

Para facer fronte á crise, vostedes aplicaron políticas de axuste fiscal e de devaluación salarial. Dous catedráticos moi coñecidos de Galicia, Antón Costas e Xosé Carlos Arias, estudaron este tema a fondo en toda Europa, e concluíron que esas políticas eran de corte netamente ideolóxico e que, ademais, –dino así literalmente– están levando ao “suicidio económico” os países que as practican. En con-

traste, por certo, con Estados Unidos, onde políticas de estímulo da demanda tiveron resultados favorables.

A súa política non resolveu o problema máis grave, que é a débeda, que está medrando incesantemente; nin resolveu a crise bancaria, como se demostra con que as inxecións de liquidez do Banco Central Europeo retornaron ao propio banco en forma de depósitos, sen producir efectos na economía nin na concesión de créditos. E agora diante dunha nova depresión, que sería a terceira en seis anos, albíscanse riscos de deflación e de estancamento prolongado. Non o di este humilde deputado, é o diagnóstico do señor Draghi, que algo saberá deste tema. Mesmo agora o Banco Central Europeo pide máis inflación como en Estados Unidos. Mesmo Alemaña e o Fondo Monetario Internacional din que agora toca políticas expansivas, políticas de crecemento, políticas de impulso. ¿E a Xunta?, ¿onde está a Xunta?

Vostede esta mañá falou de Roosevelt, está ben. Bueno, Roosevelt aplicou unha receita dun ilustre conservador, Keynes, unha receita famosa. Keynes dicía que había que ceibar a economía mediante o impulso da actividade, coa bomba da actividade. O PP despreza as ensinanzas da historia. Vostedes querían unha fonda desigualdade na repartición de cargas en beneficio das grandes rendas e de grandes patrimonios. E conseguírono, pois reduciron as áreas do Estado de benestar fundamentais para garantir o crecemento a longo prazo: sanidade, educación, formación laboral, investigación..., e ademais áreas nas que unha longa interrupción do investimento non se recupera facilmente. Hoxe temos en Galicia a débeda multiplicada, o consumo paralizado e o desemprego de longo prazo consolidado.

Señor Feijóo, nós non podemos competir exclusivamente en custos salariais. Necesitamos crecemento diferencial. Crecemento diferencial significa acurtar distancias en capital humano, en innovación, en tamaño das empresas, en custos enerxéticos, no acceso ao crédito. Por exemplo, en Galicia o 42 % da poboación activa e o 54 % dos parados teñen baixas cualificacións; segundo Eurostat, nos principais países esa cifra está no 15 %. Nin unha palabra disto.

Vostede leva cinco anos no goberno e anota 121.600 desempregados máis que o primeiro día, e deles 20.300 nesta lexislatura; con peores taxas de emprego e de activi-

dade que no resto de España, con 177.000 ocupados menos; a décima parte das familias, case 100.000 teñen todos os seus membros no paro. Traballan menos persoas, traballan con menor salario e, ademais, traballan nunha precarización escandalosa.

O mínimo descenso do último mes do paro rexistrado non pode sustentarse en contratos temporais a tempo parcial, que é o que está ocorrendo. Mesmo nos meses de verán –tradicionalmente máis activos na contratación– Galicia estivo por debaixo de España na afiliación á Seguridade Social en relación con hai un ano. O plus de resistencia que tivemos no pasado, que é constatable, é hoxe un plus de febleza. Con vostede, mes a mes, distanciándonos de España.

Por enésima vez, señor presidente, pídlle hoxe formalmente un plan de emprego. Un plan de emprego que utilice os novos recursos comunitarios, que recupere os recursos propios que vostedes reduciron ata sumar 400 millóns de euros en total para crear 50.000 novos postos de traballo en dous anos, especialmente dirixidos ás persoas paradas de longa duración, ás persoas máis novas, ás mulleres e aos traballadores maiores de 45 anos, e un plan que estimule que os que tiveron que emigrar para traballar poidan retornar. Señor presidente, agardo unha reposta concreta sobre este compromiso. *(Aplausos.)*

Perdemos con vostede 60.000 empregos industriais, un de cada catro, e hoxe fala do Plan de reindustrialización que estaba na Lei 13/2011, sen investimento novo, sen captación de capitais. Propoñen mobilizar 500 millóns de euros. ¡Oia!, no orzamento deste ano non hai nin un euro. *(Murmurios.)* Eses son os datos.

Baixaron a investigación a niveis de Turquía e Ucraína, e, ademais, na dirección contraria ás comunidades autónomas competitivas. E vén vostede falar da nova economía do futuro, primeiro, hai que voltar, señor presidente, a cifras cribles.

Liquidaron o sector eólico, coa suspensión das primas e a penalización retroactiva das instalacións anteriores a 2004. O concurso eólico está paralizado. E non o di este deputado, dino as empresas todos os días. Vostede non quere escoitar porque non lle interesa, loxicamente. Segundo as empresas, nin os parques serán construídos, nin os proxectos industriais desenvolvidos. Non haberá 14.000 empregos novos, non haberá 6.000 millóns de euros de novo investimento,

non haberá ingresos por alugamento de terras ou por canon eólico. ¿Sabe cantos megavatios eólicos foron instalados o ano pasado en Galicia? O 2 % do total de España.

A construción naval baixou un 80 % en tonelaxe, pero rebosa promesas incumpridas. O dique flotante era irrenunciable cando gobernaba o presidente Zapatero, hoxe é totalmente prescindible. Os compromisos de Pemex, que foron tan publicitados, cada día mingúan algo máis. Prometeron 38 barcos, e hoxe hai un trozo de buque en Ferrol. E agora critica a Navantia. ¿Acaso debemos entender que vostede non fala co presidente Rajoy? Non é crible, señor Feijóo, porque Navantia resume dúas características moi notables da súa presidencia: a cativa influencia que ten en Madrid e a falta de credibilidade das súas promesas. *(Aplausos.)*

Na actual lexislatura –e sigo coas empresas–, o Igape non concedeu ningún préstamo e soamente nove avais. O orzamento baixou un 75 %, de 345 millóns que había no ano 2009 a 82 millóns de euros neste ano. As axudas son tan baixas que teñen unha incidencia mínima na actividade das empresas, e ademais as empresas seguen a queixarse do funcionamento lento e burocrático deste organismo. Na captación de investimento estranxeiro sinalamos a irrelevancia de Galicia, igual que na captación de talento. E sobre a balanza comercial, que efectivamente coñezo as cifras, señor presidente, só lembrarlle que en termos de PIB o crecemento foi negativo nos últimos anos.

Unhas verbas sobre os sectores primarios, porque hoxe a prensa, en contra das súas verbas, informa de que temos o prezo do leite máis baixo de Europa: 33 céntimos, e contratos de tres meses na maioría das explotacións. A industria agora anuncia unha nova baixada unilateral. Cando os prezos estaban altos, este grupo demandou políticas que consolidaran esa situación, e desbotáronas todas. Mudou o mercado internacional e voltamos á casilla de saída. Neste último ano de cota láctea, os gandeiros teñen dúas alternativas: ou pagan multa ou alugan cota a 7 céntimos por litro. O sector lácteo ten hoxe os mesmos problemas estruturais que o día en que vostede chegou á presidencia.

Estamos na vendima, unha actividade importante, e non hai ningún contrato asinado entre produtores e adegas. Os viticultores están entregando a uva sen prezo e sen garantía de cobro, en contra das previsións da Lei da cadea alimentaria.

Falta peso político diante do Ministerio de Agricultura e liderado nos sectores que nos afectan. Na Lei da cadea alimentaria, no Decreto regulador do paquete lácteo, na repartición da reserva nacional de cota láctea, o Ministerio decidiu en contra da posición de Galicia. Señor Feijóo, ¿non ten vostede capacidade de negociación con outras comunidades autónomas ou non ten capacidade de interlocución co Goberno de España?

A mobilidade de terras agrarias resta competitividade ás nosas explotacións. Seguimos á cola de España en superficie agraria útil, a pesar do crecente abandono das terras.

E falaba vostede da política forestal. A única política forestal segue a ser producir para pasta de papel. A valorización da nosa madeira é nula. Claro que lideramos a produción de madeira: a de menor calidade e prezo máis baixo.

En medio rural, ás veces, semella que o Goberno é o problema. Non hai iniciativas pero sobran obstáculos: nas axudas da PAC denegaron os pastos arbustivos; na denegación maioritaria dos plans de mellora e modernización das explotacións por discrepancias internas entre consellerías, e logo de que os produtores fixeran investimentos; pola inexistencia de interlocución sistemática con moitos sectores, e cíto-lle algúns: avicultura, vacún de carne, etc.

E se falo da pesca, con vostede perdéronse 4.400 empregos no réxime especial do mar, e os problemas existentes, como a falla de cotas e a repartición discriminatoria, seguen sen resolverse. Temos barcos excluídos dos acordos pesqueiros con terceiros países como Mauritania, ou barcos que están traballando en condicións de difícil sostibilidade, como é no caso do acordo con Marrocos. Agora, a Unión Europea ameaza con prohibir a pesca de arrastre. ¿E a Xunta onde está?

Na acuicultura –que tamén falou dela–, para o futuro, en cinco anos, nin un metro cadrado de actuación en instalacións en terra. No mexillón, dous anos en crise con peches continuados pola toxina e proliferación de alertas alimentarias. Pero, mentres, a consellería paraliza, non ten interese en fomentar a denominación de orixe e recorta os orzamentos para investigación. *(Aplausos.)*

Na baixura e marisqueo o abandono é total. Nun ano catastrófico pola sucesión de temporais, a Xunta negouse a

adoptar medidas paliativas. Os ingresos dos mariscadores están arredor de 450 euros ao mes; aumenta o furtivismo pero atrasan o pago ás confrarías que asumen a vixilancia; e os permisos, señor Feijóo, non medran como dicía vostede, máis ben están en caída libre, como se ve na web da consellería hoxe mesmo.

Privatizaron os gardacostas, suprimiron o seguro do mal tempo e a póliza colectiva de accidentes no mar. Consecuencias: tempos de resposta aos accidentes cada vez máis tardíos e dispositivos de rescate máis descoordinados; os temporais destrúen as economías familiares que antes paliaba o seguro; e as familias das vítimas quedan desprotexidas.

A consellería non está para eses problemas, está ocupada en regular minuciosamente o uniforme de gala da señora conselleira, (*Aplausos.*) que, para sorpresa dos seus subordinados, vai ter –léolle o *Diario Oficial de Galicia*– “triplo galón dourado sobre entorchado de 33 milímetros”. Dicia Bonaparte que do sublime ao ridículo non hai máis ca un paso. Señor Feijóo, se vostede non é quen de facer unha política sublime polo menos afórrenos o ridículo. (*Aplausos.*) É o *Diario Oficial de Galicia* o que leo, ¡eh!

Vaiamos ao investimento público. A principal consellería investidora é hoxe irrelevante. En vivenda social, a Xunta no ano 2009: 56 millóns de euros de execución, hoxe: un millón e medio; está paralizado o Plan nacional de vivenda, e hai 500 vivendas públicas dispoñibles para desafuzamentos e só están ocupadas 33, pero foron desafuzados 12.000 galegos. Vostede, insensible.

Solo industrial. A Xunta ten 960 parcelas que totalizan 2,8 millóns de metros cadrados, ademais do porto seco de Monforte e de 3 millóns na PLISAN, en Salvaterra. Na meirande parte desas parcelas medra a herba. Fixeron un plan, e só foron quen a colocar o 4 %, e hoxe proponnos un novo plan de industrialización. Está ben.

Modelo de residuos. Insostible medioambientalmente e, ademais, baseado no engano, no engano de centenaes de miles de familias, que fan unha separación do lixo no seu fogar e que logo vai ser soterrado ou incinerado indistintamente. Agora anuncian un cambio en Sogama despois de ter provocado un taxazo que vai repercutir nas economías familiares.

En urbanismo, nin un só dos plans previstos nas Directrices de ordenación do territorio está en vigor. Anuncian unha nova lei cos mesmos obxectivos. ¿Realmente pensa que unha nova lei vai resolver como dixo esta mañá o desenvolvemento rural?

Vaiamos ás finanzas públicas. Reduciron o gasto público en 1.100 millóns de euros anuais. Rexeitaron subir os impostos ás grandes rendas ou aos grandes patrimonios, pero xeneralizaron copagos e taxas. Hoxe pagamos máis por menos; hai máis pagos e hai menos servizos.

Anuncian unha reforma fiscal que favorece abertamente ás rendas máis altas. O ano pasado anunciou unha raquítica baixada de impostos. Un ano despois, ¿pode explicarlles dende esta tribuna aos galegos en que melloraron a súa calidade de vida?, ¿é vostede capaz de dicirlles que agora teñen máis diñeiro?, ¿ou que están pagando menos impostos con toda esa colección de taxas e impostos indirectos que incrementaron?

Voltaire, cinicamente, definía a arte de gobernar como despojar da maior cantidade de cartos posible a unha clase para transferirla a outra. Vostede segue ese precepto cínico, en favor dos ricos. Para a minoría rica: amnistía fiscal, inxusta e indecente; quen defraudou, regulariza a prezo simbólico.

Débeda. Mire, a débeda, pódeo contar como queira, pero a débeda galega vai así con vostedes: disparada. No ano 2009 representaba o 6,8 % do PIB, hoxe o 17,1 %. O seu custo pasou do 4 % do orzamento ao 20 % no actual orzamento, e no ano 2015 –o ano que vén– chegaremos a 10.500 millóns de euros de débeda, máis 3.000 millóns de débeda coas empresas concesionarias das obras de infraestrutura pública. É difícil falar de solvencia. Se hai deflación, como anuncia o Banco Central Europeo, será imposible reducila. E, ademais, a maioría das comunidades autónomas estanse financiando en condicións máis favorables que Galicia. Dos novos 5.700 millóns de euros dispoñibles para as comunidades soamente recibiremos o 2 %, 122 millóns de euros. ¿Foi mala negociación?, ¿falta de peso político?

Señor presidente, non é a primeira vez que lle reclamo eficiencia no goberno. Vostede comprendo que está ocupado noutros asuntos de promoción persoal ou de intereses do

partido, e está descoidando exixir aos altos cargos, aos membros do Goberno, maior eficiencia. Nos últimos tres exercicios orzamentarios deixaron sen executar un de cada tres euros de gasto produtivo, 2.072 millóns de euros. E imos a peor, pois este ano estamos no 82 % sen executar, e con prioridades erróneas: destinan 100 millóns de euros a gastos de informática da Administración e nada a vivenda social, que polo menos crea emprego.

Aceptaron adiar o novo financiamento autonómico, resignándose a menos recursos para os anos vindeiros. O sistema era moi malo cando gobernaba o presidente Zapatero, pero vostedes prorróganolo. E, ademais, consenten que o Goberno central minore as subvencións finalistas a Galicia. Estas, co presidente Zapatero, tan criticado, eran de 570 millóns por ano; co presidente Rajoy, tan aplaudido, de 224 millóns.

Seguimos preocupados con Abanca. Esta foi vendida hai un ano polo FROB, que a valorou en 1.000 millóns de euros, agora unha nova auditoría –un ano máis tarde– di que vale máis de 2.000 millóns de euros. ¿Non se sente obrigado a dar unha explicación? As retribucións dos membros do Consello de Administración, para a edificación dos cidadáns deste país, está en 600.000 euros anuais por persoa. As perdas da banca sufragadas polos cidadáns con impostos, os beneficios privatizados e o crédito pechado. E, por riba, vostede entrega o monopolio da antiga obra social das caixas a unha empresa vetando de facto a presenza doutras. Igual que veta a exixencia de responsabilidades na Comisión creada para investigar as caixas de aforro. *(Aplausos.)*

Vaiamos á política social. O sistema de saúde era modélico, era. Era universal, equitativo e gratuíto, baseado nunha rede de establecementos públicos e no carácter subsidiario da asistencia privada mediante concerto. A presión progresiva dos intereses mercantís está alterando eses principios. A universalidade está cuestionada e a gratuidade quebrada con taxas e copagos xeneralizados. A saúde comeza a ser un ben de consumo.

A presión empresarial está modificando a relación entre o sector público e o sector privado, sendo o exemplo máis destacado o hospital de Vigo. Asistencia pública prestada en instalacións privatizadas, con todos os servizos tamén privados, obrigando a un novo modelo de relación asistencial,

onde os facultativos terán que negociar con outros axentes as condicións da prestación.

Descapitalizan a sanidade pública: eliminaron 460 millóns e 2.000 postos de traballo, pecharon 275 camas hospitalarias e, paralelamente, subtraen do sector público en beneficio da mercantilización, dende a investigación ata a historia clínica confidencial, pasando por todos os aspectos tecnolóxicos e distintos procesos de xestión. Porfían en fórmulas de xestión e retribución que rexeitan os profesionais; retroceden en saúde mental, planificación familiar, atención de toxicomanías, e mesmo na vacinación dos menores, recortan nos hospitais comarcais. Cada vez que falan de racionalizar, significa unha deterioración; exemplo, a central de compras, señor presidente. Coa central de compras as queixas son continuadas pola escaseza do material, pola peor calidade e polo retraso no servizo.

Non falarei do retroceso das listas de espera nin degradarei este debate falando do nepotismo da señora conselleira, tolerado pola Presidencia. *(Aplausos.)*

Un último exemplo do desastre que promoven: un neno ourensán vai recibir un tratamento porque mediou a raíña. ¡Oia!, están pisoteando os dereitos para que volva o rostro máis desagradable do caciquismo paternalista. Vostedes están destruindo unha conquista de toda a sociedade, e non ten ningún dereito, aínda que teña a maioría, para quebrar ese servizo público que era a sanidade universal. *(Aplausos.)*

Nos últimos trinta e cinco anos –que se di pronto–, o Partido Popular non quixo pactar ningunha norma educativa no Estado, sempre estiveron opostos ás medidas igualitarias. Probablemente é opinable, poderíamos discrepar en se ten que existir Educación para a Convivencia, pero non é opinable, porque hai evidencia internacional no que significa a política de segregación con respecto á igualdade de oportunidades. E vostedes coa LOMCE insisten en canles que fracasaron no pasado mediante a segregación temperá con probas reválidas e mediante a creación dunha formación profesional básica, que foi creada no ano 1970 e tivo que ser piadosamente suprimida anos máis tarde polo fracaso que fora. O único obxectivo nesta vía improvisada sen recursos é maquillar as taxas de abandono escolar que chocan moito en Europa. Teñan honestidade e díganlles aos estudantes que van ir a esa formación profesional básica que entran nun

batallón de reserva laboral para os empregos de ínfima cualificación e menor salario posible, e ademais con alta rotación, porque a segregación temperá e irreversible e a redución da contía das becas que están aplicando volve implantar a discriminación, a falta de igualdade de oportunidades en función da orixe, da renda familiar ou do capital cultural das familias. Haberá un teito de cristal inexorable para os estudantes de familias menos acomodadas.

Vostedes, ademais, menosprezan a excelencia no ensino –dígollo ao señor conselleiro– porque os resultados PISA –que poden ser aceptables globalmente– son preocupantes nos niveis máis altos; por exemplo, en Matemáticas. Non parece existir preocupación na Consellería, como non existe preocupación diante do retraso no fracaso escolar; aos 15 anos, nove puntos peor que no País Vasco –datos do Ministerio de Educación–. ¿Hai algunha explicación que non sexa a redución continuada de profesores e de medios? Porque eliminaron 1.200 profesores, suprimiron 400 millóns de euros en educación e reduciron axudas para libros e recursos para centros educativos. E o financiamento universitario retrocedeu nove anos. Por exemplo, a Universidade de Santiago perdeu 180 millóns de euros, suprimiron 500 profesores na universidade, eliminaron investigadores e a contía das becas baixou.

A Xunta ignora a cultura, pasou a ser un departamento decorativo: industrias culturais e audiovisuais abandonadas, creadores ignorados, patrimonio limitado ao patrimonio eclesiástico, lingua silenciada, bibliotecas sen recursos. Nunca, señor Feijóo, na historia da Autonomía estivo peor tratada a cultura.

Se falamos de desigualdade social, teño que resumilo nunha cifra: 534 millóns de euros retirados dos orzamentos. Hoxe non existe unha rede asistencial privada que poida suplir a retirada dos poderes públicos. O esforzo benemérito de tantas organizacións, relixiosas ou laicas, que o ano pasado atenderon a 450.000 persoas, non deixa de ser un oasis nun deserto catastrófico. Unha sociedade igualitaria reclama unha rede pública que garanta a equidade e a universalidade no acceso.

Señor Feijoo, volve o peor do noso pasado, volve a pobreza. Esta sociedade non pode tolerar que en máis de 30.000 fogares non entre ningún ingreso, que teñan que eli-

xir entre a mendicidade ou a economía oculta. Propoñémoslle formalmente, señor Feijóo, que se cumpra a Lei de inclusión social, que se mobilicen 180 millóns de euros e que se outorgue unha renda social a todas esas familias. *(Aplausos.)* É unha actuación imprescindible para evitar a marxinação social e para poñer freo á pobreza extrema e á exclusión de tantas persoas.

Precarizaron os servizos sociais dos concellos de menos de 20.000 habitantes e ademais recortáronlles dous terzos do Plan concertado. Están impulsando a privatización e baixando a calidade e a especialización dos servizos. Tamén aquí taxas, copagos, menor cobertura de transporte para persoas con dificultades, menos servizos de axuda no fogar, menos residencias e centros de día, escolas infantís... Por certo, señor Feijóo, se un día ten tempo –porque levamos cinco anos pedindo eses datos– esa inmensa cantidade de prazas creadas no sector social, nos servizos sociais, se fai o favor, nos dá unha listaxe exhaustiva para poder coñecela. *(Aplausos.)*

Hoxe están atendidas menos persoas dependentes que hai tres anos, incrementaron as listas de espera e duplicaron os copagos, pero o gasto por habitante segue sendo inferior á media estatal: 17.000 persoas con dereito recoñecido á dependencia non reciben prestación.

¿Que lle ofrecen á xuventude? Dende logo, non traballo nin salarios decentes, nin valoración do estudo; no seu lugar, emigración, subemprego ou paro. E, por se os mozos non o entendían, eliminaron as rendas básicas de emancipación e diminuíron a contía das becas. Así perdemos nunha xeración 118.000 persoas mozas, o 17 % desa cohorte de idade.

A política de emigración desapareceu. Facenda está reclamando masivamente aos pensionistas emigrantes –estaban esta mañá aí fóra e vostede non os quixo recibir–, ignorando, desprezando o acordo ao que se chegou no seu momento neste Parlamento; e vostedes sen actuar para evitar a dobre imposición. Esas persoas sostiveron este país en tempos difíciles coas súas remesas de divisas, e vostede, como de costume, inhíbese.

Señor presidente, a política debe de estar presidida pola xustiza na distribución de cargas e beneficios e tamén pola ética nas actuacións. Da falta de xustiza nas súas actuacións

levo falado un pouco, permítame unhas verbas finais sobre a ética pública.

Hai uns días o novo portavoz do seu partido dicía que a corrupción é un problema individual. Debe corríxilo. A corrupción, por desgraza, é un problema estrutural, por iso é tan difícil de erradicar, e soamente pode abordarse coa decisión que vostede ata hoxe non tivo; cunha estratexia que busque acordos que vostedes ata hoxe rexeitaron e cunha visión de longo prazo. Permitiron crear unha comisión neste Parlamento pero bloquearon que chegara a conclusións.

Propuxo as medidas de transparencia que rexeitaron aquí hai dous meses e outras que dependen da lei estatal. E, sen embargo, como máximo dirixente do seu grupo, rexeita ofrecer explicacións polos comportamentos de financiamento ilícito que están en sumarios da Audiencia Nacional. Señor Feijóo, vostede ten que coñecer que hai unha acusación de ter caixa B no seu grupo político e que se nega a contestar. ¿Comprende que os cidadáns se preguntan polas contrapartidas dese presunto financiamento ilícito? Non serán cribles as súas proclamas de rexeneración democrática mentres non comece dando un exemplo ético. Como non é cribile que o pluralismo social se reflita nunha cámara con menos representantes, nin é aceptable que a minoría do 40 % se imponha á maioría do 60 %; son principios básicos da democracia. É unha burla que vostede intente aforrar en democracia para incrementar os seus asesores....

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...que xa custan un 150 % máis que os deputados desta Cámara. *(Aplausos.)*

Conclúo. Señor presidente, vostede fala de recuperación, nós non acreditamos niso. Pero só poderá falarse seriamente de recuperación neste país cando os dereitos sociais sexan recuperados, os servizos públicos volvan á normalidade, o poder adquisitivo das persoas sexa recuperado e cando os que tiveron que marchar poidan regresar, cando entrar no paro non signifique a exclusión e cando os servizos de sanidade e de educación volvan estar presididos pola igualdade. Porque lembre as verbas de Montesquieu: “O amor da democracia é o amor da igualdade”.

Señor presidente, asumo que as nosas diferenzas son moi fondas. Non pretendo ter toda a razón, nin sequera a razón en todo, supoño que vostede tamén terá unha honesta dúbida semellante. Se é así, propóñolle que centremos o noso diálogo nos principais problemas do país: no paro, na pobreza e na desigualdade, polo ben dos cidadáns, porque para iso fomos elixidos, porque os resultados hoxe son negativos e non podemos permanecer resignados. Porque é posible facer máis, é posible facelo mellor, é posible actuar con máis xustiza e é posible actuar con máis ética.

Dixen. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Boa tarde, señorías.

Celebramos hoxe o vinte e cinco ano consecutivo de debate do estado da Autonomía, o debate político por excelencia entre períodos electorais —é dicir, entre as eleccións—, e precisamente por ser un debate político permítanme que inicie a miña intervención con dúas reflexións sobre a política. A primeira, sobre a natureza do debate político contemporáneo a partir dunha cita dun célebre politólogo canadense, Michael Ignatieff, que no seu libro *Lume e cinzas*, un dos máis crueis e á vez esperanzadores ensaios sobre a política democrática contemporánea, afirma: “A democracia depende da persuasión, entendida como que un pode ser capaz de gañar a un adversario hoxe e convertelo nun aliado mañá. Cando a persuasión non colle no debate democrático, os intercambios vólvense inútiles representacións de acritude. O remedio encóntrase na civilidade, pero a civilidade é máis que mera cortesía, é o recoñecemento de que a lealdade do teu oponente é igual á túa, de igual modo que a súa boa fe é igual á túa. Ese recoñecemento non impide a competencia entre adversarios, incluso uns cantos golpes duros, senón que xorde dun entendemento compartido de que a democracia é a política dos adversarios e non a dos inimigos”. Esa é a primeira reflexión que quero facer.

A segunda é tirada dun autor máis clásico, que ao longo da súa vida se viu moi afectado —como todos os homes e mulleres da súa xeración— polo que el mesmo denominaba

“os malos estados de ánimo”, producidos polos acontecementos públicos do seu período histórico. Estou a falar de John Maynard Keynes, que defendía que a política é unha rama da ética práctica, referida a como se deben de comportar os poderes públicos. E, como salienta o seu maior biógrafo, Robert Skidelsky, dicía Keynes que a política tiña que organizarse de tal maneira que non alonxase indebidamente a xente, e, desde logo, non de forma continua, do cultivo dos bos estados de ánimo.

Pois ben, señorías, nós concibimos a política como un debate entre adversarios dirixido a solucionar os problemas das persoas; un debate duro ás veces pero construtivo sempre. E congratulámonos especialmente de que hoxe o presidente, unha vez máis, amosase ese talante no seu discurso desta mañá.

E permítanme que faga unha referencia. Díxose aquí que o presidente é dunha casta. Quen o dixo, en termos sociolóxicos, é da miña casta, a burguesía compostelá; eu creo que o presidente nin sequera é desa casta. Pero citou a don Benito Pérez Galdós como o pai da idea; un nacionalista español que quería restaurar a fe nacional, coa crise de finais do século XIX, e eu creo que se equivoca de don Benito.

O concepto de casta é un concepto que toma Beppe Grillo da vella socioloxía financeira italiana, concretamente de dous autores que son particularmente coñecidos: Vilfredo Pareto e Gaetano Mosca. Vilfredo Pareto falaba da circulación das elites; Gaetano Mosca falaba da clase política non como un concepto ditatorial, senón mesmo da clase política democrática. O feito é que a crítica á política democrática e á circulación de elites democrática a don Vilfredo Pareto lle valeu que outro don Benito –neste caso don Benito Mussolini– o nomease senador vitalicio do Estado italiano. Por iso cando falamos de casta e de derivacións da casta eu creo que é importante saber de que estamos a falar e cal é a alternativa que estamos a propoñer.

En definitiva, tratamos de mellorar os estados de ánimo. Un bo obxectivo, propio do normativismo keynesiano, que permite á súa vez remarcar que, en contra do que aquí temos escoitado nalgúns ocasións, as cousas están en outubro de 2014 algo mellor do que estaban hai un ano, en outubro de 2013.

Restaurar a confianza. No conxunto de España o índice de confianza do consumidor ascendeu do 69 ao 89; o índice da situación xeral mellorou do 54 ao 76 e o de expectativas, do 85 ao 102; cifras do CIS. Na serie, por certo, son equivalentes cando falamos da situación de España, da situación do fogar propio e da situación das expectativas de emprego, semellantes ás previas á crise económica.

Uns indicadores de confianza que tamén melloraron en Galicia con relación ao ano pasado. O índice de confianza no consumidor ascendeu do -28 ao -17 –o cero é o punto neutro–; as perspectivas de evolución económica melloraron de -40 a -15; a evolución do desemprego, do 35,6 ao 13,6.

É certo que –como dicía o presidente esta mañá– é a primeira vez que celebramos, desde que comezou a crise, este debate con menos paro rexistrado, cunha caída clara da destrución da ocupación, con máis crecemento. O ano pasado neste momento estabamos cun crecemento negativo, cunha caída do PIB de -1,4, e agora estamos no +0,5; levamos catro trimestres con crecementos intertrimestrais positivos, o PIB crece por sexto mes consecutivo; e o consumo dos fogares por primeira vez é positivo desde o ano 2008.

Evidentemente, estamos algo mellor, pero iso non quere dicir que esteamos ben. Pode ter rematado a caída da economía, pero non remataron as consecuencias da crise. Aludiuse aquí a un historiador marxista, que, como todos os historiadores marxistas, nalgún momento da súa vida prediciron o final do sistema capitalista, loxicamente sen éxito: Hobsbawm. Eu o que creo é que estamos a saír dunha recesión e agora o que temos é que traballar para saír dunha crise dentro dun sistema de liberdades civís, sociais, políticas e tamén económicas. *(Aplausos.)*

Dicía que as consecuencias da crise seguen con nós. En primeiro lugar, a taxa de paro EPA, 22,3; inferior á do Estado, que está próxima ao 25. Temos unha débeda pública inxente, o 320 % do produto interior bruto. De acordo co Banco de España, as administracións teñen 1,3 billóns de euros de débeda; as sociedades non financeiras, 1,3; e os fogares, practicamente 0,8 billóns de euros; total: 3,3 billóns de euros. É dicir, como acabo de comentar, superior ao triplo da produción total do país nun ano.

Hai un cambio desde o ano 2010: o sector privado desempalanouse en 295.000 millóns de euros; en cambio, as

administracións públicas –todas– endebedáronse por 445.000 millóns de euros. De feito, España aínda continúa a ser o país do mundo con máis débeda externa en porcentaxe do seu PIB, o 100 %, o dobre do que tiñamos en 2006 e lonxe do segundo país en termos de PIB.

A crise deixounos tamén unha crise nos sectores produtivos, cunha consecuenta caída das rendas do traballo privadas e, en consecuencia, tamén das rendas dos traballadores públicos. E, finalmente, deixounos –e aí coincido co portavoz do Grupo Socialista– o peor de todo: unha enorme crise social, cun incremento das desigualdades. As consecuencias, loxicamente, se se xuntan coa valoración da situación institucional, nomeadamente con algúns casos de corrupción, xeran unha situación certamente mellorable.

En definitiva, son tres os grandes retos que ten Galicia no ano 2014: o primeiro, consolidar a recuperación; o segundo, recuperar a equidade social; o terceiro, reforzar as institucións democráticas da democracia representativa.

E todo iso no marco da integración europea. Hai un recente traballo dun economista catalán, publicado en xullo nos estudos da Caixa, no que se pregunta por que Europa xera pouco crecemento no emprego en relación cos Estados Unidos. É importante este traballo porque di que iso non depende do noso modelo social diferencial –do modelo social, da economía social de mercado de Europa–; que tampouco depende das restricións que impón unha política monetaria única, senón que as raíces da diferenza de crecemento do emprego en Europa con relación aos Estados Unidos son fundamento e unicamente de raíz política, porque a unión monetaria está incompleta e porque o espazo económico aínda segue moi fragmentado, porque os países se resisten á apertura en sectores onde a regulamentación é moi grande. Por exemplo, das 500 empresas máis grandes do mundo cotizadas, Estados Unidos ten o 36 % e a Unión Europea só ten o 13 %. E o tamaño pequeno vén precisamente derivado da imposibilidade de traballar nun mercado único, como si ocorre coas empresas norteamericanas, e iso é fatal nun mundo que tende á globalización. Por iso a Unión Europea, sen máis integración política, terá un peor desempeño económico e, por suposto, un peor desempeño social que o resto dos países. Unha tese que, por certo, é compartida por amplos sectores académicos, tanto liberais como socialdemócratas. E é obrigada unha cita porque sostén esta

tese tamén o ex presidente Touriño no seu último libro, recentemente aparecido.

A situación a curto é algo esperanzadora. Temos certas arelas, esperanzas, nas medidas a curto prazo que está a tomar o Banco Central Europeo, coa devaluación e a inxeción de liquidez. Unha inxeción de liquidez na economía europea que vai ser mellor ou vai ter un efecto adicional naqueles países que contan, como o español, cun sector financeiro saneado.

Eu quero lembrar aquí a importancia que ten para Galicia –e estámolo a ver por algunhas das ofertas de financiamento que está a dar esa entidade financeira– ter conservado Abanca como unha entidade financeira domiciliada, radicada e que fai negocio en Galicia. ¿Seguen cuestionando esa operación? Eu simplemente quero recordar que os contribuíntes pagaron 8.000 millóns de euros, e moito peor sería ter pagado os 60.000 ou 70.000 millóns de euros de depósitos que tiñan os galegos nas entidades financeiras caixas de aforro galegas.

Evidentemente, estamos nun momento complicado, e o primeiro reto –como dicía– é consolidar a saída da crise. Para iso nós entendemos que o presidente fixo catro grandes propostas esta mañá; algunhas delas, a maioría, nin sequera foron contestadas polos portavoces da oposición.

En primeiro lugar, potenciar os sectores estratéxicos. Esta mañá o presidente falou de renovar –para adaptalo ao momento actual, postrecesión económica– o Plan estratéxico de Galicia. É un anuncio que eu creo que é relevante. A planificación estratéxica ten moitas vantaxes. A primeira é que condiciona o apoio económico público, directo –subvencións– ou indirecto –formación, investigación, etc.–, aos sectores produtivos con maiores vantaxes comparativas; é dicir, os que teñen máis capacidade de integrarse nos mercados europeos e ademais con máis posibilidades, polo tanto, de xerar emprego de calidade e duradeiro. E a segunda, porque tamén é unha medida que permite despolitizar ata certo punto as medidas de gasto subvencional con base en criterios de eficiencia –porque se reparten en base a criterios de eficiencia–, evitar despilfarros e, en última instancia, discrecionalidade.

O presidente dirixiuse ademais, cando falou dos sectores estratéxicos, claramente ao sector lácteo-gandeiro, á trans-

formación, ao paquete lácteo; ao sector forestal, a potencia-loa coa produción de biomasa; ao sector do viño –por certo, o ano pasado no sector do viño, que está tan mal, creceron un 20 % as súas exportacións–; ao sector do mar, potenciando a transformación e, sobre todo, incrementando as capturas sostibles ás que ten acceso a nosa frota. Eu quero recordar ao respecto que entre os anos 2005 e 2012 Galicia perdeu un 44 % de cota e de vendas grazas ás magníficas negociacións do Goberno socialista na Unión Europea. Desde 2012 a 2014 incrementouse un 13 % a cota, pero un 55 % o valor, dado que se concentrou na pescada –+ 52 %–, na xarda –+ 77 %– e no peixe sapo –+ 67 %–. E estamos a ver –os incidentes deste verán pñoeno de manifesto– a importancia que ten tamén potenciar o marisqueo como sector exportador e xerador de emprego.

O naval, o automóbil, as enerxías limpas –eólica, biomasa, maremotriz, biogás, xeotermia...–, e a diversificación, cun plan de diversificación industrial que potenciará as tecnoloxías da información, a biotecnoloxía, a aeronáutica... Por certo, cunha excelente noticia para Lugo, coa apertura do novo aeródromo alí ubicado.

Tamén o turismo –vaise constituír o primeiro clúster vencellado a el, ao turismo–, e a potenciación do comercio e da artesanía como sectores, tamén de servizos, xeradores de emprego, vencellados entre si.

En segundo lugar, tamén propuxo un impulso transversal ao crecemento económico a través dunha internacionalización baseada na calidade diferenciada: a marca Galicia. Desde 2009 hai un 30 % máis de empresas exportadoras e hai un compromiso firme de facer un plan para pasar do 33 % do PIB ao 40 % do PIB no valor das exportacións.

En terceiro lugar, para conseguir consolidar a recuperación, falamos de educación. E, nomeadamente, da coordinación entre o tecido produtivo galego e os centros educativos, para que as empresas se involucren na dimensión práctica da educación e para que os centros formativos oferten, á súa vez, ensinanzas máis acordes coas oportunidades laborais que existen no noso contorno económico.

As reforma e as accións levadas a cabo por este goberno no ámbito da formación profesional, e particularmente na formación profesional dual, son un paso decisivo no camiño

axeitado. Un camiño que empezamos no diálogo social e que propiciou o programa Forcon, polo que desde o 2012 se conta en Galicia cun contrato de formación de entre 1 e 3 anos para os mozos e mozas con menor nivel formativo; coa potenciación da formación profesional, instaurándose en torno a cen ciclos formativos adaptados á nosa realidade produtiva; cunha rede de centros integrados nos que o profesorado comparte a docencia práctica coas empresas; e desde eses centros pódese acceder a 30 graos universitarios. O número de estudantes de formación profesional pasou, de 2009 a 2014, de 34.000 a 53.000. É dicir, o 55 % dos rapaces que rematan a ESO van á formación profesional. Somos a única comunidade autónoma que ten unha taxa semellante á dos países desenvolvidos de Europa.

Ese é o camiño correcto. Non entendemos que a formación profesional dual sexa escravitude, e dicir iso é non entender que o traballo estable depende da formación e da súa imbricación no tecido produtivo.

E, finalmente, a través dun gasto público rigoroso. A Xunta está cumprindo sobradamente, e quero recordalo porque ás veces se cuestiona. O ano pasado cumpriu ao 101 % a execución do orzamento de ingresos, e ao 101,7 % o orzamento inicial de gastos, con sobreexecucións en sanidade (106 %), en educación practicamente o 100 % e en investimentos o 90 %. Somos a segunda comunidade autónoma con máis esforzo investidor, cun 7,4 total sobre gasto non financeiro.

Esa boa xestión económica permite que Galicia teña menos débeda que a media das comunidades autónomas, cando empezamos no 2009 estando por riba. E tamén temos que ter en conta, pese a esta redución da débeda, que parte da débeda, concretamente 2.000 millóns –que se engaden aos 3.800 que había cando tomou posesión este goberno–, son as liquidacións negativas, que estamos pagando a prazos, afortunadamente cada vez máis lonxanos, porque permiten dispoñer de maiores recursos no presuposto anual. Somos solventes –a única comunidade autónoma, xunto ás forais, que non recorreu ao Fondo de liquidez autonómica– e iso permite pagar aos provedores. Eu simplemente quero recordar unha noticia aparecida recentemente no diario *El Mundo* da propia Federación de Autónomos, na que se dicía que en Galicia se pagaba tres veces máis rápido que noutras comunidades autónomas, como, por exemplo, a andaluza.

Todo isto, evidentemente, lévanos a poder consolidar a saída da recesión. Pero temos, en segundo lugar, que superar un problema de igualdade. É certo, e somos ben conscientes, especialmente –como sempre digo– o Partido Popular, que é o partido que está máis imbricado no país e por iso é o partido que ten máis representantes nesta Cámara, que sabemos ben dos aprietos que pasan as familias para chegar a fin de mes, e sabemos que esa cifra, lonxe de caer, moitas veces, sobre todo no último mes, continúa a crecer.

Pero eu quero salientar que España é o país europeo no que a crise modificou máis intensamente a distribución da renda. Eurostat ten unha estatística que reflicte que, mentres que na maioría dos países da Unión Europea a crise apenas afectou á distribución da renda, en España o resultado é, realmente, chamativo e catastrófico.

O incremento da desigualdade en España débese, fundamentalmente, á destrución de emprego, que é o principal diferencial da nosa economía coa economía europea, e tamén, loxicamente, polos efectos que tivo a crise financeira sobre a crise económica do final da burbulla da construción. Pero a desigualdade non se incrementou só pola crise. O deterioro da estrutura fiscal que fixeron os socialistas, en particular dos seus instrumentos máis redistributivos, eliminando, por exemplo, o imposto do patrimonio ou introducindo no imposto da renda das persoas físicas rebaixas lineais sen ningún tipo de equidade, ou incluso coas famosas baixadas de impostos que houbo ás grandes empresas vía exencións fiscais, que chegaron a cotizar entre a metade e a terceira parte do que tiñan nominalmente que cotizar, levou a que, efectivamente, en España se producise unha caída da igualdade.

Eu simplemente quero recordar: índice de Gini, canto máis baixo, máis igualdade; canto máis alto, máis desigualdade. Índice de Gini, PSOE 1995: 34; cando marcha o PP no 2004: 31; cando marcha o PSOE en 2011: 34,5; neste ano, último dato de Eurostat, por primeira vez o último ano volveuse reducir a desigualdade en España, de acordo con Eurostat: 33,7. Algo terá que ver –dado que o desemprego non mellorou substancialmente– que se subira o imposto sobre a renda ou que as sociedades empezasen a pagar porque se suprimiron moitas bonificacións fiscais, ou mesmo tamén, loxicamente, a suba do IVE.

Dentro dese escenario dramático que é España entre os anos 2007 e 2011, no que é o desaxuste da igualdade, Galicia hai que recoñecer que non o fixo das peores comunidades autónomas. Xa teño mencionado un informe dos profesores Carmen Herrero, Ángel Soler e Antonio Villar, de Funcas, que di que no índice de desenvolvemento de Nacións Unidas no período 2006-2011, no que toda España cae, hai seis comunidades que, en cambio, teñen incrementos, que son: Cantabria, Castela-A Mancha, A Rioja, Asturias, Andalucía e Galicia. Eu creo que isto é unha boa nova.

Galicia está, de feito, mellor situada que España e que a Unión Europea a 27 nos principais indicadores de desigualdade nos ingresos. Pero iso, efectivamente, dado o deterioro que hai da igualdade, non é un consolo, e por iso hai que manter un compromiso coas políticas de igualdade.

En primeiro lugar, vía ingresos. Parece que non temos un sistema fiscal autonómico no que non teñamos progresividade. Eu quero recordar que o principal instrumento redistributivo que ten a Xunta de Galicia é o imposto de patrimonio. O imposto sobre o patrimonio é o máis redistributivo por natureza, e en 2013 en Galicia eleváronse os tipos. Temos exactamente os mesmos tipos que en Andalucía, onde gobernan o Partido Socialista e Izquierda Unida. O incremento da tarifa implicou que o importe medio por declarante en Galicia é o máis alto de España, e ademais é o maior importe de todas as comunidades que teñen o imposto do patrimonio. Polo tanto, impostos redistributivos.

No IRPF melloramos a progresividade. ¿Como? Baixando o tramo máis baixo do imposto sobre a renda das persoas físicas, do 12 ao 11,5, que afecta ao 70 % de menor renda dos contribuíntes galegos. Máis co mecanismo das deducións selectivas por nacemento de fillos, coidado de fillos, e as hoxe enunciadas polo presidente de 1.200 polo nacemento do segundo fillo e 2.400 polo nacemento do terceiro fillo, máis os gastos deducibles de 600 euros.

O mesmo podemos dicir dos actos xurídicos documentados e transmisións patrimoniais, que teñen rebaixas para as familias numerosas, para os xoves ou para os adquirentes con patrimonios máis baixos.

Finalmente, temos o imposto de sucesións e doazóns. Eu quero recordar que aquí literalmente mantemos o imposto de

sucesións e doazóns que nos deixou o Goberno anterior –o Goberno do Bloque e do Partido Socialista–, que fixo que deixaran de tributar o 90 % dos contribuíntes e que baixase a súa recadación un 40 % ou 45 %.

Polo tanto, políticas fiscais redistributivas para ter recursos cos que facer políticas de gasto como atender a dependencia, que segue a incrementarse en Galicia. O 82 % das prestacións recoñecidas fórono por este Goberno. A 31 de xullo de 2014 hai un total de 36.600 dependentes activos no sistema. Estamos falando de que se atende un total próximo ao 69 % dos beneficiarios recoñecidos, e hai que lembrar que no ano 2009 era o 30 %, non o 69 %. Galicia é a segunda comunidade con maior porcentaxe de servizos recoñecidos e a terceira en canto a servizos de asistencia persoal.

Recursos –os ingresos– que serven para crear e ofertar máis de 23.000 prazas públicas en servizos de atención social. Creamos 1.300 prazas de residencias, 1.600 de centros de día, 180 de centros de alzheimer, 848 de discapacidade e 3.320 prazas en escolas infantís. E, evidentemente, tamén facer políticas de dinamización demográfica como as que hoxe tamén se anunciaron pola mañá, incrementando as deducións fiscais por nacemento ou adopción. Ou atender as mulleres maltratadas. Creouse o Consello Galego das Mulleres, constituíuse o Observatorio Galego de Violencia de Xénero, abriuse e púxose en marcha o Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas da Violencia de Xénero. Hai axudas económicas para as vítimas. En concreto, no ano 2013 houbo 360 beneficiarias. As vítimas de violencia de xénero teñen acceso preferente ás accións formativas e ás axudas á contratación indefinida que impulsa a Consellería de Benestar. As vítimas de violencia de xénero son prioritarias para a percepción de axudas para o aluguer e a Lei de inclusión social ten un sistema abreviado para atendelas se solicitan a Risga, e os seus fillos teñen unha bonificación total nos comedores escolares.

E, por suposto, para manter unha sanidade pública de calidade. Eu quero recordar simplemente –por non enredarme con datos que seguro que o presidente lles transmitirá despois– o que din os dous barómetros que temos de avaliación da sanidade. O barómetro que realiza o Centro de Investigacións Sociolóxicas –o barómetro sanitario– di que o 77 % dos galegos opina que o funcionamento do sistema sanitario é bo ou bastante bo. En España a media está no

65,9 %. En segundo lugar, o barómetro que fai a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública. No 2008 Galicia era a trece comunidade no ránking; no 2009 era a once; no 2014 é a oitava. É certo que perdemos posicións con relación ao ano pasado –do sexto ao oitavo–, pero o certo é que somos a oitava, e cando empezamos estábamos a trece e a once.

E, efectivamente, o terceiro gran reto que ten o país é o de reforzar as nosas institucións. A crise económica puxo en evidencia algunhas das debilidades do noso entramado institucional e, sobre todo, incrementou a percepción negativa que ten a poboación grazas á impresentable contribución dalgunhas personaxes que se deixaron levar pola codicia e defraudaron a toda a sociedade. Neste tema é preciso un cambio. Evidentemente, cando falamos dun cambio non estamos falando de propostas populistas, que, como dicía antes, conducen, ao final, a un sistema autoritario máis ou menos intenso. E nós entendemos que tampouco, neste mundo globalizado, de integración europea, a solución sexa o soberanismo, máxime cando se utiliza o soberanismo nunha situación de crise para non ter que dar explicación polos múltiples recortes e pola mala xestión que se fai. *(Aplausos.)*

O certo é que, tras o paro e os problemas de índole económica, a corrupción, a fraude e a política, os políticos e os partidos son o primeiro problema para o 25,7 % da poboación –falo da enquisa do CIS de xullo–, e o 67,9 % dos españois considera que a corrupción e a política están entre os tres principais problemas do país. Pero tamén é certo que, afortunadamente, a sociedade española segue sendo unha sociedade moi moderada. Non estamos –aínda que a algúns lles gustaría– nunha sociedade polarizada, non estamos diante dunha sociedade radicalizada, non estamos nunha sociedade na que dous extremos arelen impoñer o seu modelo político, social e institucional. En España e en Galicia –a Deus grazas– non hai camisas azuis, afortunadamente. E o presidente, precisamente para atender á necesidade de cambio institucional, fixo esta mañá varias propostas de reforma para defender e reforzar a democracia representativa tal e como está asentada e aceptada pola inmensa maioría dos españois.

Trátase de reforzar a nosa democracia representativa, non, evidentemente, de rupturas nin de cuestións que non

son demandadas e que non son necesarias no momento actual. Porque hai marxe para a reforma da democracia representativa e para combater a corrupción. Porque sempre hai que combater a corrupción. É obrigado recordar a Madison, no *Federalista*, cando dixo aquilo de que “se os homes foran anxos, non sería necesario ningún goberno; e se os anxos gobernarán aos homes, non sería necesario ningún control externo ou interno sobre o Goberno.” Non somos anxos, tampouco somos demos, pero é necesario que se controle o Goberno, que se introduzan controis ao Goberno. E o presidente fixo varias propostas específicas, concretas:

Primeiro, mellora dos procedementos negociados; regular os gobernos en funcións e incrementar as obrigas de abstención dos altos cargos.

En segundo lugar, un novo mecanismo de participación; algo semellante a unha proposición non de lei de iniciativa popular. Propuxo a renovación institucional, a reforma do Consello de Contas para darlle facultades na prevención da corrupción, e facilitar o voto emigrante con garantías equivalentes aos votantes do interior.

En terceiro lugar, reducir os gastos electorais e que o financiamento dos partidos sexa exclusivamente público, ou o derivado das cotas dos seus afiliados.

Unha serie de medidas para mellorar a democracia representativa, da que tampouco escoitamos falar. Gustaríanos, ao longo dos próximos días de debate, poder chegar a un acordo, mesmo para introducir algunhas das cuestións que plantexen outros grupos e materializar todos estes pactos na creada nesta cámara Comisión de prevención da corrupción.

E afondar na democracia representativa tamén é defender a Constitución. Nós, señor Jorquera –seguro que isto, coma sempre, non lle sorprende–, non compartimos o reto soberanista, nós cremos no principio de que a soberanía reside no pobo español, pero non porque sexa algo do pasado ou porque sexa algo que veña dado por dereito natural, senón porque os españois así o decidiron, entre eles, a inmensa maioría dos galegos, dos cataláns e dos vascos, no ano 1978, no referendo Constitucional.

Nós non vivimos nun Estado unitario. Dicar que España é un Estado unitario iso si que non é ser leal coa realidade.

Vivimos nun Estado no que as comunidades autónomas... xa lles gustaría aos landers alemáns, ou mesmo a Escocia, ter a capacidade de autogoberno que ten esta Cámara. (*Aplausos.*) Vivimos nun dos estados máis descentralizados do mundo. E o referendo da independencia o único que fixo foi que os ingleses se deran conta de que eles, se entra unha comunidade autónoma con autonomía, tamén terán que votar as súas cousas sen que llas decidan os escoceses, que é a famosa *West Lothian Question*, plantexada xa hai anos como consecuencia de que unhas partes do territorio teñan competencias, pero que tamén estean na Cámara do Estado, e outras, en cambio, só estean na Cámara do Estado, co cal os escoceses dirixían a educación de Escocia, pero tamén a de Inglaterra, mentres que os ingleses só podían votar sobre a de Inglaterra. Ese é o problema que hai en Inglaterra e no Reino Unido, e certamente non ten moito que ver.

Porque eu quero recordar que a Constitución é reformable, pero non se pode saltar a Constitución que os propios españois nos demos. E gustaríame –para que o entenda– que creo que é claro que o dereito a votar e decidir é un dereito que non se pode atribuír unilateralmente a unha comunidade autónoma, da mesma maneira que o resto das comunidades autónomas non poden votar unilateralmente qué facer con outra comunidade autónoma. Do mesmo xeito que unha comunidade non se pode ir, o resto das comunidades non a poden botar, esa é unha decisión que corresponde, neste caso, ao poder soberano, (*Aplausos.*) que foi exercido en liberdade polos españois, e por primeira vez na nosa historia constitucional, cun amplo consenso entre a esquerda, a dereita e o nacionalismo representado polo señor Roca, que tamén representaba aos nacionalistas vascos.

Evidentemente, todo se pode cambiar, todo se pode reformar, pero polas canles que o propio titular da soberanía se deu. E reformar implica avanzar, e o presidente tamén fixo propostas de reforma institucional e de avance institucional. Os sistemas federais caracterízanse, fundamentalmente, polo equilibrio do poder, polas competencias atribuídas a distintos niveis de Goberno e porque os conflitos se resolven xuridicamente a través dun órgano de interpretación constitucional. É certo que aí temos que avanzar. O presidente esta mañá dixo algunhas cousas importantes sobre a falla de lealdade institucional coa Comunidade Autónoma dos gobernos da Administración central do Estado, con independencia da cor política. E o feito é que nese tema se pode

avanzar, e iso é algo que, evidentemente, nós apoiamos; como, por certo, levamos apoiando, no Partido Popular de Galicia, desde o inicio da Comunidade Autónoma, desde o ano 1981 co presidente Albor.

E os sistemas federais tamén son sistemas que buscan equidade e solidariedade interterritorial. Eu o debate das balanzas fiscais... a min gustaríame que algún día a balanza fiscal que ten o Bloque, os seus estudos, os compartisen coa comunidade académica, cousa que ata o de agora non teñen feito. Dedícanse a criticar os que fan os expertos, que se publican e que se debaten, e vostedes teñen un que non coñecemos ningún. Pero, en todo caso, o que é importante é que a distribución que hai en España non é moi diferente á que hai noutros países. En Cataluña pagan máis os cidadáns de Cataluña porque teñen maior nivel de renda, o cal é lóxico, porque vivimos nun Estado social e democrático de dereito.

Nós, certamente, cremos que hai que reformar o sistema de financiamento autonómico. Non nos foi mal comparado cos demais na última reforma, pero, certamente, non chega para cubrir os servizos básicos. E esa é a clave, que se valore o custo real de prestar servizos públicos nas comunidades autónomas e se teña en conta o diferencial que ten Galicia, basicamente a través do envellecemento e a dispersión da poboación.

Nós, señoras e señores deputados, defenderemos sempre que todos os cidadáns de España teñen dereito a acceder aos mesmos servizos e que esa é a esencia da comunidade política que chamamos España.

Señorías, conclúo. Esta mañá o presidente fíxo un discurso centrado nas persoas, respectuoso, realista e prudente, e catro grandes programas de impulso político: de rexeneración democrática e compromiso coa Constitución e o Estatuto; de impulso e consolidación do crecemento económico, con medidas no ámbito do emprego, nos sectores estratéxicos, no ámbito da xestión, da promoción da I+D+i e da internacionalización das empresas; propuxo, en terceiro lugar, un forte impulso social, con medidas no ámbito educativo, da sanidade, dos servizos sociais e da demografía; e, finalmente, fíxo unha gran chamada ao impulso á cooperación co Estado, coa Unión Europea, cos concellos, pero tamén coas demais forzas políticas.

Desde o Grupo Parlamentario Popular estamos dispostos a falar, a discutir, mesmo algunha vez a recibir ou dar un golpe duro, pero sempre coa man tendida polo ben de todos os galegos e galegas, tanto os que están en Galicia como os que están na diáspora, aos que mandamos hoxe unha mensaxe de esperanza nun futuro mellor.

Reiteramos a oferta de diálogo que fixo o presidente e reiteramos a mensaxe de boa esperanza. Con boa fe, que non dubiden que nós a temos, para sacar a Galicia a adiante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Imos facer un breve receso de dez minutos. Se lles parece, avisaremos mediante timbre.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión por dez minutos.

Suspéndese a sesión ás sete da tarde e retómase ás sete e trece minutos.

A señora PRESIDENTA: Señorías, vaian ocupando, por favor, os seus escanos.

Ben, reiniciamos a sesión coa resposta do presidente. *(Murmurios.)*

Silencio, señorías. Por favor, imos reiniciar a sesión.

Reiniciamos, entón, a sesión coa resposta do presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta, señorías, quixera agradecer en primeiro lugar o ton do debate por todos os portavoces dos distintos grupos parlamentarios que conforman a Cámara.

Señorías, intentarei facer unha resposta con base nos temas que foron saíndo ao longo dos debates dos grupos parlamentarios, agrupando, en consecuencia, esta réplica en

función dos asuntos nos que coinciden os portavoces dos grupos e intentando tamén contestar, parcialmente polo menos, as cuestións que individualmente se plantexaron.

Señoría, señora Iglesias, podo asegurarlle que o interese deste Parlamento, efectivamente, é que a rúa estea presente todos os días nos seus debates. E por iso, señoría, non teña vostede ningunha dúbida de que aquí se fala das cousas que acontecen pola rúa todos os días.

Vivimos no mesmo país, non vivimos alonxados, senón que vivimos no mesmo país, somos veciños do mesmo país e estamos vivindo nun país único que se chama Galicia. Por iso me sorprende, señoría, que traia vostede determinados números ou datos de estudos que probablemente o común dos galegos nin os coñeza. Efectivamente, trae vostede aquí un dato sobre un instituto de difícil pronunciación, como vostede dixo, onde, iso si, a enquisa que fai en Galicia é unha mostra de 400 persoas. Como vostede comprenderá, coller iso e que forme parte da maior parte do seu debate unha enquisa sobre 400 persoas en Galicia non parece que sexa a inmensa maioría do pobo galego. Eu si creo nas enquisas do CIS, porque as enquisas do CIS, como vostede sabe, son enquisas que se van plantexando constante e continuamente e acreditan realmente o que ocorre en Galicia e no resto de España.

Si, señorías, se queren vostedes coller ou vostede quere coller outra enquisa doutros organismos, por exemplo, Transparencia Internacional, pódennlle dicir que Galicia se sitúa no ano 14 como unha das comunidades autónomas co funcionamento máis transparente de España. E aumentamos o valor do indicador en todas as edicións. No ano 2010, o 87,5 %, no ano 2012, o 90 % e no ano 2013, o 93,8 %.

Sen dúbida que teremos ocasión de falar das enquisas, do informe PISA, que é un informe suficientemente sólido e, sobre todo, porque ten unha cadencia temporal, das enquisas do CIS, incluso das enquisas do barómetro sanitario e incluso, se vostede quere, como aludiu, das enquisas dunha asociación, a Asociación para a Defensa da Sanidade Pública, que pon os servizos sanitarios en Galicia nos dous últimos anos mellor do que estaban nos anteriores e, por suposto, durante a época do bipartito.

En todo caso, señorías, sobre o número de propostas aprobadas no Parlamento, que foron 53, pódolle asegurar —e

están á súa disposición para poder acreditarlo os servizos do grupo parlamentario— que o 38 % foron cumpridas, é dicir, o 71,7 %, e 11 delas están parcialmente cumpridas, en proceso. Vostede falaba da Lei de calidade dos servizos públicos. Aprobaremos a Lei de calidade dos servizos públicos e este mesmo ano 2014 remitirémola á Cámara. E non realizadas, 4 delas, que é o 7,55 %.

Señorías, é evidente que vostede fala dunha acusación dun sindicato —saberá o sindicato por que a fai— en relación co funcionamento do Centro de Igualdade —por certo, centro que existe agora e que non existía antes— para atender as mulleres vítimas de violencia de xénero, pero, como vostede debería de saber, e seguro que sabe, a secretaria xeral de Igualdade reuniuse cos traballadores e traballadoras do centro e estes negaron a veracidade desas acusacións. Tamén se reuniu co comité de empresa e se amosaron en desacordo con esas acusacións. Remito, en consecuencia, a datos concretos.

Señoría, sorpréndeme que vostede estea agora en contra da Lei do Consello Consultivo, e sorprende porque vostede se abstivo no proxecto de lei. E, en consecuencia, non creo que as persoas que forman o Consello Consultivo non teñan a onde ir ou non teñan onde estar ou onde traballar, porque das cinco persoas dous son maxistrados, unha é inspectora de Facenda do Goberno de España e outro é letrado da Xunta. Non entendo, en consecuencia, que vostede pense que os que están no Consello Consultivo non teñen nada que facer. Poderían probablemente adicarse máis comodamente aos seus empregos ben remunerados na Administración xeral do Estado. Por certo, hai tres ex presidentes. Se vostede se refire a eles, dous deles son profesores universitarios e outro é médico cirurxián xubilado, e, en consecuencia, non parece que tampouco eles sexan persoas que non teñan onde ir. Por iso creo que non é bo degradar os órganos institucionais galegos e non é bo facer este tipo de valoracións porque podo asegurarlle, señora Iglesias, que non din nada en favor da política das institucións e da súa credibilidade. *(Aplausos.)*

Señorías, señora Iglesias, di vostede que non lle sorprende que a sociedade non respecte a clase política. Vostede sabe probablemente moito diso. Vostede probablemente sabe por que os políticos ás veces temos dificultades para expresarnos diante da sociedade. Creo que o sufriu vostede no seu propio partido, no seu propio grupo e nas súas propias car-

nes. Con todo, señoría, aquí vimos escoitala con moito interese porque pensamos que, se vostede é deputada, non a teñen por que limitar os seus dereitos civís a ser deputada nun grupo parlamentario concreto. Por iso creo que vostede debería de saber moito iso de que ás veces nos sorprendemos de que os cidadáns non respecten os políticos. Eu quedei sorprendido da súa saída das listas electorais polas que concorreu, pero, como vostede pode imaxinar, non teño ningunha responsabilidade ao respecto.

Señoría, vostede fállame de que unha vez en Ourense, cando fomos presentar unha maqueta do Hospital de Ourense, non tiven ocasión de falar con vostede. Sorpréndeme que vostede estivera aí, sorpréndeme, porque a verdade as persoas que me recibiron en Ourense só me recibiron con insultos e creo que vostede é unha persoa pacifista, tranquila e respectuosa e por iso me sorprendería que vostede estivera nese grupo.

En todo caso, señoría, neste momento non estamos falando de maquetas, estamos falando dunha obra, dunha obra de 50 millóns de euros adxudicada, dunha obra que está creando postos de traballo en Ourense e dunha obra que non se fixo en época da bonanza económica, senón en época de recesión económica. Por iso o importante é que o que mal empeza, segundo vostede, ben acaba.

Señoría, di vostede que parece que o Partido Popular de Galicia temos medo. Volvo reiterar, señoría, que vostede parece unha muller moi pacifista. Non teño ningún medo nin de vostede nin dos grupos que parece representar. O que si me dá algo de medo son algunhas ideoloxías que vostede apoia, porque realmente esas ideoloxías si están trasladando o medo a millóns de persoas e trasladaron medo hai décadas a millóns de persoas en Europa e a millóns de persoas en Sudamérica. Por iso, señoría, non se preocupe, esta é unha cámara de liberdade, vostede ten os seus dereitos parlamentarios e correspóndenos a todos no Parlamento – polo menos á inmensa maioría do Parlamento – facelos valer.

Non creo que sexa boa idea suprimir a Secretaría Xeral de Igualdade. Señoría, creo que en Galicia ben merece a pena saber que estamos nada máis e nada menos sendo a comunidade autónoma con máis axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Só hai dúas, Galicia e agora Estremadura. En

Galicia levamos nove anos con axudas – dende o bipartito a nós – e en Estremadura levan menos dun ano con axudas. En Estremadura hai unha media de 450 euros ao mes durante nove meses e aquí de 600 euros ao mes durante doce meses. Por iso, señoría, no orzamento que adicamos a estas mulleres, case dous millóns e medio de euros, creo que ben vale a pena seguir mantendo todas as atencións para a Secretaría Xeral de Igualdade. (*Aplausos.*)

Señoría, creo, en todo caso – e agradézolle moito as súas reflexións –, que estou á súa disposición para concretar o que acabo de referir no número de propostas de resolución aprobadas no anterior debate, no que – insisto – máis do 71 % están completamente cumpridas e máis do 11 % están en execución.

Señorías, señor Jorquera, “o que non ten fe no noso pobo”. Teño toda a fe no meu pobo, señoría, entre outras cousas porque lle debo todo. Este pobo fíxome universitario e este pobo outorgoume a confianza para presidir Galicia a primeira vez que llo pedín. En consecuencia, ¿como non vou ter fe no pobo que me elixiu presidente da Xunta de Galicia as dúas únicas veces que me presentei? (*Aplausos.*) Señoría, teño toda a fe neste pobo e traballo exclusivamente para este pobo, por iso me sinto, señoría, co noso pobo e fúndome todos os días co pobo de Galicia; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non vou dicir que máis ca vostede, pero pódolle asegurar que menos non o acepto.

Miren, señorías, cando vostedes están falando da emigración dos mozos e van vostedes con esta táctica da emigración dos mozos, saben e está reflectida tanto a saída dos mozos de Galicia cara a outras comunidades autónomas como a saída dos mozos de Galicia ao estranxeiro, que é o ano onde máis mozos saíron no 2007. (*Murmurios.*) Estamos por debaixo do ano 2007 en toda a cadencia dende o ano 9 ao ano 13.

Señoría, dicir que temos 100.000 mozos menos e que a culpa é dun goberno é simplemente un insulto á intelixencia dos galegos. Temos 100.000 mozos menos porque nacen menos mozos agora que antes. E por iso, señoría, cando as propostas de natalidade eran propostas das dereitas máis extremas, agora resulta que o BNG descubriu a realidade do país e agora resulta que ao BNG lle preocupa o problema do envellecemento da poboación. A nós tamén. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, non creo que vostede diga de verdade que a min non me preocupa esta Autonomía, entre outras cousas porque levo traballando, salvo sete anos que traballei en Madrid, toda a miña vida nesta Autonomía. E por iso non creo que me diga que non me preocupa a sanidade pública, que non me preocupan os servizos sociais, que non me preocupan as infraestruturas, que non me preocupa a ordenación do territorio, que non me preocupa a paisaxe galega; non o creo, señoría, porque vostede sabe que si me preocupa, que si me ocupa e que non me ocupa máis que todo iso. *(Aplausos.)* Por iso me parece sorprendente que vostede me plantexe estas cuestións.

Mire, señoría, cando vostede plantexa nada máis e nada menos que agora estamos financiando os colexios onde os pais e as nais deciden que os seus fillos estean estudando en aulas separadas e que diga que o responsable é o goberno e as bancadas deste grupo, señor Jorquera, o feito de que vostede estivera en Madrid non significa que vostede non debara de saber que durante os catro anos do Goberno bipartito se financiaron todos eses colexios exactamente igual que se están financiando agora; cunha diferenza, agora fináncianse de acordo cunha sentenza e antes financiábanse porque o Goberno o consideraba oportuno. *(Murmurios.)* Por iso o señor Jorquera debería de térllelo informado ás súas compañeiras de escano, porque estou convencido de que ese erro o señor Jorquera non o cometería nunca. *(Murmurios.)*

Señoría, se vostede acode ás distintas opcións da defensa da sanidade pública, verá vostede que estamos no ano 2012, no sexto servizo mellor de saúde, e agora din que estamos no oitavo mellor servizo de saúde. Nunca pasamos do posto número once durante o bipartito, e dígollo porque esa asociación, como é natural, é coñecida de grupos da Cámara, dende logo non do grupo maioritario.

Mire, cando vostede me plantexa que nos servizos sociais non se está cumprindo a dignidade das persoas, que os traballadores dos servizos sociais públicos non poden facer a medicación, os pañais de incontinencia, o xantar, os menús, conforme os plantexamentos básicos, creo que iso non o merecen os profesionais dos servizos sociais.

É certo que o señor Méndez Romeu me dicía que había que meter máis diñeiro nos servizos sociais laicos e nos servizos sociais de ordes relixiosas, é difícil coincidir entre o

BNG e o Partido Socialista nesas propostas, pero en todo caso si lle digo que estamos cumprindo exactamente os canons que establecen a mellor calidade nos servizos sociais. *(Aplausos.)* Si, señoría.

Si recordo, señoría, cando vostedes plantexaban e eran amigos das caixas de aforro, e pactaban con eles, e facían roldas de prensa conxuntas, e achegaban acordos en servizos sociais, si recordo que fixeron unha empresa cunha caixa –maioría caixa– para os servizos sociais, e resulta que esas residencias de terceira idade, nas que participaban os servizos sociais da Xunta e esa caixa de aforros, eran perfectamente públicas. E agora resulta que chegou vostede e considera que o tema das caixas non se fixo ben.

Dende hai moito tempo que o veño dicindo, señor Jorquera, e por iso sempre lle agradecín ao anterior portavoz do BNG e a vostede que nos apoiaran para claramente intentar manter unha entidade financeira con sede e con domicilio social en Galicia. Non foi así polo Partido Socialista Obreiro Español, por suposto que non, as hemerotecas dan boa conta do que digo. Pero non creo, señorías, que neste momento debamos discutir vostede e máis eu polo tema das caixas, porque vostede, igual ca min, sabe que foi a mellor solución posible dentro da situación que nos atopamos, sen dúbida.

Señorías, sobre o tema do ébola, con todos os respectos: creo, profundamente, na sanidade pública do meu país; creo, profundamente, nos protocolos dos hospitais públicos do sistema nacional de saúde; creo nas sociedades científicas, e creo que se está traballando en España cun enorme rigor, e saberemos, máis pronto que tarde, que pasou, cales foron os fallos e onde tivo o problema que estamos neste momento descubriendo.

Pero non crea vostede que é bo dicir que a sanidade pública en España, a sanidade pública en Galicia, non é de primeira, é das mellores do mundo, e, dende logo, señoría, das mellores de Europa.

Señoría, falaba, como digo, do espolio do noso aforro, e vostede plantexa unha proposta, que tamén plantexa Izquierda Unida en Andalucía –e que parece ser que agora asumiu incluso la Junta de Andalucía–, sobre facer unha banca pública. É unha pena que durante os oito anos que estiveron

gobernando en Madrid ao Partido Socialista non se lle ocorrera facer unha banca pública, pero o certo e verdade é que a Comisión de Investigación das Caixas é unha comisión que nós creamos, co apoio e por unanimidade da Cámara. Comparecemos todos, e estou convencido que se hai novos documentos interesantes se reabrirá a comisión, absolutamente convencido, porque non se esqueza, señoría, que o primeiro que notificou ao Banco de España que había que deixar sen efecto as indemnizacións dos directivos foi o presidente da Xunta de Galicia que fala.

Naquel momento, o Gobernador do Banco de España e o Partido Socialista en Madrid simplemente non contestaron, e agora resulta que temos que buscar un exemplo da xestión das caixas de aforro no Partido Socialista Obreiro Español, ou no Banco de España da época do Partido Socialista Obreiro Español.

Señor Jorquera, fun un presidente que me dirixín ao Gobernador do Banco de España dicíndolle que deixara sen efecto as indemnizacións impropias aos directivos das caixas de aforro galegas. Estou, todavía, esperando a contestación.

Por iso que estamos coincidindo niso, e por iso que vostede debería –estou convencido– facer unha valoración razoable do que fixemos no ámbito competencial propio.

Mire, señoría, no ámbito dos preferentistas, dous de cada tres preferentistas solucionaron o seu problema a través da vía de arbitraje, que se iniciou en Galicia. Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma que iniciou a vía de arbitraje en España, e Galicia viaxou á Unión Europea para, xustamente, entrevistarse co comisario correspondente e plantexarlle que a arbitraje era unha solución legal dentro da Unión Europea. E agora sempre seguimos e seguiremos en favor dos preferentistas que –cada vez menos– aínda non cobraron os seus aforros, pero a inmensa maioría deles si o fixeron.

Nos emigrantes retornados cumprimos estritamente a resolución do Parlamento, estritamente o que aprobamos nesta Cámara o cumprimos, e convencemos o Goberno de España que era un disparate pedir-lles intereses de demora, pedir-lles sancións aos emigrantes retornados, con independencia de que houbera outros emigrantes retor-

nados que si estaban tributando no imposto da renda polo que recibían nos países de orixe. Polo tanto, non se nos acuse máis que de intentar cumprir o compromiso que acadou este Parlamento.

Mire, señoría, é evidente que non coincidimos no concepto de Estado, iso non é ningunha novidade. Non coincidimos no concepto de Estado, e non coincidimos –vostede si– no plantexamento do primeiro ministro conservador. Debe de ser a primeira vez que o BNG coincide cun ministro conservador na Unión Europea.

En todo caso, todos os días aprendemos algo, señor Jorquera. Non sei se tamén coinciden coa súa política económica, coa súa política social, pero dicir que vostede está de acordo co señor Cameron é, cando menos, para que conste no diario de sesións. (*Murmurios.*)

Mire, señoría, sobre Escocia o portavoz do grupo maioritario xa o plantexou; nós temos máis autonomía política que Escocia, nós temos máis competencias que Escocia, nós somos máis donos de nós mesmos que Escocia, e por iso non lle envidiamos nada a Escocia. Se aquí se sometera a votación se tiñamos que ter ou non autonomía, iso preocuparíame, que foi o que se someteu en Escocia. E por certo, o resultado foi que non á autonomía de Escocia. Nós xa votamos hai trinta e seis anos a Autonomía de Galicia, e o resultado foi que si á Autonomía de Galicia (*Aplausos.*) O resultado foi que si.

Claro que nos preocupan as leccións torticeras das balanzas fiscais, por suposto. E claro que lle agradezo que por fin vostede estea de acordo comigo, e eu con vostede, de por que non retrocedemos as balanzas fiscais aos anos sesenta. Estamos a favor, señorías, a favor; iso si, nós estamos a favor tendo o mesmo goberno deste grupo en Madrid, e outros cando estaban gobernando en Madrid disto non falaban.

Pero si lle digo que nós si queremos falar diso. En todo caso, o esforzo fiscal homoxéneo, nesas balanzas fiscais que coñecemos, Galicia está na media de España; polo tanto, non recibimos máis que outras comunidades autónomas, estamos na media de España co sistema de financiamento actual.

En consecuencia, claro que si, queremos falar de envellecemento da poboación, si. Fixemos os cálculos e acredita-

mos que nos custa a sanidade 500 millóns de euros máis, porque temos un 5 % máis de persoas con máis de sesenta e cinco anos.

E fixemos os cálculos e o transporte escolar é o que máis custa en toda España, e a media por alumno de transporte escolar é superior a 1.200 euros ao ano.

Por suposto que estamos de acordo no sistema de financiamento e de plantexar as cuestións que afectan a Galicia, cunha diferenza, señoría, que non teño ningún inconveniente en discrepar co Goberno de España cando creo que os intereses de Galicia non están suficientemente valorados; fíxeno esta mañá e seguireino facendo cando o considere oportuno.

E por iso, claro que estamos a favor de calquera tipo de plantexamento, de estudar o financiamento das comunidades autónomas. Pero voulle explicar por que neste momento non pedimos un novo sistema de financiamento. ¿Sabe por que? Porque non lle interesa a Galicia. Abrir agora un inicio dun novo sistema de financiamento só lle interesa aos nacionalistas cataláns e non lle interesa a Galicia, e por iso esta vez, señoría, non imos caer na trampa que nos propoñen determinados nacionalistas, que, por certo, foron os que máis se beneficiaron do sistema de financiamento pactado unilateralmente co Partido Socialista Obreiro Español. Por iso non imos plantexar neste momento, de recesión económica, un sistema novo de financiamento autonómico, porque non lle interesa a Galicia.

Sobre os temas do déficit da Seguridade Social, Cataluña ten un profundo déficit na Seguridade Social, supoño que iso tamén se podería discutir. En Cataluña foron rescatadas todas as súas caixas de aforro menos unha, supoño que iso tamén se pode discutir. E en Cataluña levan máis de 34.000 millóns de euros de diñeiro público para chegar á fin de mes. Supoño que iso tamén se pode discutir.

Por iso, señoría, a nós o que nos interesa, igual que a vostede, é Galicia, e namentres sexa así, como vostede comprenderá, non imos en ningún caso discutir, senón coincidir.

Señorías, sobre os temas de emprego, os temas de economía e os temas sociais, permítanme que faga un plantexamento conxunto co Partido Socialista Obreiro Español.

Mire, señor Beiras, con todo o respecto que son capaz de trasladarlle, daba a sensación de que vostede daba unha clase na facultade, o que pasa é que aquí os alumnos xa somos maiorciños, señor Beiras, xa escoitamos moitas clases, xa escoitamos moitos discursos, pero a diferenza entre o seu discurso de agora e os discursos dos últimos vinte anos é simplemente a hora e o día en que se dan.

Mire, señor Beiras, non vou entrar en que nos cualifique de que temos devanceiros franquistas, non vou entrar en que vostede lles chame aos empregados públicos, aos policías e á garda civil gorilas, creo que iso non acredita ningún interese neste Parlamento, que estamos intentando evitar.

Vostede falou do rebentón financeiro. O rebentón financeiro en España foi no ano 2010, levaba gobernando o Partido Socialista Obreiro Español sete anos. Non tivo tempo de advertir que as contabilidades das entidades financeiras estaban cheas de inmobilizado; non tivo tempo de advertir que non estaban provisionadas; non tivo tempo, en ningún caso, de advertir que os preferentistas estaban sendo enganados sistematicamente polas caixas de aforro españolas. Pero cando vostede fala de todo isto, como é natural saberá vostede o que plantexa e o que concreta.

Mire, señoría, economistas gringos, guerras mundiais, guerras euroasiáticas, hexemonía do dólar, Reagan, Thatcher, como vostede comprenderá isto non é nin vai con nós.

Di vostede que a gran banca é unha banca mafiosa, pois botámolo de menos, señoría, na comisión que estudou as caixas de aforro galegas, supoño que non tería tempo de asistir, porque quero pensar que non había outras razóns.

Por iso cando plantexa determinadas cuestións –e remato– sobre os temas da *casta*, pois non sei a que se refire. Fala vostede de Benito Pérez Galdós, paréceme moi ben, era fillo dun coronel, o cal non significa para nada que non fora, por suposto, un gran pensador, pero como vostede considera que os exércitos tamén son exércitos invasores, pois supoño que nese momento non o consideraría como tal. Aínda que creo que o seu novo referente intelectual, nomeado aquí por vostede dúas ou tres veces, deixa en mal lugar a Benito Pérez Galdós. Dende logo, eu quédome con Benito Pérez Galdós e non co seu novo referente intelectual. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, a democracia non está entubada, señor Beiras, a democracia está plenamente en vigor en Galicia e en España dende hai case corenta anos. Pero entubar a democracia non significa que cando un se presenta ás eleccións os votantes lle teñan que dar a razón; porque parece que se non gana determinado líder político, non hai democracia, e como nunca gana, parece que non hai democracia.

Hai democracia, señor Beiras. Presentouse tantas veces a candidato de presidente da Xunta, e foi tan contundente a democracia galega que lle respostou, que eu si que quero dicir que a democracia en Galicia existe; existe e ten unha excelente saúde. *(Aplausos.)*

Señoría, con todo respecto, quero dicirlle que non digo que o seu discurso fora malo, en ningún caso, o que pasa é que me parece que o discurso de vostede non era nin para a Galicia de hoxe, nin para o Parlamento de hoxe, nin para a sociedade galega de hoxe. En todo caso, esa é a súa responsabilidade, que elixe os seus propios discursos.

Pero si me preocupa o seu referente intelectual último, señoría, porque iso acredita que toda unha carreira dedicada, polo menos, a ler debería de ter un referente intelectual un pouco máis sólido do que ten.

Señorías... *(Murmurios.)*

Señor Méndez Romeu, eu estou absolutamente de acordo con vostede en que as competencias da Comunidade Autónoma se poden concretar basicamente en dúas: defender os intereses de Galicia, exercendo as competencias que lle son propias, e promover a solidariedade. Absolutamente de acordo. Pero o que me sorprende en vostede é que nos traia unha serie de datos que non se corresponden con ningunha realidade.

Señor Méndez Romeu, cando vostede plantexa que dende que estamos no Goberno estamos nunha peor situación económica, ¿con respecto a quen? Con respecto a España, mellor; con respecto á inmensa maioría das comunidades autónomas, mellor; ¿con respecto aos momentos de bonanza económica? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, vostede o que simplemente fai é describir a crise que durante tanto tempo vostedes negaban. *(Aplausos.)* Por iso cando se plantexa a situación económica, ¿temos que plantexala sobre que?

Mire, señoría, no período 2008-2013 –é dicir, imos colle-lo todo, na lexislatura anterior e nesta– en Galicia o PIB baixou menos que en España, bastante menos, case catro décimas menos que en España durante todo o período. Se vostede quere, en consecuencia, mirar como fixemos as contas en Galicia, pode acreditar que en Galicia estabamos no ano 2008 no 88,4 % de renda per cápita sobre o PIB, e no ano 2013 no 91,6 % sobre España. ¿Que pasou? Que en España se afundiou máis a súa economía e a súa renda per cápita do que se afundiou en Galicia.

Cando vostedes, señor Jorquera e señor Méndez, falan de paro xuvenil, no segundo trimestre do ano 2014 o paro xuvenil era do 48,4 %, case cinco puntos menos que a media de España. En Andalucía non o imos dicir, pero, como vostede sabe, é do 62,3 % *(Murmurios.)* a porcentaxe de paro xuvenil, *(Murmurios.)* lamento ter que dicilo, *(Risos.)* pero probablemente o señor Méndez Romeu esa estatística non a tiña actualizada. *(Murmurios.)* Si, non vou dicir outras comunidades autónomas que sobrepasan o 53, o 56, o 57, o 61... Pero, polo menos, permítame que lle diga Andalucía.

En consecuencia, de como estamos no paro xuvenil neste momento, neste momento baixamos o paro xuvenil un 18,2 % no que levamos de ano, de 43.446 a 35.551, *(Murmurios.)* entre o 31 de decembro do ano 2013 e o 30 de setembro do ano 2014.

Sobre o paro rexistrado, señor Méndez, sabe vostede que somos a cuarta Comunidade Autónoma que máis baixou o paro este ano, con 22.530 persoas menos apuntadas ao paro que hai un ano. Pero, señor Méndez, se aquí do que se está a falar non é só deste ano, onde acreditamos que temos menos paro, se vostede quere coller a lexislatura completa –que empezou en outubro do ano 2012–, hoxe temos menos paro que en outubro do ano 2012, cando os galegos me deron a confianza para volver ser presidente da Xunta.

En consecuencia, non me parece axeitado que vostede veña aquí dicindo que o paro subiu e que no paro estamos na peor situación, porque estamos en mellor situación que hai un ano e en mellor situación que hai dous anos.

A evolución agora é unha baixada de paro do 8,7 %, case tres puntos máis que a media de España. Por certo, señoría, cando vostede era conselleiro o paro subiu un 32 % tan só o

último ano, 51.000 parados nun ano; agora 22.000 parados menos no último ano. Pero se vostede quere coller dende o ano 2009, o paro en Galicia subiu o 13,1 %, en España o 22 %. Somos a terceira Comunidade Autónoma onde menos se incrementou o paro rexistrado de España nos últimos seis anos. Se vostede me di que estamos contentos, non, é a máxima preocupación do Goberno; pero creo que os datos, señor Méndez –que vostede é unha persoa rigorosa–, debe dalos rigorosamente.

Sobre os fluxos migratorios en Galicia, señor Jorquera, as persoas de 20 a 34 anos que saíron de Galicia no último ano foron 10.746, que supón o 2,3 % da poboación deste rango de idade en Galicia; en España saíron o 4,3 %. E se quere colle-lo por anos, como lle dicía, o ano onde máis saíron galegos fóra de Galicia foi o ano 2007, con 13.609, ao resto de España e ao resto do mundo, señorías, pero para os nacionalistas saír de Galicia é emigración. (*Murmurios.*) Non, non, se estou discutindo a sistemática, simplemente estou contestando a un intelixente deputado que me interpela.

Señorías, señor Méndez, que vostede me veña falar aquí do naval –con todos os respectos–, é vostede unha persoa valente. Foi o comisario Almunia, ¿recorda? (*Murmurios.*) Non, señorías, é que parece que o *tax lease* o inventou o Grupo Parlamentario Popular e o presidente da Xunta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E o *tax lease* supuxo durante dous anos (*Interrupcións.*) non poder contratar un só barco en Galicia. (*Aplausos.*) Dous anos, cero barcos, señoría, (*Aplausos.*) cero barcos. (*Aplausos.*)

Señorías, é certo que en Navantia non temos capacidade de traballo suficiente para toda a plantilla –o primeiro que o dixen, e o manteño, son eu–, pero era hora, por fin, que se aceptara por parte dos grupos da oposición –en primeiro lugar o seu– que os contratos de Pemex existían. Fixeron toda unha campaña electoral dicindo que lle mentía aos galegos, dixérono no Parlamento, dixérono nos medios de comunicación, dixérono en todos os mitins, e aínda non tiven, nin sequera,... (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...un minuto de desculpa por parte do Partido Socialista

Obreiro Español, (*Murmurios.*) que me estivo calumniando durante dous anos. (*Murmurios.*)

Señorías, insisto en que agora nos damos conta de que existe o flotel porque o 0,7 % do presuposto do flotel se fai en Cádiz. Paréceme ben, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) paréceme ben, señoría. Pero, hai unha diferenza, o presidente de Navantia nomeouno o Goberno do partido do que formo parte, e critíqueino; nunca escoitei ningunha crítica do Partido Socialista Obreiro Español sobre a Navantia do Partido Socialista Obreiro Español, (*Aplausos.*) ¡nunca escoitei ningunha crítica! (*Aplausos.*) En todo caso, hai 425 millóns de euros en Navantia neste momento, e durante os últimos sete anos do Goberno socialista houbo cero.

Señoría, dixen esta mañá un dato –e reitéroo hoxe–, que temos en construción, ou adxudicados, ou firmados, 1.000 millóns de euros en barcos nos estaleiros galegos. E reitéroo agora. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nos estaleiros da ría de Vigo, nos estaleiros da Coruña e nos estaleiros da ría de Pontevedra, 1.000 millóns de euros; en execución, 375 millóns; e contratados, ou adxudicados ou terminando a negociación do financiamento, 654 millóns de euros. Isto a pesar do noso amigo e o seu, o comisario Almunia.

Sobre o dique flotante, señoría, ¿en oito anos no Goberno non se deron conta de que Ferrol necesitaba un dique flotante? Catro anos no Goberno de Galicia e non consideraron un euro para o dique flotante. Nós estivemos no Goberno de Galicia e estamos, e consignamos 5 millóns de euros para o dique flotante.

Di vostede que a consulta na Unión Europea foi unha consulta informal; menos mal que non son formal, porque, entón, se fora tiñamos claramente a imposibilidade manifesta de facer nada en Ferrol. ¿E quen volveu ditar esa consulta, señor Jorquera? O señor Almunia. E, en consecuencia, cando o Partido Socialista Obreiro Español fala do dique flotante de Navantia, digo que ten un excelente portavoz, que é o señor Méndez Romeu, e ademais un portavoz valente.

Miren, señorías, o desvío dos bloques do flotel, o 0,7 %. Por fin existe un flotel, e queremos que se faga o cen por cento aquí, e por iso nós estamos de acordo en que se faga o cen por cento aquí. Pero, señorías, o que si lles digo é que nós imos seguir apoiando a Ferrolterra, e que vostedes están

pedindo que se faga o 99,3 % máis o 0,7 en Ferrol. O 99,3 % conseguíuno este Goberno e este partido. *(Aplausos.)*

Pero, señorías, estamos falando de Ferrolterra e levamos en cinco anos en Ferrolterra aprobados 3.994 proxectos en axudas e mobilizando 518 millóns de euros. Entre os proxectos reais que están funcionando en Ferrolterra temos, por exemplo, a Gamesa, que a pesar da crise do sector eólico está iniciando palas para os xeradores de maior potencia, cun investimento de 10 millóns de euros; e tamén García Forestal, cun investimento de 4 millóns de euros. E por iso imos seguir traballando e por iso queremos converter Ferrol no centro de distribución do GNL do noroeste. E por iso temos un proxecto –o primeiro, por certo– de poñer a funcionar o porto de contedores de Ferrol, cun investimento de 18 millóns de euros, que estará a funcionar nos próximos meses por primeira vez, e por fin.

E eu espero, señor Méndez Romeu –e dígollo sen retórica–, que se hai algún proxecto de investimento novo en Ferrol nos apoíe. Do mesmo xeito que lle preocupa que o 0,2 % do flotel se fora a Cádiz, agora tente atraer o maior número de investimentos que se poidan facer en Ferrol. Estou convencido de que nos apoiará.

Non creo, señorías, que protexer as empresas –algunhas– do sector eólico sexa un bo plantexamento, xa non socialista, senón como cidadán. Mire, é certo que nos atopamos con 30.000 millóns de euros de déficit tarifario, é dicir, poñemos placas solares, poñemos termos solares e despois, ¿quen os pagaba?, os cidadáns. Ese era o seu plantexamento fantástico das enerxías renovables, 30.000 millóns de euros lles debemos ás empresas eléctricas; esa é a herdanza, señor Méndez Romeu.

¿Que fixemos? En primeiro lugar, diminuír a conta de resultados das eólicas, inevitablemente. Diminuír porque todos os cidadáns se apertaron o cinto, e parece razoable que as eléctricas tamén o fagan. Pero, en todo caso, hoxe por hoxe podemos seguir dicindo que a pesar de que se diminuíron as primas ás eólicas, o 83 % dos megavatios do concurso eólico están ratificados para a súa consecución. Podemos dicir que máis de 850 millóns de euros se investiron nos plans industriais, o 50 %. E podemos dicir, señoría, que Galicia incrementou a enerxía eólica producida o pasado ano un 18 %. Pois iso é o que creo que nos importa, non se as

empresas eléctricas gañan moito diñeiro ou menos, senón se temos que pagar a súa conta de resultados positiva grazas a unha política enerxética que creo que non é de recibo, nin sequera para o Partido Socialista Obrero Español.

Miren, señorías, rebaixamos o imposto de transmisións para que se puideran facer os parques, facilitamos a renuncia total ou parcial aos megavatios, aprazamos a obriga de constituír fianza para que se poidan iniciar os parques, estamos impulsando os proxectos de repotenciación. E temos, en consecuencia, ese sector en execución, ¿a pesar de que? Porque en Galicia segue sendo rendible facer enerxía eólica con menos primas e, en consecuencia, con menos recursos públicos, e por iso a queremos seguir facendo. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Losada.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non é certo, señor Jorquera –dígollo con toda cordialidade–, o tema da tarifa vasca, vostede sabe que non é certo, e, polo tanto, como sabe que non é certo, non se fixo ningunha tarifa específica no País Vasco, ningunha. Simplemente, a maioría da industria vasca estaba traballando cunha media de tensión de 33 quilovatios, pagando, a maiores, peaxes das que xa se beneficiaba a propia industria galega, que está traballando con 66, 132 e 220 quilovatios. O que se fixo, en consecuencia, en Euskadi é, exactamente, facer o mesmo sistema eléctrico que estaba funcionando en España e noutras partes do país, en Galicia incluído. Por iso non creo que sexa bo confundir os galegos, porque non é xusto, e vostede sabe que o que non é xusto non vale a pena poñelo a discutir.

O que si é certo é o das reclamacións pola facturación eléctrica. Nós, desde o Instituto Galego de Consumo, tramitamos 5.700 reclamacións contra a facturación eléctrica, e conseguimos que o 60 % das reclamacións se admitiran de forma favorable. E conseguimos que se expedientaran en máis de 3,3 millóns de euros as empresas eléctricas que estaban facendo un recibo da luz que non era conforme ao dereito. Por iso non teña ningunha dúbida, señor Jorquera, de que sempre nos verá ao lado do consumidor e non ao lado de determinadas compañías que, como é natural, se poden fan o que consideran oportuno.

Mire, é verdade que producimos máis enerxía eléctrica, é verdade, pero tamén é verdade que os custos de distribución en Galicia son moi superiores ao resto das comunidades autónomas. Polo tanto, tamén é verdade, señorías, que cando gobernaban non se lles ocorreu poñer o canon eólico. E agora o canon eólico está producindo uns ingresos de 114 millóns de euros para os concellos galegos e para a Xunta de Galicia. E por iso ben vale a pena –¿por que non?– dicir que temos unha política enerxética que creo que en ningún caso pode considerarse como unha política que non mira, exclusivamente, polo diñeiro público e polos intereses dos galegos.

Señorías, en materia de innovación o señor Jorquera e o señor Méndez Romeu, un dicía que nos comparaba con Turquía, e outro que nos comparaba non recordo con que país... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, era difícil de recordar, porque simplemente hai que recordar os números para saber que iso é un plantexamento dunha profunda equivocación.

Mire, nós investimos máis en innovación nestes dous anos de legislatura que durante os catro anos do goberno do que vostede formaba parte. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Temos as unidades mixtas de investigación... *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, no Goberno bipartito... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Perdoe, presidente.

¿Quere outra chamada á orde?

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o que se investiu en Galicia en innovación foron exactamente 206,1 millóns de euros e nestes dous anos investimos 204,5 millóns de euros. Este é o dato. Porque ás veces dicir mentira é tan gratuíto, señorías, *(Murmurios.)* pero concretar os datos é un pouco máis difícil. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non só incrementamos as actividades...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Losada!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...máis que en anos anteriores... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Losada!

Perdoe, presidente.

Señor Losada, se quere vostede falar, que o seu grupo o nomee portavoz. Faga o favor. *(Murmurios.) (Aplausos.)* ¡Faga o favor! É que non ten a palabra. ¡Claro! A palabra tena o presidente.

Ten a palabra, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, saben vostedes, señor Méndez Romeu e señor Jorquera, que fixemos un enorme esforzo nos centros tecnolóxicos consolidados en Galicia. Investimos en novas instalacións –algunhas delas, novos centros completos; outras, anexos completos– 70 millóns de euros. Investimos en Aimen, en Gradient; en Anfaco estase facendo unha sede, no Centro de Tecnificación de Automóbiles, en Energylab, e incrementamos a plantilla de 180 persoas que traballaban no ámbito da innovación a 214 persoas no ámbito da innovación. Por iso penso que non é xusto dicir que non estamos investindo en innovación, ao contrario.

En todo caso, o certo e verdade é que Galicia foi unha das poucas que melloramos os presupostos en innovación con respecto ao ano 2010. E, por certo, subimos nove postos no ránking de posición en Europa.

En todo caso, si me gustaría determe minimamente no sistema financeiro porque creo que ben vale a pena, señor Jorquera. ¿Que pasou coas caixas galegas, señor Jorquera? Eu só sei que cando cheguei ao Goberno xa na campaña electoral se dicía que as caixas estaban nunha situación dunha enorme debilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E cando cheguei ao Goberno si me atopei con esa debilidade extrema. ¿Por que? Porque entre o ano 2005 e o ano 2009 houbo unha expansión fóra de Galicia, e, desas oficinas, de 1.181 pasouse a 1.497, o 93 % desas fóra da

Comunidade Autónoma, porque se elevou a morosidade en Galicia o 2,4 % e fóra da Comunidade Autónoma un 9 % e porque houbo un incremento desproporcionado do crédito inmobiliario. 3.500 millóns de euros era o crédito inmobiliario do ano 2004 cando saímos do Goberno; cando chegamos, 17.000 millóns de euros.

Señor Jorquera, isto foi o que pasou coas caixas, sabémolo perfectamente, está diagnosticado o problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿E que tiñamos que facer? Pois, mire, asumir as responsabilidades, non as competencias, pero si as responsabilidades que teño como presidente da Xunta e dicirlle ao Goberno de Madrid que non estaba de acordo no cambalache no que nos querían meter. ¿E vostede sabe o cambalache no que nos querían meter? Caixa Galicia, a Bankia e Caixanova, a calquera outra, pero probablemente a Liberbank.

E, en consecuencia, ¿que lles diríamos agora ás 2.500 persoas que traballan nos servizos centrais en García Barbón ou nos Cantóns da Coruña? ¿Que lles diríamos ás 500 persoas que traballan nos sistemas informáticos da Caixa? ¿Que lles diríamos ás 200 oficinas que había que pechar por solapamento das outras ofertas dos bancos españois? En consecuencia, ¿de que se nos acusa? Acúsasenos agora de que se a Caixa valeu máis ou valeu menos. Señoría, a valoración da Caixa foi do FROB, do Banco de España e do Partido Socialista. E eu mesmo e o Goberno fixemos un recurso contra a valoración da Caixa que fixo o Goberno socialista, que, por certo, lamentablemente, nolo desestimaron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por iso, cando se plantexan estas cousas, ¿que fixemos? O mellor para os contribuíntes e o mellor para os galegos.

E, por suposto, señorías, que estamos mantendo os servizos centrais en Galicia, que se centrou a actividade nas familias e nos emprendedores galegos, que mantivemos máis de 2.500 postos de traballo e que, sobre todo, mantivemos a presenza da banca no rural, que ía practicamente desaparecer. (*Aplausos.*) Por iso, señoría, creo que non vale a pensa estar discutindo por isto, porque creo que non é razoable.

Señorías... (*Murmurios.*) (*O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Gallego, ¿vostede tamén? ¡Faga o favor! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Hai algúns deputados que saben perfectamente que hai outras entidades... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai os grandes bancos españois e hai unha gran entidade financeira catalá que quería quedar cos aforros que tiñamos nas caixas galegas por menos da metade de prezo do que se conseguiu finalmente. (*Murmurios.*) Por iso, señorías, se sabe moi ben que aquí mantivemos unha postura firme, unha postura concreta, e sábese perfectamente, señorías, que nunca mudamos de opinión sobre a posibilidade de manter unha entidade domiciliada en Galicia.

Señorías, sobre o tema das políticas fiscais, creo que descoñecemos a estrutura das rendas de Galicia. Mire, as bases superiores a 120.000 euros, de 120.000 a 175.000 euros, son o 0,2 % dos contribuíntes galegos, o 0,2 %. E as bases superiores a 100.000 euros, ata 172.000, son o 0,4 %. Polo tanto, cando se fala de subir impostos aos ricos, ¿a que ricos se refire, señoría?, ¿aos ricos que lles eliminaron o imposto de patrimonio, a todos os ricos de España de forma contundente e simplemente nunha tarde por dicir que pagar menos impostos era de esquerdas? ¿Refírense vostedes a ese tipo de política fiscal que si claramente beneficiaba as rendas altas? Non creo, señoría, que esteamos falando en serio sobre o noso plantexamento de rebaiñar a renda, o imposto da renda, ás persoas de menos de 17.000 euros, que, por certo, son o 80 % dos contribuíntes galegos. Levámolo facendo e seguiremolo facendo sempre que poidamos, señoría, baixar os impostos ás rendas máis baixas. (*Aplausos.*)

Señorías, señor Méndez Romeu, si creamos 7.300 novas prazas públicas de servizos sociais, 7.300. Non teño ningún inconveniente, se vostede o solicita, de concretarlle onde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Fálame da ratio de dependencia. (*Murmurios.*) (*A señora Gallego Calvar: Queremos a lista.*) Perfecto, non sei por que non a pediron xa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Digo que sobre o tema da Lei da dependencia, señoría, sobre o tema da Lei da dependencia... (*Murmurios.*) (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio.

Perdoe, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Sobre o tema da Lei de dependencia, señoría... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Teñamos a festa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Faga o favor, señor Losada, que non quero volver chamalo á orde. *(Murmurios.)* Faga o favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Sobre o tema da Lei de dependencia, señoría, sabe vostede que cando chegou e deixou o Goberno se pagaban 14.000 dependentes mensualmente; agora páganse 38.000 mensualmente. E por iso me sorprende que vostede diga que estamos cunha dependencia inferior á que tiñamos en anteriores lexislaturas de bonanza. *(Murmurios.)* A ratio de atención a dependentes pasou do 30 %, que había no ano 2009, ao 68,5 %, que hai hoxe.

Sobre o tema da pobreza, volvo reiterar, señorías: falemos en serio disto, porque merece un respecto. Claro que temos pobres na sociedade galega, pero é certo e verdade que temos menos pobres que no resto da sociedade española, máis de 3 puntos menos que no resto da sociedade española, e por iso ben vale a pena polo menos dicir isto, porque é verdade.

Critican que recortásemos o orzamento da dependencia un 50 %. É falso, señoría. Pasamos a 345 millóns de euros no presuposto da dependencia. Cando miramos a memoria económica do bipartito para atender a todos os dependentes, sinalábase que pretendían destinar vostedes 126 millóns de euros á dependencia para atender a todos. Nós destinamos 345 millóns de euros e aínda nos quedan uns bos miles –17.000 exactamente– de dependentes non atendidos.

Din vostedes que hai 8.000 persoas esperando unha residencia da terceira idade. Hai menos de 1.600 persoas porque incrementamos, entre outras cousas, un 50 % as prazas das residencias da terceira idade.

Señorías, din vostedes algunhas cousas que creo que ben vale a pena que repasen. Estas 7.303 prazas novas supoñen nada máis e nada menos que un incremento do 63 % con respecto á anterior lexislatura de bonanza económica.

Señoría, ¿por que non valoramos axeitadamente a educación que temos se temos unha educación coa que, conforme todos os criterios de PISA e da OCDE, estamos mellor que hai uns anos? En todo, en lectura, en comprensión lectora e en lingua estamos mellor, señoría. Temos o fracaso escolar máis baixo dos últimos anos, temos a menor porcentaxe de absentismo dos últimos anos. Polo tanto, poñamos en valor o que fan os profesores porque os profesores están traballando máis que nunca, aínda que tiveramos que baixarlles o seu salario.

Por iso, señorías, non entendo; se somos a segunda comunidade autónoma con menor ratio de alumnos por profesor ou, dito doutra forma, se somos a segunda comunidade autónoma con máis profesores por alumno, se temos 85.000 persoas estudando no ensino público unha terceira lingua, se incrementamos, señoría, algo que creo que ben vale a pena poñer en valor, un 54 % as prazas de formación profesional, diciamos esta mañá que temos xa nos últimos tres anos máis prazas en formación profesional que en bacharelato e se temos as taxas universitarias máis baixas do país, supoño que os reitores, as universidades e a Xunta de Galicia algo fixeron para conseguilo.

A taxa de abandono baixou do 25,8 % ao 18 %. Temos, señoría, nada máis e nada menos que un 22 % máis de prazas de comedores escolares. Temos 7 de cada 10 alumnos cunha axuda para os libros de texto. Señoría, ¿por que non poñemos en valor a educación pública que levamos construíndo entre todos? *(Aplausos.)* Iso é o que lle propoño, non lle propoño moitas outras cousas.

Señoría, dicía o portavoz do Grupo Parlamentario Popular que somos a segunda comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública, e é verdade. ¿Por que aquí dicimos que incrementamos a débeda pública, á vez se nos di que non temos recursos para investir e á vez se nos critica por adicar a débeda pública aos servizos públicos? Señoría, somos a segunda comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública. Cando eu cheguei ao Goberno, a débeda pública de Galicia era superior á media das

comunidades autónomas, e agora é inferior á media das comunidades autónomas, a pesar de ter que incrementar esa débeda pública.

Señorías, ¿por que non poñemos en valor que Galicia fora a única comunidade autónoma do sistema xeral de financiamento que non pedira un euro ao Goberno de España para manter o seu autogoberno e para manter as súas competencias? Creo que é un esforzo do pobo galego que temos que poñer en valor. E se nós non poñemos en valor o que fai a sociedade galega, ¿quen o vai poñer, señor Méndez? Creo que a sociedade galega merece este esforzo porque realmente o fixo, e séguelo facendo.

¿Por que non poñemos en valor que somos unha das comunidades autónomas que mellor pagamos aos provedores sen necesidade de acudir aos 84.000 millóns de euros aos que acudiron os nosos colegas doutras comunidades autónomas?

Señoría, claro que hai que pagar, sempre hai que pagar o que se debe; iso nos pobos ensináronnolo desde o primeiro instante, señor Méndez Romeu. Hai que pagar o que se debe e non se debe gastar máis do que se ten, salvo para manter servizos públicos esenciais, e a iso adicamos a débeda pública que –insisto– é a segunda que menos se incrementou durante os últimos anos.

Señor Méndez Romeu, non creo que sexa razoable que me critique porque subimos os impostos ás rendas baixas. Sabe que non é certo. Sabe que dende que chegamos ao Goberno baixamos os impostos ás rendas baixas, sabe que cobramos os comedores ás rendas altas, non ás rendas baixas, sabe que os libros de texto non llelos damos a todos en función de simplemente ir ao colexio, senón en función da renda dos seus pais. E por iso creo que ese tipo de medidas son medidas que vostede debería de aplaudir dende un plantexamento socialdemócrata.

Señorías, creamos a primeira Axencia Tributaria de Galicia, detectamos unha fraude de 150 millóns de euros en todos os impostos autonómicos e agora estamos no ano 14 intentando detectar –e, de momento, ímolo conseguir– unha fraude aproximada de 50 millóns de euros. Cobremos os impostos aos que os teñan que pagar e non subamos os impostos aos que os pagan, porque iso sería dobremente inxusto.

Señorías, reitero todos os plantexamentos en relación coa sanidade. Señor Méndez Romeu, non é aceptable que vostede nos diga que perdemos calidade na asistencia sanitaria, non é certo. (*Murmurios.*) Non é aceptable que nos diga que estamos descoidando a sanidade pública; non é certo. Sabe vostede igual ca min que hoxe se espera menos por unha patoloxía grave e por unha patoloxía moi grave. Sabe vostede igual ca min que rebaixamos os concertos ás clínicas privadas, entre outras cousas porque tamén temos menos presuposto e o lóxico é que todos fagamos o mesmo desde o punto de vista do esforzo.

¿Que quere dicir con que privatizamos? Señoría, ¿a que se refire vostede con privatizar? Agora resulta que o Hospital de Vigo, que tantas veces se dixo que era privado, cando xa non se pode evidenciar a súa existencia, cando xa non se pode evidenciar que estamos ante unha das mellores infraestruturas hospitalarias de Europa e cando o pobo de Galicia o fixo en plena crise económica, están discutindo vostedes onde se pon un servizo, o de laboratorio concretamente. ¿Pero en que quedamos, señor Méndez Romeu?

Vostedes queren poñer o servizo central do laboratorio no novo hospital. ¿Pero non quedamos en que o novo hospital era privado? ¿Queren agora vostedes levar o laboratorio ao hospital privado e quitarlo ao Hospital público do Meixoeiro? Non, señor Méndez Romeu, o hospital novo é público e o hospital do Meixoeiro é público, (*Aplausos.*) e, por iso, señorías, pódese ter un laboratorio en calquera dos dous hospitais. E non o confundan, señor Méndez Romeu; no hospital público de Vigo haberá un laboratorio, por suposto, pero a central do laboratorio estará no Hospital do Meixoeiro. ¿Por que? Porque o 60 % das analíticas veñen dos centros de saúde, non veñen dun hospital.

En consecuencia, ¿cal é o problema, señor Méndez Romeu? Estou convencido de que non o informan axeitadamente, porque vostede, se coñecera estes datos, non faría este plantexamento de privatización.

Señorías, no hospital de Povisa dixémoslles a todos os vigueses, a todos os que van a ese centro, que poden ir cando queiran ao Hospital Xeral, hospital público, e que teñen dereito a cambiar de hospital, e que, se cambian de hospital, se rebaixa o concerto de Povisa. ¿Por que non se facía isto antes, señoría?

Señorías, claro que estamos defendendo a sanidade pública. Non se preocupe, señor Méndez Romeu, que mentres eu sexa presidente haberá unha sanidade pública en Galicia, cunha calidade que se pode comparar con vantaxe co Osakidetza ou co Servizo Navarro de Saúde. Non se preocupe, ten vostede a miña palabra. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Non imos entrar, señorías, nos problemas da pesca porque non sei quen lles dá os datos, pero, miren, en permisos de marisqueo a pé –cando di que se están diminuíndo–, incrementamos o 48 %, de 159 a 308. Cando vostede nos di que as cotas da pesca en Galicia diminuíron, o portavoz do Grupo Popular lle dixó que se incrementaran un 13 %, e por iso nos sorprende cando di agora que se están retirando da actividade pesqueira unha serie de buques. Mire, entre o ano 2005 e 2008 retiráronse de Galicia 538 buques, entre os anos 2009 a 2013, 248; é dicir, un 54 % menos. Evidentemente, hai buques que teñen unha capacidade de arrastre e unha capacidade de captura moi superior á que antes tiñan dous buques. Polo tanto, fagamos as cousas con rigor, señor Méndez, porque, se non, confundimos a toda a xente.

Mire, na anterior lexislatura multiplicamos por cinco as cifras do Igape, o número de avais; por cinco, e nesta lexislatura levamos mobilizados 420 millóns de euros. Cando di vostede: ¿e isto para que vale? Pois mire, para salvar a Clesa, ou salvar a Privilege, ou intentar manter Arteixo Telecom, ou intentar manter vivo –e está– Barreras ou Maderas Iglesias ou Pórtico.

En definitiva, señoría, o que non imos facer é darlles préstamos e avais a tres empresas que supuxeron un burato nas contas públicas da Xunta de Galicia de 70 millóns de euros. Iso deixámollo ao Igape de anteriores lexislaturas, pero agora non parecen apropiados ese tipo de plantexamentos. *(Murmurios.)*

Señoras e señores deputados, señor Méndez Romeu, non creo que sexa xusto que me diga que non defendemos o mapa xudicial; ademais, que me diga neste momento, creo que non é xusto. Non só o defendemos, senón que mudou o texto do proxecto de lei no Goberno de España para reflexar os intereses de Galicia e crear unha sección onde antes non existía –en Vigo–, outra sección onde antes non existía –en Ferrol– e outra onde antes non existía –en Santiago–.

Polo tanto, agora temos sete xulgados ao mesmo nivel. Creo que ben vale a pena poñelo en valor, porque lle podo asegurar que nos custou algo. *(Aplausos.)*

Señorías, non imos en ningún caso, señor Méndez Romeu, discrepar dos acordos posibles. Nos plans de emprego, que me diga que non temos un plan de emprego xuvenil cando levamos varios meses con ese plan de emprego xuvenil, con 100 millóns de euros, 2014-2015, seguro que se trabuca; que me diga que temos que seguir adiantando e profundando nos plans de emprego, a favor; que me diga, señoría, que temos que seguir mellorando todos os sistemas de detección de propostas ou actuacións que son absolutamente impresentables na política, absolutamente a favor, señor Méndez Romeu; non teña dúbida, absolutamente a favor. E por iso lle podo asegurar que sobre a corrupción poderemos avanzar todo o que vostede queira; e sobre os plans de emprego, intentaremos avanzar todo o que os axentes sociais, o Goberno, o Partido Socialista e os membros da Cámara plantexen.

En definitiva, señorías, para avanzar por Galicia nós estamos sempre; para dar os datos correctos, tamén.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto ten a palabra dona Carmen Iglesias Sueiro.

¿Fala dende o escano, señora Iglesias?

A señora IGLESIAS SUEIRO: Si, por favor.

Moitas grazas.

Señor presidente, si sei que somos do mesmo país, pero temos visións distintas. Eu hoxe, cando rematou de falar vostede na primeira intervención, saín á rúa e había aí un colectivo de inmigrantes retornados que están a sufrir o acoso fiscal.

Outra cousa. Eu non dixen –non me cambie as palabras– que había que suprimir a Secretaría de Igualdade; eu dixen

que había que suprimir a Lei de igualdade, e, de paso, xa engado que hai que suprimir a Lei de familia e a Lei de protección da muller embarazada, que non veñen a nada.

Por outra parte, agradeceríalle, así como vostede me agradece a min a miña corrección, que non me volviera recordar a polémica que sufrín para entrar neste Parlamento. Iso creo que é unha cousa que queda no ámbito da miña ex organización e no meu, solventados os problemas burocráticos que houbo. Agradeceríallo, porque é que mo di sempre. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Por outra parte, acabo de comprobar o que eu dicía na miña intervención: ¡que doado é para os profesionais da política instrumentalizar as cifras e alterar a exactitude matemática na valoración da política para que o inaudito acade a categoría de crible! E, a conta disto, quérolle dicir que o Informe EQI está feito no ano 2013 a 85.000 cidadáns de 206 países. O que fixo vostede foi dividir, e non sabe cantos galegos son nin nada, pero son 85.000 cidadáns.

Por outra banda, se eu pronuncio mal o inglés, ao mellor podíalle pedir axuda a Ana Botella ou a José María Aznar, que creo que son uns *cracks* no tema da lingua británica.

Con respecto ao que me dixo vostede do Centro de Mulleres Maltratadas, eu teño aquí o informe da UXT. ¿E sabe o que lle digo, señor Feijóo? Que das traballadoras que hai aí só hai unha fixa, o resto están temporais e teñen medo –como temos todas e todos– a perder o traballo. Estámolo perdendo xa, porque xa estamos perdendo todo; entón xa, de mollados, ao río.

Pero isto está aquí, e di: “Santiago..., a directora Begoña Riveira Barros, aplica a súa propia normativa reguladora ao persoal do seu centro. A recente resolución da Dirección Xeral da Función Pública non a convence, así que dita a súa normativa en materia de vacacións, segundo a que, por regra xeral, non se poderán coller máis de cinco días seguidos de vacacións, e en ningún caso poderán estar máis de dúas traballadoras ao mesmo tempo gozando deste dereito. Por outra banda, ignora deliberadamente os preceptos establecidos no artigo 43 da Lei galega para a igualdade de mulleres e

homes, á hora de conceder a preferencia de vacacións a mulleres con fillos menores. Así mesmo, tamén dita as súas propias normas en materia de xornadas, impondo unha carteleira de traballo que inclúe os domingos, incumprindo o imperativo legal cos órganos de representación”.

Eu tamén quero falar –xa que falan tanto– da herdanza recibida. Bueno, pois a herdanza recibida que está acabando con todas e con todos nós –está aquí– foi a reforma laboral que vostedes nos cravaron coas súas maiorías absolutas e que fai da clase traballadora unha clase escravizada.

Con respecto a que se cumpriron todas as resolucións estas completas, aquí hai unha que di: “Reforzar a valoración –non a leo enteira porque non me dá tempo– do Camiño de Santiago”. Eu estiven nunha comisión de Cultura na que se quería poñer en valor o Camiño de Santiago, que vén do norte, o que vén de Inglaterra, e foi rexeitada esa iniciativa porque dous do seu partido non estaban para votar. O resto votaron que si. Entón, montaron alí unha trapallada porque se enfadaron, unha trapallada de escola, de patio de colexio, e isto non está completo, porque esa iniciativa non foi para adiante.

En Ourense, nós estábamos esperando por vostede para darlle o documento coas demandas da xente que representamos alí..., (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...e cando vimos que a Policía nos empuxaba, pois pareceunos mal, como comprenderá. Como comprenderá, que nos empuxen, que empuxen a unha persoa coma min, que son unha señora xa cunha idade e que estou alí pacificamente, como vostede di... ¿Son pacifista? Pois si, son pacifista, pero o que non son é submisiva, e, se me empurran, se poden, deféndome.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Creo que lle contestei a todo o que vostede me dixo. Ou sexa, que non debe ser a mesma rúa pola que circulamos vostede e eu, ou non debe ser o mesmo medio no que nos movemos, porque eu vexo manifestantes á porta deste Parlamento cada vez que hai un pleno; véxoos, e estou con eles, e preguntolles que lles pasa.

¿E a representatividade que podo ter eu? Pois a representatividade que podo ter eu é a que me dá a xente que me apoia, que é moita, moita, de verdade que si. E, se queren, un día tráioos aquí a todos e a todas para que os vexan e se acabe o tema dunha vez. Prégollo por favor porque xa está ben. Xa é unha cousa vella e non vai a ningún lado, ¿de acordo?

Pois..., nada máis.

Bueno, quero dicir do ébola que vostede confía moito na ministra... Porque eu no persoal sanitario confío a ollos pechados –ademais penso que son uns heroes traballar nas condicións que o están facendo–, pero eu o que teño aquí é un informe: “...que las enfermeras responsabilizan a Ana Mato del contagio del ébola de su compañera”. Despois, teño aquí: “Espero que por culpa no tengamos ninguna muerte más que lamentar”. “Es poco tranquilizadora y balbuceante la intervención de la ministra”. “No se sometió a esta mujer a un período de aislamiento”. “La mandaron a casa después de presentarse con décimas de fiebre al estar al lado del enfermo.”

Por outra banda, e o que non entendo –isto si que non o entendo, a ver se mo pode explicar– é por que traemos os enfermos do ébola españois á casa, e pasamos, como el cóndor, da enfermidade. Hai que ir curar ao sitio, non hai que traer ao enfermo, sobre todo cando é unha enfermidade tan contagiosa. Eses enfermos foron trasladados por motivos políticos e non por motivos sanitarios. ¡Habíamos ver se fora un médico de Médicos sen Fronteiras ou se fora un voluntario doutro tipo se pasaría o mesmo! Iso tamén o quería saber eu.

E, desde logo eu, na xestión da ministra Ana Mato, San Buenaventura Durruti me libre dela.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, pídolle un pouco de transixencia, tendo en conta que o presidente da Xunta de Galiza ten

tempo ilimitado, e paréceme ben, pero na súa réplica foi desgranando multitude de temas, que a algúns terei, inevitablemente, que contestar telegraficamente. Pero, ademais, o portavoz do Grupo Parlamentario Popular, o señor Pedro Puy, tamén dedicou boa parte da súa intervención a responder ao Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, tamén me vexo na obriga de responder ao señor Pedro Puy, non só ao señor Feijóo.

O señor Pedro Puy, seguindo o que é o argumentario do Partido Popular, castiga os nacionalistas dándolles coa Constitución na cabeza. Ben, e algunha vez nesta Cámara teremos que falar, devagar e en serio, da Constitución española, dado que parece ser que xa todos os cidadáns nos autodeterminamos no ano 1978, referendándose a Constitución. E entón haberá que recordar –por poñer un exemplo– que esa Constitución foi elaborada por unhas Cortes que emanaban dunha legalidade franquista e que non foron convocadas como cortes constituíntes. Haberá que lembrar que naquelas eleccións do ano 1977 non estaban legalizadas todas as forzas políticas –eu militaba nunha organización política nacionalista democrática ilegal, daquela–. (*Aplausos.*) Haberá que lembrar que desde o ano 1978 até hoxe xa choveu, para empezar hai moitísima xente que no ano 1978 nin sequera nacera. Haberá que lembrar que a Constitución, nos seus aspectos máis progresivos, máis avanzados –que tamén os ten–, a están violando e vulnerando vostedes, absolutamente, todos os días. E haberá que lembrar –para entender o contexto do debate que hai no Estado español, nestes momentos, sobre o problema nacional– que o Partido Popular, en Galiza e no Estado, está levando a cabo un auténtico proceso de deconstrución do autogoberno, de converter o que tiña que ser unha autonomía política nunha simple autonomía administrativa. Haberá que lembrar todo iso se se quere falar en serio da Constitución.

Se até o propio señor Feijóo o recoñeceu implicitamente, por suposto, na súa intervención da mañá, cando falou de que se culpabilizan as comunidades autónomas de medidas que lles veñen ditas. Se até o recoñeceu el implicitamente. Porque, ademais, a vía que existe no Estado español para acabar co modelo social, na medida en que o gasto social e os servizos públicos dependen das comunidades autónomas, é a recentralización: o proceso de deriva centralista, de desafío centralista do que somos vítimas como pobo. Polo tanto, en primeiro lugar, quería facer esa aclaración.

En segundo lugar, non teño tempo para seguir discutindo durante horas e horas se estamos entrando xa nunha recuperación ou non, se Galiza vai mellor ou non. Permítanme, simplemente, que lea esta frase: “*Dicir que a medicina está funcionando porque a taxa de paro se reduciu en dous puntos porcentuais, ou porque un pode ver un atisbo de magro crecemento, é semellante a que un barbeiro medieval diga que unha sangría está funcionando porque o doente aínda non está morto*”, Joseph Stiglitz, premio Nobel de Economía. Creo que disto entende bastante máis ca min, o título do artigo é “Os Zombis da austeridade europea”.

Señor Feijóo, eu creo que vostede entendeu mal a frase de Castelao, porque Castelao non dicía que tiña fe no noso pobo para que me voten, porque vostede, polo que dixó, parece que ten fe en que o pobo galego o siga votando. Castelao ao que se refería é a que hai que ter fe nas potencialidades, nas capacidades deste pobo, e, por tanto, aqueles que pretenden galvanizar o pobo galego con promesas transitorias e electoreiras non teñen a dignidade de representalo. (*Aplausos.*) Iso é o que quería dicir Castelao. (*Aplausos.*)

Mire, e ese é o problema, señor Feijóo –con todos os respectos–, que temos con vostede como pobo, e no tema do sistema de financiación autonómica volveu demostralo. En primeiro lugar, unha aclaración –porque xa é habitual nos debates que fale do BNG como se gobernase en Madrid durante o período Zapatero–, lembro de novo o que xa lle dixen na última sesión de control. 2009, cando se aprobou a última reforma do sistema de financiamento autonómico, os únicos deputados galegos no Congreso dos Deputados que votaron en contra desa reforma claramente prexudicial para Galiza foron Olaia Fernández Davila e Francisco Jorquera Caselas, os deputados do BNG. (*Aplausos.*) Non estaban os deputados do Partido Popular de Galicia defendendo os intereses de Galicia.

Pero, mire, pese a todo vostedes admitiron –e vostede teno admitido reiteradamente neste Cámara– que esa reforma foi prexudicial para Galiza. E, en cambio, di que agora a Galiza non lle interesa que se revise o sistema de financiación autonómica. ¿E por que se vostede mesmo admite que esa reforma foi prexudicial para Galiza? ¿Sabe por que di iso? Porque ten medo de que a posición ambiciosa doutros faga que Galiza saia perdendo máis.

Pero é que o problema que temos como país é que vostede non ten ambición de país, e en vez de ter unha posición exixente e reivindicativa, (*Aplausos.*) agora do que ten medo é de que os plantexamentos doutros fagan que Galiza aínda acabe perdendo máis. E iso é o que conduce á súa submisión, señor Feijóo, a estar sempre á defensiva perdendo terreo como país.

Mire, Banco de España, os datos que din sobre o aforro galego non son datos do señor Miguel Ángel Fernández Ordóñez –que non me merece a máis mínima simpatía–, son datos do Banco de España deste ano, señor Feijóo.

En segundo lugar, caixas de aforro, hai que refrescar un pouquiño a memoria, porque quen brindou con champaña cos altos directivos das caixas, que demostraron ser uns auténticos sátrapas, foi vostede. (*Aplausos.*) Quen aceptou que se modificase a Lei de caixas para prorrogar no mandato eses altos directivos, respondendo ás presións deses altos directivos, foi vostede. (*Aplausos.*) Os que aprobaron –porque me gusta ser xusto– a reforma da Lei de órganos reitores das caixas de aforro, que abriu o camiño para a súa xa total privatización, bancarización e procesos de absorción, que significaron para Galiza o gran perigo de quedar sen entidades financeiras propias –como así foi–, foron vostedes e o Partido Socialista en Madrid, co voto en contra do BNG. (*Aplausos.*) Polo tanto, non teñamos unha memoria tan fráxil.

Preferentes. Mire, vostede dixó textualmente que a vía da arbitrase conseguiu que se devolverse o seu diñeiro a dous de cada tres pequenos aforradores. Os representantes do FROB no Congreso dos Deputados, este mesmo ano, dixeron que había máis de 100.000 afectados pola subscrición de preferentes das antigas caixas galegas.

Eu teño unha resposta do seu Goberno, con data 3 de outubro de 2014 –polo tanto, recén saída do forno–, que di textualmente que a vía da arbitrase permitiu que 14.300 persoas recuperaran os seus aforros; 14.300 de máis de 100.000. Polo tanto, señor Feijóo, con todos os respectos, non se tire pegotes. É certo que a través doutras vías, grazas á súa loita, outros máis os recuperaron, pero aínda seguen aproximadamente de 15.000 a 20.000 pequenos aforradores sen recuperar o seu diñeiro.

Ébola. Mire, non me acuse a min de desprestixiar a sanidade pública, eu o que estou denunciando é a incompetencia

neste caso do Goberno central. *(Aplausos.)* E, polo tanto, non pretendan desviar os tiros contra os profesionais da sanidade, que me merecen todo o respecto, porque o que estou denunciando é a incompetencia total e absoluta, no caso concreto de como se xestionou o Ébola, do Goberno central.

Sanidade. Eu pídolle que fale máis veces coas asociacións en defensa da sanidade pública, porque vostede aquí repite única e exclusivamente un dato, cando hai multitude de datos que indican como se está degradando o sistema sanitario público en Galiza. Fale coas asociacións, pero fale tamén cos profesionais da sanidade.

Mire, é o Tribunal de Cuentas do Estado –non é un organismo sospeitoso de estar baixo a influencia do BNG– quen di que Galiza xa é a terceira comunidade con menos gasto público sanitario por persoa. Pero doulle un dato: desde que vostede goberna reduciuse a plantilla na sanidade pública nun 14 %. E as listas de espera están acadando os seus máximos históricos, pese á propaganda do seu Goberno. Segundo os profesionais, as cifras reais superan as 60.000 persoas, porque vostedes ocultan a espera non estrutural. *(Aplausos.)* E hai centos de doentes que levan máis de cinco anos agardando, incluso, unha intervención cirúrxica.

Miren, centros que segregan por sexo...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...–vou procurar ser moi breve, no que me queda– primeiro, falta á verdade, señor Feijóo, vostedes incumpriron sistematicamente sentenzas xudiciais. E agora –estas son as prioridades do Goberno central– a LOMCE blinda ese sistema educativo discriminatorio, e agora si que cumpren a legalidade. Pero, mentres tanto, estiveron incumprindo en todos eses exercicios pasados sentenzas xudiciais.

En segundo lugar, por suposto, o bipartito ten a culpa de todo, iso xa o sabemos, e xa o temos admitido nesta Cámara. Pero, ¿sabe por que eses centros seguiron recibindo subvención durante a etapa do bipartito? Porque o Goberno Fraga, cando estaba en funcións, cando xa perdera as eleccións, *(Aplausos.)* firmou convenios durante catro anos con eses centros. *(Aplausos.)*

Mire, e vostede apela ao dereito a decidir das nais e os pais. Curiosamente, neste tema –non para que unha muller decida libremente sobre o seu embarazo– si que apelan ao dereito a decidir. Pois, mire, para ser libres hai que ser iguais, os pais non teñen dereito a impoñerlle a un fillo ou a unha filla unha educación discriminatoria. *(Aplausos.)* Non teñen dereito. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Ben, é imposible contestar absolutamente a todo o que vostede dixó, teño que pasar folios. Gustaríame, porque iso forma parte da rexeneración democrática, tamén, que os debates neste Parlamento –porque estamos ante o debate máis importante que se substancia cada ano nesta Cámara– fosen máis equilibrados, para poder, realmente, contrastar ideas e argumentos. Simplemente vou concluír con dúas cuestións, rexeneración democrática, porque lle deu importancia a esta cuestión na súa intervención e non quero pasar de puntillas con ela.

Bueno, ao final a gran medida de impulso da participación democrática é que poida haber proposicións non de lei de iniciativa popular. Bueno, pois creo sinceramente que é vostede pouco ambicioso, impulsemos consultas populares para que sexa a xente quen decida. *(Aplausos.)* Pero, mire, voulle facer outra proposta, creemos neste Parlamento unha comisión de participación cidadá para que os cidadáns poidan acudir directamente ante esta Cámara a explicar os seus problemas e as súas propostas. *(Aplausos.)* ¿Acaso a vostede non o abordan dicindo moitas veces que debían poder falar no Parlamento para explicar este problema? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor JORQUERA CASELAS: Pois imos propoñer iso, señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señor Jorquera. Xa está cumprido o seu tempo.

O señor JORQUERA CASELAS: Transparencia: acceso público de termos, contidos e cláusulas de todos os contratos e concursos públicos; acceso, coñecemento público; fiscalización por parte do Consello de Contas da declaración de

bens e actividades dos cargos públicos; e rexeneración democrática, que a RTVG sexa realmente unha radio-televisión plural. É imprescindible para que exista rexeneración democrática.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas. Remate, señor Jorquera.

Moitas grazas.

O señor JORQUERA CASELAS: E remato cun recordatorio...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, remate xa, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ...remato cun recordatorio.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Un segundo, señor Jorquera. Remate xa.

O señor JORQUERA CASELAS: Propuxemos que se desenvolvese a Lei do sector naval de Galiza, propuxemos que se destinen os 300 millóns de euros que vai aforrar o Estado –porque hai parados de longa duración en Galiza que xa van deixar de prestar a súa prestación– a políticas para xerar emprego e para evitar situacións de desprotección social.

Propuxemos unha tarifa eléctrica galega, un instituto galego de crédito e investimento...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Jorquera. Remate.

O señor JORQUERA CASELAS: ...unha comisión de estudo sobre os sistemas de financiamento...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ...a reapertura da Comisión de Caixas; propostas en materia de rexeneración democrática. Conteste, señor Feijóo, ¿vai aceptar algunha destas propostas? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Beiras.

Cando queira, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Os paisanos galegos, cando queren expresar o daquela frase ou dito –coido que de orixe anglosaxoa, pero non sei..., eu non son culto– de “botarlles margaridas aos porcos”, eles din “botarlles chuchameles aos marraos”. A veces dá a impresión de que é o que pasa nesta Cámara cando se intenta exercer...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non me parece un exemplo moi bo; non me parece unha cuestión... (*Risos.*) Sinceramente, señor Beiras, non me parece moi acertada, perdoe que lle diga. (*Aplausos.*) Eu estou nesta Cámara, entre outros. Rógolle que prosiga. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor BEIRAS TORRADO: Eu coido que a linguaxe ten unha valencia metafórica que non hai por que tomala en sentido real, o que pasa é que non sei..., eu non estudei lingüística nin filoloxía, pero o que si podo dicirlle é que non ofende quen quere, senón quen pode. (*Murmurios.*) E, por moito... Eu non vou baixar ao nivel da intervención do disque presidente da Xunta, ¿verdade? Á miña idade comprenderán que é moi difícil que me veñan vostedes sacar de quicio.

Unicamente carecen de imaxinación. Era absolutamente previsíbel que o primeiro que dixese fose máis ou menos o que dixó, que eu confundo isto coa universidade. Pois a min gustárame que un debate parlamentario tivera o nivel dun debate universitario. Penso, ¡eh!, sen necesidade de que os deputados e as deputadas pasen pola universidade, porque hai moitas universidades. As fábricas son unha universidade, e hai o que se chama “a ciencia do proletariado”, que está definido polos sociólogos. Eu aprendín moitísimo, dende que vivimos nunha aldea de Brión, por exemplo, de labregos vellos como Apolinar, de Roxelio, da Nieves; moitísimas cousas que eu non sabía. Empecei a coñecer, a saber distinguir follas de distintas castes de arborado que eu non distinguía, só coñecía un par delas. E non foron á universidade.

Precisamente nós si que respectamos isto, vostede non respecta absolutamente nada. Pero é un problema de vostede. Non me cabía na cabeza que puidese ser vostede ata tal

nivel acomplexado. Está retratado vostede nos retratos dos desclasados, por exemplo, pero tamén no retrato do colonizado de Albert Memmi, que non se refire a galegos nin galegas, senón a alxerianos de antes da independencia, pero perfectamente sería vostede encaixable aí.

Vostede non sabe o que é un referente intelectual, porque vostede... Parece que o señor portavoz do Grupo Popular tampouco, e é unha mágoa porque é profesor da universidade. Dígoo porque eu mencionei aquí a Eric Hobsbawm, a Paul Baran, a Giovanni Arrighi, a Michael Hudson, a William Black, a Inmanuel Wallerstein... E xa chega ben, porque non vou empezar a sacar... (*Murmurios.*) Pero resulta que parece que o meu referente intelectual non é ningún deses, que son mestres dos que aprendín moito a distancia; só con algún deles máis proximamente.

Pero, claro, un presidente da Xunta que na campaña electoral do 2012 a min me reprochaba que eu tivese feito estudos en París, ou que tocase o piano... ¡Lástima!, non puideren tocar o piano porque neste Parlamento non hai un piano –e é tremendo porque normalmente hai salóns para ter un bo piano de media cola–, e podíalles tocar *Alfonsina*, sen ir máis lonxe, non pretendo tocar a Chopin. Pero non podo tocar. ¡Ah!, pero iso é cousa de señoritas cursis, desa clase burguesa da que fala tamén o señor portavoz do Grupo Popular, que non sabe nin o que é unha clase nin o que é a burguesía, (*Murmurios.*) porque, ¡vamos!, se un apoderado de comercio de paquetería, como era meu pai, cun soldo ben baixiño, que, iso si, fixo aforros e fixo unha casa –como tanta xente; tamén os paisanos fan casas e teñen para vivir unha casa propia e non por iso son a burguesía–, se iso é burguesía, non sei que serán os donos do Banco Olimpio Pérez, por exemplo, ou algo polo estilo.

Miren, hai un dito moi famoso tamén que di “cando un dedo sinala á lúa, os idiotas miran para o dedo”. Bueno, cando Benito Pérez Galdós... (*Murmurios.*) Por certo, o señor presidente dixo que era un pensador... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, como xa dixo unha vez que Picasso era catalán e outra vez dixo que Rosalía escribira “*Poemas gallegos*”, porque nin sequera sabe a capa dos libros... –non sei, seguro que os leu, pero todo o mundo pode perder a memoria–. Pois tamén Galdós é un pensador. Ou sexa, o escritor de *Los episodios nacionales*, de *Fortunata y Jacinta*, etc., o gran narrador, un dos grandes, o equivalente

de Flaubert, por exemplo, pero como comprometido e metido en moitas cousas, é un “pensador”. Ao mellor era o modelo de *El Pensador*, de Rodin, que se puña así... (*Murmurios.*) (*Risos.*) Aínda que, aínda que...

Bueno, deixemos as digresións porque é a maneira única de non sucumbir ao..., de non caer no masoquismo, ¿non? Porque estar nesta Cámara aturando o que temos que aturar nós, dende logo (*Murmurios.*) ou é unha... Claro, vostedes son... Cada vez que ese señor de aí pronuncia a palabra respecto, hai que prepararse para *las injurias*. Por exemplo, vostedes ríanse, mofábanse da intervención de Carmen Iglesias, que é unha deputada... (*Murmurios.*) Estivéronse mofando, eu estábaos mirando. (*Murmurios.*) Si, si. Mofábanse, si, si. Facían mofa, porque, claro, como fala desa maneira... Pero resulta que, polo visto, tivo un contencioso con nós, e, en cambio, nós aplaudiámola. Esa é a diferenza. (*Murmurios.*) Iso é a democracia.

Miren, a mellor proba de que a miña intervención é unha diagnose exacta e certa de que non hai cultura democrática aí, de que as institucións están podrecidas e de que todo isto é nin sequera unha farsa –peor que iso– é precisamente a intervención do presidente da Xunta de hai un momento.

Vostede non sabe o que é un referente intelectual. O de Rajoy é o *Marca*. Iso si, sabémolo todos. O referente intelectual de Rajoy é o *Marca*, que o le todas as mañás. Ese é o referente intelectual, os que editan, publican e escriben *Marca*. Vostede non é un ignorante, porque a ignorancia se cura coa educación, mais vostede é impermeábel a calquera esforzo educativo e a calquera esforzo de raciocinio. (*Aplausos.*)

Calquera argumentación que se faga, como vostede non quere facer o esforzo de entrar nela, de analizala e de ver como a pode rebater, como lle pasan “papelitos” feitos por outros que son coma vostede, pois, entón, vostede recorre ao que é máis doado. E voulle dicir unha cousa –se cadra remato con isto, porque non quero...; (*Murmurios.*) si, si, si; si, si, si–: 1995, El Escorial. Cursos de verán da Universidade Complutense de Madrid. Dentro deses cursos, houbo un curso dirixido por Francisco Umbral sobre os nacionalismos no Estado español, ao que eu fun convidado –porque non sei nada diso, pero Paco Umbral era *amigo mío y por enchufismo me llevó*, digo eu–. Bueno, pois ese cursiño rematou cunha mesa redonda; mesa redonda protagonizada por dirixentes políticos do

abano parlamentario de entón –1995, no verán–. E nesa mesa redonda estaba don Mariano Rajoy. Entón, no curso da mesa redonda e do coloquio, unha persoa asistente preguntoulle a Rajoy que se estaba de acordo co dereito de autodeterminación aínda que non estivese na Constitución e, sobre todo, naquel momento para os vascos. A resposta de Rajoy case literalmente –porque é difícil esquecer unha cousa desas cando despois se ve o que pasa posteriormente– foi: *Si los vascos ejercen la autodeterminación en un referendo, yo, como demócrata, lo acataría*. Xa se ve. Agora nin sequera se permite que os cidadáns cataláns poidan opinar simplemente nunha consulta. Pero iso, polo visto, é a democracia para vostedes, ¿verdade? Vostedes non saben o que é a democracia. Pero o peor non é que non o saiban, porque podían aprendelo, como tivemos que aprendelo moitos –xa dixen– na clandestinidade, nos intersticios da sociedade civil, nas reunións que se facían e onde se estudaban...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...rudimentos do que era a democracia, onde se lía a Constitución francesa de 1792, a de Robespierre, a Constitución da República..., todo o que nos fora negado a aprender no bacharelato, na escola e ata na universidade... Na materia de Dereito Político estudábanse só as leis fundamentais del Movimiento aprendidas *al pie de la letra, y había que escribirlas en quince minutos*. Iso aprendeuse aí, podían aprender. Non lles interesa. ¿Saben por que? Porque se o aprendesen verían o seu retrato, que é exactamente a antítese de todo iso.

Por iso vostede carece de lexitimidade, e é unha vergoña nacional que vostede sexa o presidente do órgano executivo de autogoberno, por moitos votos que teña... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) obtidos..., por moitos votos que teña. Unha cousa son os votos e outra cousa é a lexitimidade.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor. Remate. (*Murmurios.*)

O señor BEIRAS TORRADO: Cando vostedes...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...neste Parlamento... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...votaron en contra dun informe...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...das Nacións Unidas sobre os dereitos humanos proclamados pola OTAN; votaron en contra a respecto da Lei de iniciativa lexislativa do BNG para reformar a lei famosa da amnistía, ¿verdade? Votaron en contra....

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...porque non respectan os dereitos humanos. Vostedes non saben o que é a democracia.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate.

O señor BEIRAS TORRADO: Vostedes son unha vergoña. E a xente de aí fóra sábeo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: E, se hoxe houberse eleccións, vostedes sacaban un 15 %, como moito.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Beiras. Señor Beiras, remate. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Eh, coidado! ¡Señor Beiras! (*Murmurios.*) Coidado, señor Beiras, chámoo á orde. ¡Señor Beiras! Señor Beiras, chámoo á orde por primeira vez. ¡Señor Beiras! ¡Señor Beiras! (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Beiras, chámoo á orde por segunda vez e advírtoos de que, se o volvo chamar á orde, o expulso. Non quero vol-

ver a exemplos pasados, que sucederon neste hemiciclo, bastante desagradables. Debería vostede comportarse, porque é vostede un deputado veterano. Polo tanto, ten dúas chamadas á orde, e a outra supón expulsalo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vostede non entre na cuestión, se non, acabo chamándoo á orde tamén a vostede. Non entre na cuestión. *(Murmurios.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Grazas, moitas grazas.

Señor presidente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señorías.

Señor Núñez Feijóo, mire, antes de entrar en materia, voulle facer unha suxerencia, unha humilde suxerencia. *(Murmurios.)*

Nos vindeiros días vai cesar o comisario Almunia, e eu creo sinceramente que vostedes deberían facerlle unha homenaxe. *(Murmurios.)* Non, explícome, porque foi durante anos o neno dos palotes, como ocorría nas vellas cortes, onde non se podía castigar os infantes. Estaba o comisario Almunia para recibir todos os paus que non se lles podían dar aos outros, tivera ou non algo que dicir.

Adiántolle que eu non vou tratar o señor Arias Cañete –supoñendo que sexa elixido– como o neno dos palotes, primeiro por respecto e rigor co que fan os comisarios e, segundo, quizais, por un certo coñecemento de como funciona o colexio de comisarios en Bruxelas.

Señor Núñez Feijóo, vostede quixo poñer na miña boca cousas que non dixen –bueno, está o *Diario de Sesións* para comprobar o que dixo cadaquén–. Pero si teño que dicirlle que, claro, cando se utilizan fontes distintas, as cousas varían.

EPA, enquisa de poboación activa. Resulta que no momento actual temos 20.300 parados máis que cando comezou esta lexislatura hai dous anos.

FP. Sempre é importante non mesturar churras e merinas. Páxina oficial da Xunta de Galicia, estatística de educación. Resulta que o número de estudantes en FP regrada –a que seguen os estudantes na adolescencia– é hoxe de 35.000 e no ano 2003 era de 36.000. ¿Onde a aumentaron? É certo, no ensino de formación profesional para adultos e *on line*. Non mesture churras e merinas. *(Aplausos.)*

Ferrol... Non, non, hai que informar ben o presidente, porque, como el non está moito nos detalles, logo trabúcase. Voulles seguir dando algúns datos para que se aclaren... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)* ¡Por favor!

Foi vostede, señor Feijóo, quen dixo en Ferrol en campaña autonómica: “Eu son o garante do dique flotante”, vostede mesmo. Foi vostede quen dixo neste Parlamento: “O flotel creará 3.000 postos de traballo”. Na realidade, hai 4.200 despedidos.

Foi vostede quen debe saber que se hai dous anos había 110 auxiliares traballando en Navantia, hoxe hai 5. E, se fala do porto de contedores, primeiro, perderon o financiamento do Banco Europeo de Investimentos polos escándalos do Igape; segundo, levan un retraso de 19 meses na adxudicación. A empresa que foi adxudicataria plantou todo; agora acaban de volver licitar. Cando isto remate, o que ía ser inminente, acumulará dous anos.

Xulgados de Xustiza, pregunte ben ao conselleiro: cero, cero creacións, nin en Ferrol nin en Vigo nin en ningún lugar. Serían os líos que se traían vostede e Gallardón e tal, pero o certo é que non se creou nada.

Eólica. Pero pregúntelles ás empresas, cero parques construídos.

I+D. ¡Pero, oia, I+D! Colla a estatística oficial, a que está na web do Estado, do Ministerio de Educación. Baixaron un 21 % sobre o PIB, ¡21 % sobre o PIB! É o camiño inverso –xa llo dixen esta tarde– ao que fan as comunidades desenvolvidas.

Sanidade. ¡Pero non ten que convencer a este deputado nin a este grupo, convenza os profesionais da sanidade, que os ten a todos en pé de guerra! Por certo, prensa local da

Coruña: hoxe explican os médicos como se adulteran as listas de espera. En fin, é que eses son os datos preocupantes.

Pesca. Oia, ou a conselleira o engana a vostede, ou engana os cidadáns, porque eu lle citei datos da web. Vostede conte os que queira. É certo que ao mellor vai ter que rebaiar os galóns á conselleira, pero iso é o que está publicado e non outra cousa. (*Aplausos.*)

E, por certo, falando de datos, oia, levamos cinco anos pedíndolle os datos desa inmensa creación de servizos para as persoas, ¡cinco anos! ¿Sabe cantos nos deron? Ningún. E a conclusión lóxica –incluso para persoas de intelixencia mediana como as que están neste grupo– é que algo deben ter eses datos para ser impublicables. Debe de ocorrer como nos contratos que se facían no Sergas na súa época, que despois de dous anos non hai forma de que se coñezan. En fin...

Igape. Pois póñao como queira, pero este ano o orzamento é un terzo do que era no ano 2009. ¿E a iso lle chama mellorar?

Universidade. Pois tamén aquí hai materia. Claro que as taxas iniciais son baixas, pero as terceiras taxas, por exemplo, teñen un recargo do 90 %, e ademais vostedes modificaron, e ademais hai que cursar un mínimo de créditos, que encarece, por tanto, o custo, e ademais reduciron a contía das becas, e ademais hai que ter aprobado o 90 % dos créditos. A isto chámasele impulsar o elitismo no acceso á universidade. (*Aplausos.*)

Sabe vostede que hoxe se fala moito en España de que hai que superar o capitalismo de amiguetes. En Galicia hai varios casos: Alimentos Lácteos –que ía ser a estrela do sector agrogandeiro– ou Pescanova. Pero tamén quero lembrarlle os turbios convenios coa Confederación de Empresarios, ou as privatizacións de centros sociais e sanitarios, casos en que nunca prima o interese xeral. Pero hoxe, hoxe mesmo, acaban de adxudicar na cidade da Coruña a Fábrica de Armas a un grupo empresarial insolvente, a un grupo do que non se coñece actividade industrial anterior, creado *ad hoc*, sen capital e con todas as probabilidades de fracasar, fronte a empresarios coñecidos e con proxectos industriais. ¿A que intereses serven vostedes? Por certo, se rastrea sobre quen é o adxudicatario, vai atopar conexións perigosas; conexións perigosas nos peores negocios que poden existir. Iso si,

tamén vai atopar conexións con altos cargos do Partido Popular. En fin...

Promesas fiscais. Di vostede que non queren subir os impostos. Oia, houbo dúas subas do IVE, subiron o tipo xeral, o reducido e cambiaron o tipo a moitos produtos de gran consumo, con incrementos de ata o 110 %. O 90 % das familias galegas que son propietarias da vivenda sufriron o incremento do IVE, perderon a desgravación por adquisición e ademais sufriron o incremento do valor catastral que repercutiu no IRPF, e ademais a revisión de valores incidiu no tipo de transmisións, transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Plan demográfico, dinamización demográfica. Xa llo dixemos moitas veces: non hai máis dinamización demográfica que a taxa de actividade das mulleres e a rede de servizos sociais. Vostedes o único que fixeron foi gastar 900.000 euros en publicade –señora conselleira, con todo o cariño– para explicarlles a maternidade ás mulleres, mentres fan imposible a conciliación laboral. Dígollo sen acritude, pero é que está aí. (*Murmurios.*)

Logo tiveron unha epifanía, señor conselleiro, foi unha verdadeira epifanía, un acontecemento que ía cambiar o curso da historia en Galicia e en España: a fusión de concellos. ¿Onde quedou? Voulle dicir onde estamos en Oza e Cesuras: nunha comisión xestora onde o alcalde se triplica o salario e permanece o anterior alcalde, malia estar inhabilitado pola xustiza, dimite outro ex alcalde tamén por inhabilitación, a primeira contratación pública deriva nun escándalo de sobreprezos e practicamente non se verifica ningunha das promesas oficiais minuciosamente detalladas na documentación que presentaron, comezando polo proxecto industrial. ¿Este vai ser o modelo territorial para Galicia? (*Aplausos.*) E, por riba, en lugar de modernizar os concellos, reforman a Lei local para baleiralos de competencias.

Non hai cartos, señor presidente, para as vacinas dos nenos nin para as familias sen ningún ingreso, pero a Xunta gasta 15 millóns de euros en tratar de que os medios de comunicación publiciten os seus logros e gasta 25 millóns adicionais en que os servizos informativos da Televisión sexan a canle privada do Goberno. Isto, señor Feijóo, é radicalmente inxusto, non hai para vacinas, non hai para as fami-

lias que non teñen ningún ingreso, e o Goberno necesita 40 millóns na súa vaidade.

E, finalmente, vostede fala con frecuencia deste problema, de que pagan segundo a renda e tal. Mire, quero dicirlle a miña –a nosa– radical oposición con ese modelo. Isto, evidentemente, é moi ideolóxico.

Vostedes non cren na igualdade, na igualdade diante das cargas fiscais, nin na igualdade nos servizos públicos. Só a universalidade dos servizos públicos básicos é equitativa, porque, no momento no que vostede introduce taxas ou criterios de segregación, o que está facendo é mandando unha mensaxe moi clara ás persoas máis acomodadas, ás grandes fortunas, de que non hai que seguir sostendo a fiscalidade deste sistema. E, polo tanto, inmediatamente se produce a presión para alixear esa fiscalidade, e en consecuencia os servizos públicos comezan un proceso de degradación. Isto está máis que estudado e demostrado en todo o mundo: os servizos para pobres inevitablemente acaban sendo servizos pobres, de peor calidade, peor dotados.

E cando vostede fala do incremento que están a ter os profesionais no ensino e na sanidade, pregúntelles a eles para coñecer como foi recargado o seu horario, como foron recargadas as condicións de traballo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...e en detrimento de que vai, precisamente, esa sobrecarga de traballo.

Señor Feijóo, remato este debate coa convicción de que seguimos tendo fondas diferenzas. Non perdo a esperanza de que nos sorprendan con propostas de resolución que poidamos chegar a considerar. Díxenlle xa algunhas das condicións, pero, dende logo, sobre o que vostede dixo hoxe, dificilmente poderemos chegar a un acordo se non hai compromisos concretos, cuantificables en cifras e tamén temporalmente.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Boas noites de novo.

Falaba o señor Beiras, antes de abandonar a nosa compañía, de que había un problema de niveis. Eu creo que o problema do señor Beiras non é exactamente de niveis, é máis ben de planos, porque o señor Beiras está noutro plano; é un plano que, basicamente, parte da premisa de que os que non pensamos coma el somos uns alienados; iso no mellor dos casos, porque o normal é que, ademais de alienados, sexamos –dixo na súa intervención– “buscóns”.

É difícil debater cando un está noutro plano. El é o que ten a razón, os demais estamos alienados, ¡pois que lle imos facer! ¡Home!, o que si é certo é que o concepto de clase burguesa está moi delimitado como que é a que vive nos burgos. Precisamente, un comercio no centro dun burgo por excelencia, como foi Santiago, construído ao redor do cabido, paréceme que dicir que un non sabe de clases chámame a atención. Como me chama a atención que diga que o presidente chamou pensador a Benito Pérez Galdós, que ademais de escritor era periodista, crítico, político, músico...; en fin, pensador, en definitiva. (*Risos.*)

Si que estou, en cambio, moi de acordo co que dixo o señor portavoz de AGE en relación con Brañas. Eu comparo, nun ámbito académico, a visión máis positiva que ten da obra de Alfredo Brañas o profesor Beiras en relación coa que teñen outros colegas universitarios, por exemplo o profesor Máiz. Eu creo que Brañas era unha persoa moito máis social. Non era un representante do Antigo Réxime –como defenden algúns– senón que era un católico, un fondo católico, que cría en León XIII, que, como saben vostedes, se fixo famoso pola publicación de *Rerum novarum*, que foi a primeira encíclica que combateu os abusos do capitalismo e tamén os abusos dos sistemas totalitarios doutra índole. É o papa dos obreiros. E Brañas seguía a súa doutrina social; unha doutrina social coa que, certamente, nós estamos hoxe en día basicamente de acordo; a doutrina social de que hai que combater a pobreza, de que hai que axudar a xente que o necesita. E, por suposto, no plano ideolóxico, se vostedes queren, é o que deu lugar, despois da Segunda Guerra Mundial –a evolución lóxica da *Rerum novarum* e do pensamento social da Igrexa, da Igrexa que tratamos con respecto e non con cualificativos que non veñen ao caso–, á doutrina social do mercado, que, como saben e todos coñecemos, non é o liberalismo anglosaxón, senón que é un capitalismo con conciencia social e participación de todo o mundo nos beneficios do sistema.

E nós tamén, loxicamente, cremos que estaba acertado Brañas cando falaba do autonomismo. Brañas non é do PP. Se vivira hoxe, non sei de quen sería. Brañas non é do PP, é de todos os galegos e de todas as galegas; igual que Castela é de todos os galegos e de todas as galegas; (*Aplausos.*) igual que Risco é de todos os galegos e de todas as galegas.

Pero si é certo que a segunda gran modernidade de Brañas foi, precisamente, a de defender a complementariedade das identidades que pode ter unha persoa, que se pode sentir moi e fondamente vencellada ao seu municipio, moi e fondamente vencellada á súa rexión ou nacionalidade, moi e fondamente vencellada á súa nación, moi e fondamente vencellada á construción europea. Esa teoría de Brañas realmente foi avanzada. E se buscamos na doutrina do século XIX e o comparamos con outras como a dos federalistas, etc., se hai que buscar un precedente do Estado autonómico, ese é o pensamento de Brañas. E nós somos autonomistas, e non só compartimos a preocupación social pola situación económica que tiña Brañas na súa época e que nós temos na actual, senón que tamén compartimos que é bo para un país ter autogoberno.

E precisamente se este debate amosa algo é que Galicia está exercendo ben o seu autogoberno. Eu creo que o presidente deixou claro que estamos facendo fronte, co autogoberno, a unha crise, e tendo resultados moito mellores que o conxunto das comunidades autónomas, tanto en crecemento como en cuestións de igualdade, etc. Eu creo tamén que estamos facendo fronte, co autogoberno, a situacións que outras comunidades autónomas non foron capaces de facer e de resistir.

E eu, sobre isto, quería falar un momento da cuestión de Novagalicia Banco. É que parece que aquí esquecemos que un día nos reunimos todos no Parlamento –a excepción do Partido Socialista de Galicia–, todos os sindicatos, os empresarios e todas as forzas políticas para exixir que non se levaran as caixas de aforros de Galicia. ¿É que nos esquecemos daquilo? ¿Aquilo non foi un exercicio de autogoberno? Claro que o foi, e claro que segue aí Abanca. E hai que lembrar que, despois daquilo, houbo dúas normas, o FROB 1 e o FROB 2, as dúas impugnadas por este goberno, porque entendiamos que afectaban o noso nivel de autogoberno. Polo tanto, exercemos o autogoberno. E grazas a iso Galicia ten unha entidade financeira, cousa que practicamente ningunha comunidade autónoma mantén desde aquelas.

Iso tamén garante a viabilidade da obra social. Aquí díxose que a obra social... Bueno, entrou o banco herdeiro das caixas, de tal xeito que a obra benéfico-social das caixas de aforros se mantén cos ingresos dun negocio financeiro, que é o que seguiu á desaparición das caixas. A min parece-me bastante lóxico, pero desde logo, señor Méndez, en ningunha parte dos estatutos se di que non poida entrar ningún outro patrocinador da obra benéfico-social das caixas, en ningún lado. É máis, se vostede coñece algún que estea disposto a poñer os 5 ou 6 millóns de euros anuais que vai poñer Abanca para manter a obra benéfico-social nos actuais niveis, estou seguro de que os patróns –entre outros, os designados por esta Cámara– estarán encantados de recibilo cos brazos abertos.

Evidentemente, eu non vou falar de banca pública. O último banco público era Argentaria. E Argentaria sufriu unha privatización, como sabemos, unha privatización en maio de 1993, o 24 %; en novembro de 1993, o 23 %; en marzo de 1996, o 25 %. Total: 73 %. Goberno que privatiza: Partido Socialista Obrero Español. O PP fixo a última, que vendeu o restante, foi a última oferta pública de venda, gardándose ademais para si, para a SEPI, o *green shoe*, que era unha forma de establecer unha capacidade de xestión que despois desapareceu –como sabemos– pola normativa europea.

Das caixas, a Comisión non hai que reabrila, a Comisión está cumprindo o seu plan de traballo. (*Risos.*) A Comisión aprobou un plan de traballo por unanimidade. Todos, por unanimidade... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Prego silencio, por favor.

¡Prego silencio!, por favor.

O señor PUY FRAGA: Por unanimidade aprobou o plan de traballo. Todos os comparecentes que estaban naquel plan de traballo compareceron. Todas as informacións que quixeron remitir aos que se lles demandou información, porque houbo entidades que con informes do Consejo do Estado como o Banco de España non a remitiron, remitiron a información. E, por suposto, a Comisión, como está aberta en fase de ponencia, cun acordo da propia comisión de designación de ponencia, estará aberta a analizar calquera cuestión que calquera grupo queira aportar.

Eu, certamente, agradezo algunha das cuestións que fixo públicas recentemente un sindicato a través do Bloque e que xa lle deron traslado, como me parece normal, se parece que é delitivo, á Xustiza, que é onde debe estar. Por suposto, o importe do que se denuncia é un escándalo, pero tampouco é causa da caída das caixas, aínda que é un bo síntoma de como estaban xestionadas as caixas naquel momento. E, por suposto, todo o que se aporte antes de que conclúa o ditame de ponencia será ben recibido na propia ponencia.

Quero concluír entrando nunha cuestión que saíu neste debate. Hai unha recente enquisa do CIS que di que en Galicia o 11 % dos galegos se sente exclusivamente español; o 72 % ten a dobre identidade de sentirse galego-español; e un 15 % séntese exclusivamente galego. Ben, eu creo que isto é un dos grandes valores que ten o noso país. Intentar rachar este sentimento de dobre identidade con operacións políticas máis propias doutros sitios onde se están a producir profundas divisións da sociedade –en Cataluña practicamente as terceiras partes é a división– non me parece que sexa o que lle preocupa nin o que lle convén a Galicia nestes momentos.

Nestes momentos, a Galicia o que si lle preocupa é o que plantexou o presidente esta mañá, e esperemos que lles gusten e que lles agraden e mesmo que sexamos capaces de negociar e transaccionar algunha das propostas de resolución que derivarán do discurso do presidente e das propostas do presidente. Porque están dirixidas a potenciar e consolidar o crecemento económico, a consolidar as políticas sociais e a mellorar a nosa democracia representativa. Evidentemente, esa é a nosa intención e, como sempre, pensando en resolver os problemas dos cidadáns de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para pechar o debate o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Iglesias, dígolle porque miramos, como é natural, esa enquisa á que vostede se refire, ou ese informe, e, efectivamente, en Galicia había 400 mostras tomadas, 400 galegos

ou galegas que tiveron a posibilidade de responder ás preguntas que lle facía esa asociación ou ese foro ao que vostede refire, e, en consecuencia, vostede comprenderá que 400 mostras sobre un universo de case 2.800.000 son manifestamente insuficientes. E por iso antes lle comentaba que o importante na nosa opinión son as enquisas que continuamente reflicten o CIS ou o barómetro sanitario, ou o informe PISA, onde se acredita que a maioría dos galegos cren que o sistema sanitario está mellor que hai uns anos, todas, e onde se di que os alumnos galegos, grazas aos profesores e ás profesoras hoxe teñen máis capacidades lectoras comprensivas e de matemáticas das que había antes. Creo, señoría, que ben vale a pena reflectir en consecuencia as enquisas homologadas.

Si dígolle, señoría, que non imos derrogar a Lei da familia, nin imos derrogar a Lei de protección da muller embarazada, ¿é que hai algo en contra das mulleres embarazadas?, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿é que acaso non se pode protexer xustamente o que nos dá a vida? Polo tanto, señoría, non imos en ningún caso derrogar esas leis e sorpréndeme que vostede, que creo que é nai, non estea a favor de, ¿por que non?, favorecer os embarazos das mulleres que voluntariamente queren facelos. *(Aplausos.)* Creo que non hai ningún inconveniente sobre iso, pero sorpréndeme, señoría, ao respecto. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Ten unha chamada á orde, señor Fajardo. ¡Unha chamada á orde!

Presidente, continúe.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

(Interrupcións.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo, ¿quere unha segunda chamada á orde?

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Espero que non propoñan desde algunhas bancadas que se elimine a epidural nos partos, por isto de que non temos dereito a favorecer os embarazos. Si, señoría; si, señoría.

Señorías, os zombis, señor Jorquera..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, ten unha chamada á orde vostede tamén.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Os zombis, señor Jorquera –non é por alusións, é simplemente por referir a palabra exacta que vostede empregou–, os zombis da austeridade europea... *(Murmurios.)* Non, non, se o Premio Nobel, que non entro en consideracións, o que pasa que despois vostede debe facer unha defensa do primeiro ministro Cameron, supño que o Premio Nobel non se refería ás políticas liberais ou –como diría vostede– neoliberais do primeiro ministro inglés.

En todo caso, señoría, cando me di que non temos ambición de país, ¿vostede a que cre que me dedico? Hai un portavoz do Partido Socialista, o señor Méndez Romeu, que me dicía se quero ser ministro, ¿é que acaso non é moito máis importante ser presidente de Galicia que ser ministro, señoría? *(Aplausos.)* Para min, sen dúbida, señorías, sen dúbida. Por iso para min é unha honra, que por suposto ser ministro do Goberno de España tamén o é, é unha honra ser primeiro ministro de Galicia, señoría. E vou seguir defendendo as miñas competencias porque se non, como vostede se pode imaxinar, os galegos non terían confiado en nós durante estes seis anos longos, que aínda non remataron os oito da lexislatura.

¿Como me di que non teño ambición de país se estabamos a piques de perder os fondos europeos, como moito de conseguir o 60 % nunha aterraxe suave, e conseguimos o 80 %, 4.000 millóns de euros? ¿Como me di que non temos interese de país cando vostedes pactaban nese borrador de Estatuto de autonomía de Galicia un 8 % dos investimentos do Estado cando fomos quen nos últimos tres anos de conseguir o 12 % dos investimentos do Estado? ¿Como me di, señoría, que non temos ambición de país cando mudamos as propostas do Mapa xudicial español? ¿Como me di que non temos interese de país, señoría, cando non fago outra cousa, ben ou mal, que dedicarme ao meu país?

Por iso, señor Jorquera, non é bo que vostede, que é un deputado rigoroso, diga cousas como as que dixó. Os colexios que segregan por sexo –por utilizar a súa terminoloxía–, vostedes puidéronos deixar sen efecto o seguinte ano que

chegaron ao Goberno. Cada ano pódense deixar sen efecto eses concertos, señoría, cada ano. *(Murmurios.)* Non digan que o fixeron como consecuencia do pernicioso Goberno anterior. Tomaron esa decisión; nós defendémola, vostedes non se avergoñen da decisión que tomaron.

Señorías, non é bo traer á Cámara datos que non son correctos, señor Jorquera, como este e o das preferentes e as arbitraxes. *(Murmurios.)* Señoría, señor Jorquera, fai referencia vostede a unha pregunta escrita que ten un erro –das que se presentou– cando se contestou no mes de xuño. O 26 de setembro... *(Murmurios.)* Pero, ¡señoría!, o 26 de setembro...

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Paz!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o 26 de setembro a directora xeral de Comercio acudiu á Comisión de Economía para aclarar os datos e subsanar o erro. Os galegos teñen dereito a sabelo todo, señor Jorquera. E por suposto que cando estamos falando das arbitraxes estamos falando sobre as arbitraxes que se presentaron; os que non presentaron arbitraje non podemos contalos dentro das arbitraxes que se solucionaron, señoría. *(Aplausos.)* Polo tanto, non contemos as cousas a medias.

Señoría, eu estou de acordo, señor Jorquera, porque estiven catro anos na oposición, en que, por suposto, os debates poderían ser equilibrados. Mire, nos debates do estado de Autonomía onde eu participei, na oposición falaba o portavoz do BNG a favor do Goberno, o portavoz do Partido Socialista a favor do Goberno, por suposto, o presidente da Xunta a favor do Goberno, e andabamos un só na oposición nesta Cámara. ¡Imaxínesse se non o comprendo con absoluta claridade! Todos en contra de un, señoría, todos en contra de un. *(Aplausos.)* ¡Imaxínesse vostede se non estou interesado por vostede!

Mire, señoría, comprendo en todo caso que sempre se pode mellorar e sempre se poden, sen dúbida, concretar distintas opcións. Imos ver as propostas de resolución, señor Jorquera; non se preocupe, pois ímolas mirar todas elas. Pero si lle digo que houbo poucos partidos tan fieis ao señor Rodríguez Zapatero, e dígollo con absoluta cordialidade. Vostedes apoiaron o presuposto do ano 2008, señoría, e nese presuposto do ano 2008 a Galicia inflúeselle a data dos

ingresos, o volume total, e agora temos que devolver do ano 2008 e do ano 2009 uns 2.500 millóns de euros. E cando di da débeda pública o Partido Socialista, o Partido Socialista e o bipartito deixaron máis de 4.000 millóns de euros de débeda pública en Galicia, en plena bonanza económica. Cando tiñan vostedes que diminuír a débeda pública en plena bonanza económica, con ingresos que superaron o 5, o 6 e o 7 % do presuposto, deixaron e incrementaron a débeda, máis os dous mil e pico millóns de euros que temos que pagar agora. E agora resulta, señor Jorquera, que xa se esqueceu de como apoiaron os presupostos do Partido Socialista en Madrid, sen dúbida, de boa fe. Acórdase de cando había que recusar a gran ministra, a señora Magdalena Álvarez, e o voto do BNG no Senado foi que non se recusara a esa ex ministra do Partido Socialista. Pero, señor Jorquera, todo está escrito e todo se sabe en Galicia.

Miren, señorías, sobre o tema das caixas, síntome absolutamente responsable do que fixen, e pódolle asegurar que fixen todo o posible, excedendo das miñas competencias como presidente da Xunta, para que polo menos esas 2.500 persoas dos servizos centrais e das dúascentas oficinas que se solapaban máis todos os que traballaban nos sistemas informáticos das caixas non estiveran nas rúas neste momento. Iso si, señoría, vostede recordará que en Vigo —onde vostedes apoiaban o Goberno— houbo unha manifestación a favor dos directivos das caixas e criticando o presidente da Xunta por defender a Galicia. Vostede recordarao perfectamente, eu tamén o recordo, señoría, tamén o recordo. *(Aplausos.)*

Si, señoría, como é natural, é moi difícil responder determinadas cuestións. En ningún caso no meu grupo se mofan nin se mofarán nunca da señora Iglesias, xa se mofaron bastante no grupo parlamentario da que a botaron. Señora Iglesias, non se preocupe que non vou facer referencia a ese, ¿como o chamou?, “incidente burocrático”, *(Interrupcións.) (Murmurios.)* pero o que si lle podó asegurar é que leccións de respectala non llas aceptamos a ningún portavoz, e menos ao que as deu *(Aplausos.)*, en ningún caso, señoría, en ningún caso. *(Aplausos.)*

Señorías, é evidente que o referente intelectual ao que me referín non entendeu a miña proposta. Non era o señor Pérez Galdós, en ningún caso. É que dixó outro referente intelectual, *(Interrupcións.) (Murmurios.)* que o señor Mén-

dez Romeu e eu entendemos perfectamente, e sorpréndeme que ese sexa un referente intelectual. En todo caso, se consideran que ese é o seu referente intelectual, eu non teño nada que dicir. Coincide no apelido coa señora Iglesias, pero non é en ningún caso a señora Iglesias.

Miren, señorías, eu, señoras e señores de AGE, nós matabamos na casa, normalmente polo mes de outubro e novembro cada ano, era unha festa. Nós matabamos na casa, lavabamos os intestinos dos porcos no río *(Murmurios.)* e despois... —si as tripas no río, aínda non tiñamos diñeiro para comprar as tripas novas, utilizabamos as propias— e despois, loxicamente, faciamos o que fan as familias galegas que teñen que matar os porcos. ¿Por que? Porque era fundamental para subsistir. Polo tanto, eu non coñezo iso porque agora vivo nunha aldea onde os paisanos da aldea me din como é a matanza, non; eu nacín nunha casa onde se mataba. E por iso, señoría, *(Interrupcións.) (Murmurios.)* como sei moi ben, señoría... Pero non se preocupen, se estamos falando da matanza do porco, e iso é algo consubstancial co noso país, absolutamente consubstancial, *(Aplausos.)* claro que si. Pero, como é lóxico, señoría, como eu sei moi ben o que son os porcos e o que son os marraos, non penso contestar a ningunha das cuestións presentadas por un grupo parlamentario, porque aquí non hai ningún porco nin ningún marrao. *(Aplausos.)*

O problema, señorías, é que hai algunhas dificultades para entender as siglas. Parece ser que a sigla é AGE, eu creo que despois desta sesión do debate da situación da Comunidade Autónoma, do estado de Autonomía, en vez de AGE deberían vostedes cambiar as siglas e poñerlle EGO, porque ese é o problema do seu grupo parlamentario. *(Aplausos.)*

Señor Méndez Romeu, vostede acaba de aclarar que estaba falando da enquisa de poboación activa, acaba de aclarar en consecuencia que todos os datos do paro rexistrado son os datos que demos: temos menos paro rexistrado que hai un ano, temos menos paro rexistrado que cando comezou a lexislatura... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E eu falaba do paro rexistrado durante o bipartito: 50.000 máis no último ano. Polo tanto, os datos eran coherentes e eran homoxéneos.

Señoría, cando vostede me fala do dique flotante, mire, o garante do dique flotante era o delegado do Goberno do Partido Socialista Obreiro Español en Galicia, que cando comezou a compañía electoral fixo unha rolda de prensa como delegado do Goberno e dixo que por suposto que faría o dique flotante. *(Murmurios.)* Nós puxemos 5 millóns de euros nos presupostos da Xunta de Galicia a disposición...

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Sestayo!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cando vostedes gobernaban, señoría, non había esa necesidade. Pero o importante é, señorías, mirar cara a adiante.

Señor Méndez Romeu, propúxenlle que nos apoie...

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a captar novos investimentos en Ferrol, propúxenlle que nos apoie a diversificar a industria en Ferrol. Conto, sen dúbida, co seu apoio, porque sei que o dará no caso de que teñamos novos investimentos en Ferrol. *(Murmurios.)* Miren, señorías, se non hai novos investimentos en Ferrol non lles vou pedir que me apoien.

Quero dicir que sobre a Fábrica de Armas, señorías, este Goberno non adxudicou nada na Fábrica de Armas, nada, nada. En consecuencia, a vostede non lle gusta a oferta que o Ministerio de Defensa adxudicou. ¿Que quere? ¿Cre que a mellor era a outra oferta?, ¿vostedes cren que a mellor é a outra oferta, si ou non? E no caso de que lles guste a outra oferta, ¿vostedes adxudicarían a outra oferta? Ou dito doutra forma: se non lles gusta ningunha das dúas, ¿vostedes deixarían sen adxudicar? ¿Cal é a proposta, señor Méndez Romeu? En todo caso, reitérolle que estamos falando dunha competencia do Ministerio de Defensa; nin vostede nin eu temos competencias ao respecto. Pero sorpréndeme que estea tan en contra dunha proposta cando non parece que estea a favor da outra. En consecuencia, todo parece indicar que o mellor era non adxudicar nada e non empezar ningunha actividade económica. Imos ver o que ocorre, señor Méndez Romeu.

Os centros sociais. Din que levan vostedes cinco anos cos centros sociais, non se preocupe que temos os centros

sociais. Mire, centros de día: 30. ¿Quere que llos lea? A Coruña: Eirís, Monte Alto, A Laracha, Ares, Carballo, Culleredo, Ferrol, Oleiros, Rois, San Sadurniño; Alfoz, Begonte, Cospito, Lourenzá... En que quedamos, ¿queren que llos lea ou non? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Eu non sei por que..

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Residencias da terceira idade: *(Aplausos.)* Monforte, Viveiro, Ourense, Vimianzo, Santiago. Señorías, non se preocupen... Señorías, escolas infantís: 53. –Señorías, non se preocupen, pásollo á presidencia da Cámara–. Dicia: 53 escolas públicas novas. *(Murmurios.)* Estou convencido, señorías, de que non querrán que lles lea...

A señora PRESIDENTA: Perdoe, presidente, perdoe un momento... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Fagan o favor. ¡Fagan o favor!, é que se non non se escoita nada.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, é que dicir aquí... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Señora presidenta, coa venia. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Dicir aquí, señoría, que non temos centros sociais, *(Aplausos.)* nin escolas públicas, nin residencias da terceira idade é cando menos sorprendente. *(Aplausos.)*

Señor Méndez Romeu, eu sei que a responsabilidade da información que traslada á Cámara non é súa, porque o considero un deputado o suficientemente sólido como para non dicir unha cousa que non é verdade a sabendas. ¿Como pode dicir que o alcalde de Oza-Cesuras cobra o dobre do que cobraba antes, e cobra exactamente o mesmo do que cobraba antes? ¿Como pode dicir, señoría, que hai unha entidade xestora cando hai un concello legalmente constituído? Señoría, ¿como pode dicir nada máis e nada menos que o anterior alcalde está na corporación cando non está o anterior alcalde na corporación? Pero, señor Méndez Romeu, ¿quen lle fala de Oza-Cesuras e quen lle intenta facer que vostede, seguro que non o fai, pero estivo bordeando o ridículo

durante boa parte da súa intervención? (*Murmurios.*) Non por si, senón polos datos que lle pasan. Si, señoría; si señoría; si, si. (*Aplausos.*)

Señoría, reitérolle o tema das vacinas. ¿Quen lle pasa a información sobre as vacinas, señor Méndez Romeu? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Mire, señor Méndez Romeu, a varicela estamos cumprindo exactamente o calendario vacinal do Sistema nacional de saúde. Iso si, o pneumococo somos a única Comunidade Autónoma que está financiando o pneumococo; a vacina do pneumococo para nenos de ata dous anos, con tres doses desa vacina e 75 euros por dose. ¿Como pode dicir que non vacinamos os rapaces e as rapazas galegas? Pero, señor Méndez Romeu, ¿quen lle pasa os datos da sanidade? ¡Por favor!, pídalle que sexa un pouco máis serio falando da sanidade pública, e pídoos por favor.

Mire, señoría, durante todo este debate todos os grupos, a señora Iglesias, o señor Jorquera e o señor Méndez Romeu, estiveron falando –bueno, incluso o señor de AGE– de que eramos súbditos e que tiñan que intervir os reis de España para darlle un tratamento a un cativo galego. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) ¡Sorprendente, señoría! Iso é insultar os endocrinos de Galicia, iso é insultar os médicos que conforman a Comisión da hormona de crecemento. E quero dicirlle que a proposta da Casa Real... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...acaba de chegar hoxe, e este señor leva con esa vacina, perdón, con esa hormona, dende hai días. E se quere que lle diga a verdade total, quero dicirlle, señoría, que exactamente esa documentación ma dou a min súa nai en Barbadas, e eu trasladeilla á conselleira de Sanidade. E a Comisión da hormona do crecemento, revisando os expedientes como o que tiña que revisar, dixo que lle tocaba esa hormona de crecemento nese momento. Polo tanto, nin que o diga o presidente da Xunta, nin que o diga ninguén, señoría, non menosprece a independencia dos médicos, porque non nos leva a ningún lado. A lenda urbana non ten nada que ver con isto, señoría, nada que ver. Por iso, señoría, imos plantexar... (*Aplausos.*)

Miren, señorías, ao longo das intervencións teño tentado poñer de relevancia a capacidade de Galicia, unha capacidade

de para sobrepoñerse ás dificultades. E por iso plantexei que necesitamos un autogoberno moderado, un autogoberno responsable porque responsables son os cidadáns que intentamos servir, un autogoberno efectivamente inconformista e tamén un autogoberno optimista, porque, digamos o que digamos, hoxe estamos mellor que hai un ano.

Señorías, eu pídolles simplemente que merezan todos os que estamos aquí o trato que merecemos para intentar saír adiante da situación da recesión económica e da situación da crise económica.

Señorías, propuxen un impulso democrático para recuperar a confianza dos galegos. Un impulso democrático dende o Goberno, empezando por nós, mellorando a transparencia da contratación nos procedementos negociados, limitando a actuación dos gobernos en funcións, obrigando os gobernos a que cando veña o seguinte Goberno plantexe un informe de situación, regulando en consecuencia o traspaso de poderes e ampliando os supostos de inhibición dos altos cargos, incluso dous anos antes de que poidan ser altos cartos, porque se non non poderán ser nomeados altos cartos.

E, señorías, propuxen un impulso democrático ao Parlamento. Señor Jorquera, podemos ver mañá cales son as súas propostas, pero se son legais os mecanismos de participación dos cidadáns estarán garantidos nas nosas, asegúrollo.

Propuxemos un impulso democrático aos partidos políticos, si, restrinxindo a fonte de financiamento dos partidos políticos, si, tan só ao que se consigna nos presupostos da Comunidade Autónoma, si –veremos se están de acordo nisto ou non o están–, diminuíndo os gastos da campaña electoral durante sete días e non quince, si –veremos, señorías, se están de acordo ou non o están–.

Sigamos asegurando os servizos públicos –era unha proposta–, os de hoxe e os de mañá. Señorías, asegurando a educación pública, porque se temos 51.000 nenos e nenas con ordenador nas aulas, se somos capaces de financiar 85.000 nenos e nenas nunha educación trilingüe, se imos iniciar un bacharelato plurilingüe, creo que ben merece a pena. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Señorías, facemos todos estes esforzos conxelando as taxas universitarias, facemos os esforzos incrementando a

formación profesional e seguiremos facendo esforzos financiando o Sistema universitario de Galicia. (*Aplausos.*) Señorías, iso é o que imos seguir facendo.

E por iso, cando temos que concretar que estamos a facer na sanidade pública, podemos dicir e dixemos que hoxe tres de cada dez galegos teñen un centro de saúde novo ou un hospital novo reformado. No ano 2015 serán cinco de cada dez galegos cun centro de saúde novo ou un hospital novo ou reformado, e a finais da lexislatura serán sete de cada dez. É dicir, o 70 % da poboación galega terá un centro de saúde novo ou un hospital público novo ou reformado.

Por iso queremos seguir asegurando os servizos públicos, incrementando un 45 % as prazas públicas, como queda referido na documentación, e aprobando non só a Lei de inclusión aprobada, senón tamén a Lei de accesibilidade. E por iso queremos chegar á fin de ano este ano con 2.000 dependentes máis cobrando a dependencia.

Señorías, claro que queremos seguir facilitando as maiores posibilidades de conciliación laboral nas familias galegas. Fomos capaces con 2.000 novas prazas públicas de aquí ao final da lexislatura de incrementar o dobre das prazas públicas de garderías infantís, e pódolles asegurar que é un compromiso dos presupostos do ano 2015 e 2016. Seremos capaces, señorías, de ter o maior incentivo fiscal que pode ter unha familia en España para ter o segundo ou terceiro fillo; pero non un incentivo fiscal durante un ano, un incentivo fiscal durante tres anos para o segundo fillo e para o terceiro fillo, 100 euros ao mes e 200 euros ao mes, respectivamente.

Señorías, invitámoslos a traballar xuntos para xerar novas oportunidades, traballemos xuntos para seguir creando emprego. Señorías, para crear emprego a través dun Plan de emprego xuvenil, o que queremos incrementar un 48 %, ata 148 millóns de euros en dous anos, e para un plan específico para maiores de 45 anos. Os dous queremos negocia-los no ámbito do diálogo social cos axentes sindicais e cos axentes económicos e, por suposto, con vostedes.

Propoñeremos e propuxemos un Plan de diversificación industrial, si. Perdemos 30.000 empregos na industria durante a recesión económica, certo. O obxectivo é chegar a 50.000 empregos máis entre o ano 2015 e o ano 2020. Ese é o noso Plan de diversificación industrial.

¿Por que non aceptamos que as empresas galegas están exportando máis que nunca se son capaces de facelo? 18.000 millóns de euros foron as exportacións do ano 2013. Quere-mos chegar a 23.000 millóns de euros no ano 2020. Así se concretan as nosas propostas e así se concretan os nosos datos.

Señorías, claro que estamos procurando a maior innovación; dei os datos. Se alguén quere utilizar a porcentaxe de PIB sen contar cal é o investimento público en innovación, facendo a trampa de que o investimento privado baixou, é responsabilidade dese deputado. Eu dei os datos de investimento público en I+D+i, e reitero que son máis en dous anos que en catro anos do Goberno bipartito.

Señorías, traballaremos xuntos para poñer en valor Galicia. Si, propoñémolles, para propoñer unha Galicia máis ordenada, unha Galicia cunhas normativas de paisaxe por primeira vez, unha Galicia cun Plan do litoral por primeira vez, unha Galicia coas Directrices de ordenación do territorio por primeira vez, (*Murmurios.*) e unha Galicia cunha Lei do solo, para o que lles pido, señorías, a súa aportación positiva.

Señorías, si que imos seguir traballando por unha Galicia ben comunicada, e cando acabe esta lexislatura no ano 2016 poderemos dicir que os galegos fomos quen de poñer a funcionar 200 quilómetros de vías de alta capacidade. Levamos 140 quilómetros de vías de alta capacidade inaugurados polos que os coches están pasando, agora queremos 60 máis ata o ano 2016.

Señorías, queremos incrementar o transporte metropolitano en Galicia nas mesmas condicións que o fixemos cos socialistas –por certo, o alcalde socialista de Lugo, o alcalde socialista de Santiago, o alcalde socialista da Coruña–. Con esas mesmas condicións –os alcaldes naquel momento socialistas– queremos, sen ningunha dúbida, seguir mellorando o transporte metropolitano; coas mesmas, señorías. E por iso queremos billetes combinados de autobús, de tren e de avión, e gustaríanos –e insistiremos niso–, sexa o Goberno que sexa, que os aeroportos galegos non están coordinados, señorías. E non están coordinados porque non somos quen en Galicia de poñernos de acordo para coordina-los.

E iso si, señorías, será a lexislatura do AVE atlántico finalizado; será a lexislatura do AVE interior entre Santiago

e Ourense, e desde Ourense a todas as cidades galegas, salvo Ferrol e Lugo, funcionando o tren de alta velocidade; (*Murmurios.*) será, e xa o é, a lexislatura da autovía do Cantábrico...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...será, señorías, a autovía de Lugo a Santiago; e será, señorías, unha lexislatura onde xa non teña marcha atrás o tren de alta velocidade, porque a finais do ano 2016 chegaremos xa antes en tren que en coche a Madrid. Por iso, señorías, no ano 2018 acabaremos o tren de alta velocidade á Meseta.

Señorías, ¿queremos traballar por unha Galicia aberta ao mundo? A resposta é que si. Hoxe, o 94 % dos galegos temos internet, cando chegamos ao Goberno case 800.000 galegos non tiñan nin acceso á rede. Queremos finalizar para que a maioría dos galegos teñan entre 30 e 100 megas de calidade en internet nas súas casas, nas súas empresas, nos seus polígonos industriais.

Señorías, ¿imos seguir co abastecemento e o saneamento da auga en Galicia? Si. Será a lexislatura do saneamento das rías galegas, a pesar da recesión e a pesar da crise económica.

Seguiremos cunha proposta en materia enerxética, cun Plan de biomasa de 450 millóns de euros, e temos que seguir facendo fincapé na xeotermia que temos instalada na comunidade autónoma.

Señorías, imos seguir traballando, e o Goberno ten a responsabilidade máxima de impulsar todos estes proxectos. É verdade, non imos delegar as capacidades e as responsabilidades que temos, sabemos que gobernar é indelegable. E por iso imos seguir gobernando, señorías; con vostedes moito mellor, sen vostedes será máis difícil. É verdade que levo acostumado a gobernar cinco anos de recesión económica con poucas axudas, non sei se con algunha, pero eu non penso que teñamos que acabar dous anos máis sen ningunha axuda da oposición.

Señorías, eu encontreime Galicia como estaba, e vostedes saben como deixaron Galicia no ano 2009 e como deixaron España en novembro do ano 2011. E por iso, señorías, penso que ben vale a pena intentalo.

Señor Méndez Romeu, non me diga que van poder considerar as nosas propostas, dígame que as van estudar positivamente, porque se aínda por riba me di que as vai poder considerar, creo que ese non é o talante dunha socialdemocracia europea, que agora parece que se quere instalar no seu partido. Aínda que vendo as manifestacións do ex ministro Virgilio Zapatero esta mañá non sei exactamente cal é o talante do Partido Socialista Obrero Español.

En todo caso, señor Méndez Romeu, señor Jorquera, señoras e señores portavoces, quero dicirlles que nós imos seguir traballando durante toda esta lexislatura para deixar Galicia mellor do que nos atopamos. Imos seguir traballando porque creo que é bo, e equivocárianse se non nos axudan neste reto. Temos tempo aínda para colaborar, señorías. Temos tempo aínda para propoñer, para facer achegas, para facer propostas concretas. Non se equivoquen unha vez máis, señorías, porque Galicia nin o espera nin o merece.

Grazas, señorías, por este debate do estado da Autonomía, grazas pola cordialidade de practicamente todos os portavoces.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Antes de suspender a sesión, recordar aos grupos parlamentarios que poden presentar as súas propostas, coas condicións que xa coñecen –ata o máximo de corenta–, antes das dez horas e trinta minutos de mañá.

Suspendemos a sesión ata os xoves ás once horas da mañá.

Moitas grazas e boa noite.

Suspéndese a sesión ás nove e cincuenta e dous minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
17.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
18.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
19.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
20.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
21.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
22.- García Pacín, Isabel	(PP)
23.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
24.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
25.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(AGE)
26.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
27.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
28.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
30.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
31.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
32.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
33.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
34.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
35.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
36.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
37.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
38.- Pardo López, Carmen	(PP)
39.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
40.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
41.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
42.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
43.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
44.- Pontón Mondélo, Ana Belén	(BNG)
45.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
46.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
47.- Prado del Río, Paula	(PP)
48.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
51.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
52.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
53.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
54.- Rodríguez González, Román	(PP)
55.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
56.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
57.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
58.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
61.- Sánchez García, Antón	(AGE)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
64.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25